

Arqueoloxía, Prehistoria e Historia nas terras de Monterrei, Ourense

*Avance de resultados dos traballos
de investigación, 2013-2022*



Monografías

Serie humanidades e
ciencias xurídico-sociais

Coordinadores

Martiño X. Vázquez Mato
Adolfo Fernández Fernández

Martiño X. Vázquez Mato



Martiño Xosé Vázquez Mato é Licenciado en Historia con especialización na área de coñecemento de Arqueoloxía, suficiencia investigadora acreditada mediante Diploma de Estudos Avanzados. Títulos ambos obtidos na Universidade de Vigo entre os anos 2002 e 2009. Na mesma Universidade de Vigo especialízase no ano 2013 dentro do programa formativo do Máster en Tecnoloxías para a Protección do Patrimonio Cultural. No Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) cursa entre os anos 2009 e 2016 ata seis Posgraos de alta especialización na aplicación de tecnoloxías para a catalogación, análise e conservación do Patrimonio. Dende o ano 2008 conta cunha dilatada experiencia docente na propia Universidade de Vigo nas materias de Arqueoloxía Clásica, Prehistoria e como profesor convidado do Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural. Como investigador do Grupo de Estudos de Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio da Universidade de Vigo ao que pertence publicou decenas de artigos científicos, así como varios libros de divulgación. Como profesional dende o ano 2012 e ata a data exerce como arqueólogo e consultor na Sociedade Cooperativa Galega Xeitura Xestión Integral do Patrimonio Cultural, empresa coa que ten dirixido máis dunha vintena de proxectos de inventariado, investigación e protección do Patrimonio Cultural, así como máis de medio cento de intervencións directas en xacementos arqueolóxicos.


Adolfo Fernández Fernández



Adolfo Fernández Fernández (Ourense 1979) é doutor en arqueoloxía pola Universidade de Vigo, especializándose en economía e comercio de época romana. Actualmente é investigador Ramón y Cajal na Facultade de Historia da UVigo onde exerce tamén como profesor de arqueoloxía. Anteriormente foi bolseiro predoutoral, bolseiro de posgraos da Fundación Pedro Barrié de la Maza no Centre Camille Jullian (CNRS, Aix en Provence), bolseiro posdoutoral da FCT na Universidade de Coímbra, investigador Marie Curie e investigador Distinguido. Ten participado en numerosos proxectos de investigación, algúns deles internacionais. Actualmente é IP de varios proxectos competitivos activos como: *SENTINELA*. Patrimonio cultural amenazado. Monitorización y evaluación del impacto de procesos erosivos sobre bienes histórico-arqueológicos del Parque Nacional de las Islas Atlánticas" ou *MO.RO.CO*. Economía e comercio na Mauritania Tingitana durante a Antigüidade. En Galicia é director do proxecto Armea (2011-2024), das escavacións nas illas de Ons e Sálvora e do proxecto de escavación e posta en valor do xacemento de Adro Vello (O Grove). Ten dirixido 2 teses doutorais e dirixe actualmente 6 mais, é autor de 150 publicacións científicas entre artigos, capítulos de libros e 7 monografías.

Servizo de Publicacións

Universidade de Vigo



Monografías

Serie humanidades e
ciencias xurídico-sociais

n.º 129

Edición

Universidade de Vigo
Servizo de Publicacións
Rúa de Leonardo da Vinci, s/n
36310 Vigo

Deseño gráfico

Tania Sueiro Graña
Área de Imaxe
Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais

Imaxe da portada

Punta de lanza. Muro de Búbal (Monterrei-Oímbra).
Foto: GEAAT. Universidade de Vigo.

Maquetación e impresión

Tórculo Comunicación Gráfica, S. A.

ISBN

978-84-1188-024-4

Depósito legal

VG 418-2024

© Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 2024
© Martiño X. Vázquez Mato e Adolfo Fernández Fernández

Sen o permiso escrito do Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, quedan prohibidas a reprodución ou a transmisión total e parcial deste libro a través de ningún procedemento electrónico ou mecánico, incluídos a fotocopia, a gravación magnética ou calquera almacenamento de información e sistema de recuperación.


Ao ser esta editorial membro da **une**, garántense a difusión e a comercialización das súas publicacións no ámbito nacional e internacional.


Servizo de Publicacións

Universidade de Vigo



HR EXCELLENCE IN RESEARCH





Este volume publícase
co financiamento da



**XUNTA
DE GALICIA**

Arqueoloxía, Prehistoria e Historia nas terras de Monterrei, Ourense


*Avance de resultados dos traballos
de investigación, 2013-2022*

Coordinadores

Martiño X. Vázquez Mato
Adolfo Fernández Fernández

Índice

00	Limiar José Luís Suárez Martínez	09
00	Presentación Unha década de intervencións arqueolóxicas na comarca de Monterrei Adolfo Fernández Fernández Martiño Xosé Vázquez Mato	11
01	Unha análise comparativa dos castros de Cualedro: A Cidá de Saceda e A Cidá de San Millao Martiño Xosé Vázquez Mato	15
02	Muro de Búbal (Monterrei - Oimbra, Ourense): hipóteses e interpretación dun recinto amurallado baleiro Patricia Valle Abad Adolfo Fernández Fernández Alba Antía Rodríguez Nóvoa Nerea Ruanova Álvarez Iria Veloso Pérez	53
03	Novos datos sobre o Verín romano a partires da arqueoloxía urbana Eduardo Breogán Nieto Muñiz	81
04	A terra de Baroncelli, o conde Odoario e a "repoboación" do alto Val do Támega na alta Idade Media, ss. IX ao XI Nieves Amado Rolán	97
05	Castelos máis aló de Monterrei: o xacemento arqueolóxico de Lobarzán Víctor Rodríguez Muñiz	115
06	A necrópole medieval de San Salvador das Rozas (Medeiros, Monterrei) Patricia Valle Abad Fermín Pérez Losada	135
00	Referencias Bibliográficas	159



Limiar

José Luís Suárez Martínez

9

Presidente da Mancomunidade de municipios da Comarca de Monterrei

A invitación de **Adolfo Fernández**, (Profesor de Arqueoloxía da Universidade de Vigo) e de **Martiño X. Vázquez** Mato, (arqueólogo e investigador), concédeme o privilexio de escribir o limiar da monografía coral que baixo o título de ***"Arqueoloxía, Prehistoria e Historia nas terras de Monterrei (Ourense). Avance de resultados dos traballos de investigación 2013-2022"*** ten o lector nas súas máns.

Adolfo Fernández, desde o ámbito académico da Facultade de Historia da Universidade de Vigo; e Martiño Vázquez, nas distintas excavacións arqueolóxicas, comparten a paixón común de desenterrar a nosa historia remota, preservala e difundila.

A relación con **Adolfo**, consolidada naquelas Xornadas de Prehistoria, Arqueoloxía e Historia en setembro de 2021, demostra que a colaboración entre os concellos e o mundo académico, cun enfoque práctico, pode ter un efecto positivo na divulgación da investigación histórica, máis aló do silencio dos departamentos universitarios.

Achegar o resultado das investigacións arqueolóxicas aos actuais moradores deses lugares que hai séculos pisaron os seus antergos, facendo ver a conexión entre o pasado remoto e o momento actual, é un mérito no haber do profesor Adolfo Fernández.

Falar de **Martiño**, é facelo de quen dirixiu moitos proxectos arqueolóxicos ao longo dos anos no territorio desta comarca de Monterrei. Có tempo, pasamos de contemplar con extraneza os seus primeiros traballos, a velo como o home que dirixe as excavacións, que despertou en nós o interese polo noso patrimonio arqueolóxico e que transmite dun xeito didáctico o seu traballo.

Así pois, non tiña outra que aceptar o encargo de escribir o breve limiar deste gran traballo colectivo.

Quen colla nas súas mans este libro, sexa estudoso da arqueoloxía, aficionado á Historia ou simplemente teña curiosidade, atoparase de fronte coa historia da comarca de Monterrei e có increíble patrimonio arqueolóxico que nos rodea nestas terras.

- 10 Ao longo da última década en varios concellos da comarca, desenvolveuse unha intensa actividade de investigación arqueolóxica e histórica. Moitos foron os lugares nos que os investigadores traballaron: **o Castro da Saceda, o de San Millao, o Muro do Búbal, Lobarzán, Medeiros...** e estas páxinas os trasladarán ao público, xunto coa historia doutros lugares como **Verín, Vilar ou Mixós.**

Vivimos nun territorio no que cando se arrinca unha vella árbore nunca sabes o que pode saír enredado entre as súas raíces; e no que entre as pedras dun vello muro, non é extraordinario atopar unha pedra labrada.

Os topónimos de moitos lugares por toda a comarca falan do noso remoto pasado. De castros, de telleiras, de covas.... De moitos lugares en fin, como os que os autores dos traballos recollidos neste libro fan saír de novo á luz tras longos séculos de silencio e os achegan a todos nós.

Confío en que o lector comparta o asombro có que os nenos do pobo de **Medeiros** miraban os sartegos da necrópole medieval de San Salvador, xusto ao lado das súas casas. Así é o territorio da nosa comarca de **Monterrei.**

Monterrei, febreiro do 2024

Presentación

Unha década de intervencións arqueolóxicas na comarca de Monterrei

11

Adolfo Fernández Fernández | Martiño X. Vázquez Mato

Esta publicación xorde ao abeiro das Xornadas de Prehistoria, Arqueoloxía e Historia nas Terras de Monterrei, celebradas entre o 23 e o 25 de setembro de 2021. Ao igual que naquel encontro, as primeiras palabras desta monografía queren servir de recoñecemento ao magnífico traballo do Profesor Antonio Rodríguez Colmenero como responsable da catalogación e estudo de centos de xacementos e restos arqueolóxicos, con especial atención nestas terras tamaganas. Pegadas materiais dun tempo pasado que foi quen de ler entre pedras milenarias. Inscricións e relatos agochados á vista de calquera que só el foi quen de verbalizar e poñer na voz dos autores clásicos.

Toda unha xeración de historiadores, epigrafistas e arqueólogos medramos citando nos nosos traballos universitarios e de investigación a un veciño de Lucenza xunto a investigadores ingleses, italianos e doutras partes de Europa. Cada novo proxecto, cada nova escavación arqueolóxica ou cada nova aproximación histórica partía sempre da revisión dos traballos do home nado aos pés do colosal deus Larouco, ese que só el é quen de escoitar e traducir.

Cando a inxenua inocencia dos principiantes investigadores apuntaban algunha nova hipótese, esta xa fora albiscada hai décadas por Colmenero. Porén, este non impedía que as investigacións agromaran como a mesta carballeira non impide o crecemento de vexetación no seu sotobosque.

Esa semente foi plantada na comarca xa dende as terras altas dos castros da Saceda ou San Millao, a chaira romana de Santa Marta ata alcanzar a terras portuguesas seguindo o curso do Támega. Paso a paso, de sur a norte atravesando Ourense guiado por un mapa de camiños históricos que só el é quen de ler, Antonio Rodríguez Colmenero construíu levadas para eses muiños da memoria. Centos de muiños chegan agora, e de seguro moitos deles serán os mellores na súa moenda, pero todos estarán eternamente en débeda pola auga que impulsa o mecanismo.



Fig. 1. Apertura das Xornadas onde se recoñeceu o labor do profesor Colmenero. De esquerda a dereita: José Luis Suárez (alcalde de Monterrei e presidente da Mancomunidade de Monterrei); Ana Villarino (alcaldesa de Oimbra); Susana Reboreda Morillo (Decana da Facultade de Historia da UVigo); Antonio Rodríguez Colmenero (Catedrático da USC); e Luciano Rivero (alcalde de Cualedro).

A semente que Colmenero deixou nestas terras e que outros como X. Taboada Chivite ou o propio F. López Cuevillas tamén sementaron fixo que a comarca de Monterrei sexa nos últimos anos un dos focos principais das actividades arqueolóxicas na provincia de Ourense. A interese dos concellos de Monterrei polo seu patrimonio arqueolóxico é facilmente mesurable se botamos unha simple ollada ás cifras de proxectos arqueolóxicos desenvolvidos nos últimos anos dando así continuidade os traballos dos pioneiros no século XX. Este libro aglutina unha boa parte da investigación arqueohistórica levada a cabo na comarca de Monterrei durante a última década. Datos novidosos e inéditos dende a Prehistoria recente ata a Baixa Idade Media. Sen embargo, traballos importantes, especialmente no ámbito da prehistoria, non puideron incorporarse a este volume, unhas veces por imposibilidade dos responsables dos proxectos e outras porque declinaron participar. Porén, sería imposible compilar toda unha labourea arqueolóxica de 10 anos nun só libro polo que estes traballos poderán ser recollidos en futuras obras que completen a que hoxe publicamos.

Este libro acabou por dividirse en seis capítulos que abarcan un período amplo do pasado da comarca. Arrinca o libro na Prehistoria Recente, no val do Búbalo, xerme dos Búbalos, un dos pobos que habitaron estas terras durante o primeiro milenio a.C. O **Capítulo 1** fai un profundo repaso polos datos de dous dos máis importantes

castros da contorna, o da Saceda e o de San Millao, ámbolos no concello de Cualedro. Neste traballo, os datos antigos, obtidos en escavacións no século pasado, xúntanse cos datos recuperados en escavacións recentes promovidas polo concello de Cualedro en ámbolos xacementos e executadas por Xeitura Coop. O investigador Martiño X. Vázquez Mato, director das derradeiras campañas na Saceda e San Millao, contextualiza os resultados obtidos en relación a un territorio máis amplo, onde tamén se enmarca o protagonista do segundo capítulo do libro, o Muro de Búbal.

Este xacemento (concellos de Monterrei-Oimbra) preséntase no **Capítulo 2** de xeito inédito neste libro xa que non fora publicado con anterioridade, sendo só coñecido por numerosas novas en prensa. O equipo de arqueoloxía da UVigo (Patricia Valle et al.) debulla os datos obtidos na primeira campaña de escavación e de conservación preventiva no Muro de Búbal levada a cabo a finais do 2019, derivada da destrución de parte da súa muralla perimetral durante uns traballos de repoboación. Os autores aportan unha visión novidosa sobre un recinto amurallado baleiro que consideran como o *forum bibalorum*, o lugar comunitario deste pobo prerromano. Esta hipótese rupturista abre unha nova liña de investigación que deberá ser continuada nos vindeiros anos.

O **Capítulo 3**, de Eduardo Breogán Nieto Muñiz (Breogán Arqueoloxía), achéganos ata o Verín romano. Este traballo vai máis aló dos estudos precedentes de J. Naveiro e F. Pérez Losada, grazas ós resultados obtidos a partires de numerosas intervencións de arqueoloxía de urxencia. Os restos dispersos por innumerables solares da vila van abrindo pequenas fiestras que nos mostran o pasado romano de Verín e debuxan o seu trazado e función. Os resultados mostran unha visión novidosa do "aglomerado secundario" o que redunda nun mellor coñecemento.

O pasado Alto Medieval da comarca é analizado por Nieves Amado desde as fontes escritas e desde os datos arqueolóxicos no **Capítulo 4**. A autora, desde o seu profundo coñecemento da *terra de Baroncelli* aborda un tema pouco tratado e menos coñecido. Grazas a un sistemático anallise das fontes e dos datos é capaz de presentarnos unha terra rica en vestixios arqueolóxicos que serve de esbozo dunha época a camiño entre os romanos e a plena Idade Media.

Neste período histórico, a alta idade media, aínda que con pasado prehistorico, tamén arrinca Lobarzán, ó que se consagra o **Capítulo 5**. Obxecto dun proxecto de investigación levado desde a UVigo, Lobarzán é un dos xacementos máis coñecidos dos últimos anos na comarca. O director dos traballos de escavación, Víctor Rodríguez Muñiz preséntanos unha traballo que recolle os resultados das intervencións arqueolóxicas imbricados cos datos das fontes históricas. Consegue fiar unha historia para o xacemento ata que o castelo de Lobarzán é destruído, como moitos outros da contorna, durante o século XV.

Na baixa Idade Media e nos albores da época Moderna remata o percorrido polo pasado de monterrei, agora nun senlleiro xacemento arqueolóxico ourensán, a necrópole de San Salvador das Rozas, Medeiros (**Capítulo 6**). A capela de San Salvador alberga no seu recinto un dos conxuntos máis numerosos de laudas e sartegos pétreos recuperados en Galicia. O proxecto incluíu traballos de limpeza, rexistro e protección dos restos funerarios ademais da realización dunha pequena intervención arqueolóxica que aportou novos datos sobre o conxunto funerario Baixo Medieval.

O longo desta obra colectiva o lector/a darase conta rapidamente que a investigación histórica e arqueolóxica é a única maneira de romper co silencio do pasado. Os xacementos arqueolóxicos que aparecen neste traballo como A Saceda, San Millao, Muro de Búbal, Medeiros, Lobarzán, Mixós, Verín e moitos outros cobran agora vida funcionando como transmisores do pasado da comarca grazas á investigacións que os rescatan do seu ostracismo histórico. O discurso xerado a partir de investigacións rigorosas do pasado enriquece á sociedade obxecto de estudo. A semente que outros plantaron segue aínda hoxe xerminado en Monterrei.

Capítulo 01

Unha análise comparativa dos castros de Cualedro: A Cidá de Saceda e A Cidá de San Millao

15

Martíño Xosé Vázquez Mato

GEAAT Uvigo, Xeitura ScoopGal / martinxvm@uvigo.es

1 Introducción

A *Cidá* de Saceda e A *Cidá* de San Millao foron catalogados dentro da mesma tipoloxía de castro, unha xenérica definición empregada para referirse a un tipo de hábitat concreto caracterizado por un poboamento fortificado en altura e cronoloxicamente contextualizado no primeiro milenio antes da nosa era (Cuevillas, 1989). Malia a todo, como veremos a continuación, unha análise comparativa evidencia que existen claras diferencias entre ambos tanto na súa cultura material como na escolla do propio emprazamento para erixir o poboado.

Empregando estas dúas variables procuraremos achegarnos á cronoloxía e modos de vida en ambos casos. A cultura material primeiro permitirá aportar cronoloxías relativas coas que, xunto coas datacións absolutas dispoñibles, contextualizar o ámbito de estudo. O medio físico despois, e a súa relación co mesmo, permitirá albiscar outro tipo de dinámicas de produción, actividades económicas principais, o grao de centralidade política ou cultural, etc. Diverxencias polas que a día de hoxe sería máis apropiado falar do “fenómeno castrexo” ou de “culturas ou sociedades castrexas” máis que dunha cultura dos castros en singular (Carballo & Fábregas, 2006; Ruibal, 2007-2008).

2 A *Cidá* de Saceda

O castro de A *Cidá* de Saceda, máis recoñecido na literatura científica como castro de A Saceda (Vázquez Mato, 2015; 2021), emprázase nun outeiro a 798 metros sobre o nivel do mar, na cabeceira do Río Pichos ou *dos Pichos*, termo co que tamén é coñecido no lugar asociando o curso de auga á existencia de numerosas olas de cerámica.




Fig. 1. Localización dos castros de Cualedro (A Cidá de Saceda e A Cidá de San Millao) no marco do noroeste da Península Ibérica.

O poboado emerxe aos pés da Serra do Larouco, un accidente xeográfico que oculta a existencia do xacemento arqueolóxico na longa distancia. Se ben na contorna inmediata ao castro a dorsal granítica sobre a que se asenta érguese claramente sobre a altitude media dos arredores, na media e longa distancia os Montes da Moura (808m.) e A Carqueixeira (867m.) ao leste, O Picoto (904m.) e a A Pena Maior (913m.) ao norte, ou a propia Serra do Larouco ao oeste (A Igrexa dos Mouros-1026m.), condicionan unha perda evidente de altitude relativa. Unha característica esta última que concentra tanto a súa potencial prominencia como a súa visibilidade cara o medio-día. Esta condición é observable tamén na morfoloxía da súa esfera visual, describindo un dominio circular uniforme na distancia inmediata, cara os vales de Lucenza

e Santa Marta ao norleste e Saceda e A Pedrosa ao suroeste, pero concentrado ao surlleste e formalmente en abano nos radios superiores.




Fig. 2. Análise espacial realizada en base GIS do Castro de A Cidá de Saceda.

A elección do castro de *A Cidá* de Saceda como obxecto de estudo arqueolóxico non foi casual. Para os seus primeiros investigadores (Rodríguez Colmenero, 1983; Carreño & Rodríguez Colmenero, 1984; Carreño, 1985; 1986; 1991) tanto a integración na paisaxe do xacemento como a natureza dos achados que afloraban en superficie

apuntaban a que se trataba dun *oppidum* excepcional e paradigmático “*das esencias máis xenuínas da Cultura Castrexa*”.

- 18 Será a hipótese inicial da non romanización do xacemento a que impulse as primeiras campañas de escavación sistemática no inverno de 1982 e veráns de 1983 e 1984, primeiro baixo a dirección en solitario de Antonio Rodríguez Colmenero e despois a modo de co-dirección con Covadonga Carreño Gascón.

“(...) Se trataba, por lo tanto, de correlacionar el posible nexo entre el hábitat de altura (castreño) y el hábitat de planicie, fundamentalmente romano, y descubrir en qué medida el primero se había desdoblado en el segundo, si es que este desdoblamiento se había producido efectivamente.

A primera vista, los débiles elementos de impronta romana observados en el castro hacían suponer una respuesta positiva. Faltaba la correspondiente comprobación, y esto solamente podía venir de una excavación metódica, científica y paralela del castro de Saceda y de la cercana villa de Santa Marta. (...)” (Rodríguez Colmenero, 1983: 3).

As intervencións arqueolóxicas dirixidas por Antonio Rodríguez Colmenero ata 1984 centráronse esencialmente en dous sectores denominados por eles como:

- SECTOR A: recinto superior ou acrópole, onde descubrirían unha importante área do seu cuadrante NO.
- SECTOR B: entrada máis setentrional do xacemento ou Porta Norte.

A carencia dunha cartografía de detalle ata a anualidade de 1985 volvería como imprescindible a creación dun punto base en cada sector sobre o que lanzar un sistema de coordenadas (X-Y-Z). Condición necesaria para poder abordar con éxito a mecánica de escavación arqueolóxica segundo os postulados da corrente “*wheeleriana*” imperante daquela. Estableceuse así unha malla de cadros (unidades de rexistro) de 64 m² (8x8), todos eles orientados cara o norte e numerados correlativamente. Cada cadro era finalmente dividido en catro partes iguais de 16 m² (4x4) etiquetados baixo o correspondente cuadrante e denominador textual A, B, C e/ou D. Procurábase así complementar a importante lectura estratigráfica vertical cunha perspectiva horizontal de análise moito máis ampla (Rodríguez Colmenero, 1983).

Dende o ano 1985, e ata a derradeira campaña de escavación nesta década no ano 1988, a dirección das intervencións pasa en solitario ás mans de C. Carreño Gascón (1985; 1986; 1991), quen vai completar a visión de conxunto do xacemento centrandoo as intervencións arqueolóxicas esencialmente no sector SO do recinto medio e a muralla asociada a este.



Fig. 3. Campañas de escavación arqueolóxica no castro de A Cidá de Saceda 1982-1988.

A escavación propiamente arqueolóxica realizábase mediante a retirada de estratos. Estes, unha vez limpos, serían fotografados e debuxados a escala 1/20. Sobre este plano marcábanse as correspondentes cotas e anotacións complementarias ás descritas nos diarios de campo. Só cando esgótanse todos os estratos, chegando ao propio substrato, son debuxados igualmente os perfís estratigráficos completos.

As estruturas exhumadas, tanto construcións como ámbitos pechados susceptibles de selo, eran denominadas recintos. Estes eran descritos e numerados igualmente de modo correlativo.

Outro tipo de achados (cerámica, metal, pedra, madeira, ósos, etc.) eran siglados facendo constar neles o nome do xacemento, a campaña, o número de cadro, o cuadrante, estrato e número de orde. Por exemplo SA84/4b3/165 significaría que o obxecto así siglado tería sido recuperado no castro de A Cidá de Saceda na campaña 1984, no cadro 4, cuadrante b, estrato 3 e número de orde de siglado 165 (existindo cando menos 164 individuos anteriores).

2.1 Horizonte cronolóxico a partir da cultura material do castro de A Cidá de Saceda (1982-1988)

O material arqueolóxico moble e inmoble recuperado nas seis campañas de escavación dirixidas polos arqueólogos Antonio Rodríguez Colmenero e Covadonga Carreño

20

Gascón (*vid supra*) reducen case en exclusiva o abano temporal dunha posible ocupación do lugar á 2ª Idade do Ferro. Agás uns poucos fragmentos que recordan ás formas e características técnicas dun Ferro Antigo, a análise formal dos máis de tres mil fragmentos cerámicos que tivemos oportunidade de estudar no Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense encaixan no abano temporal que vai dende o s. II a.C. ao s. I d.C.

- **Os obxectos metálicos.** Recuperáronse abundantes obxectos de ferro e bronce, representando estes o 95% dos materiais empregados. Ese outro 5% estaría conformado por aqueles elementos realizados en cobre, ouro, prata e incluso chumbo (Vázquez Mato, 2017).

Varios autores teñen destacado que este grande número de artefactos metálicos, en especial aqueles realizados en ferro (46% do total), apuntaría novamente a unha ocupación tardía do poboado como acontece noutros recintos fortificados próximos ao cambio de era (Ruibal, 2005: 276). Esta hipótese vese reforzada pola análise tipolóxica daqueles obxectos metálicos que poden aportar cronoloxías como os alfinetes de bronce ou as fíbulas en omega e de tipo trasmontano enmarcadas nunha avanzada 2ª Idade do Ferro (Babarro, 2017). Só a coñecida como *Punta Palmela*, recuperada en posición secundaria na Porta Norte, presenta cronoloxías anteriores (2000 a.C.).




Fig. 4. Materiais metálicos con cronoloxías recuperados no castro de A Cidá de Saceda. (Inclúese unha das dúas fíbulas de Tipo Trasmontano recuperada por nós na anualidade de 2015).

Entre os artefactos metálicos realizados en ferro que foron recuperados destacan os coñecidos como mazos de canteiro, machados, espadas curtas afalcatadas, instrumentos de construción, etc., tamén aqueles outros realizados en bronce como adornos, agullas para o cabelo, fíbulas, broches e incluso un torque. Elementos que apuntan a existencia dun grupo social diferenciado propio dun momento avanzado da 2ª Idade do Ferro.

Malia a esta grande cantidade de obxectos descoñécese polo momento a existencia de infraestruturas especializadas para a fundición e tratamento dos metais, aínda cando contamos con restos que revelan a clara existencia da actividade de ferreiros e ourives como un fío de ouro, lingotes de prata e chumbo ou as propias tenaces metalúxicas. Estas foron recuperadas, segundo as memorias de intervención de C. Carreño (1985), á esquerda da porta do recinto superior e baixo un grande cachote granítico no recheo da muralla. A súa localización *in situ* xunto con dous coitelos afalcatados, unha maza e un pico convidaron aos seus escavadores a aventurar que estamos perante un depósito intencionado, probablemente ritual.



Fig. 5. Tenaces de ferreiro recuperadas no Castro da Saceda. (Fonte: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense).

- **Numismas.** Recuperáronse tres denarios de prata que permiten datar o material presente nos mesmos contextos entre o 80 a.C. e o 37 d.C. Dous foron localizados no recinto superior e o máis recente (Tiberio) nas escavacións ar-

queolóxicas da porta de acceso ao recinto inferior, a denominada como Porta Norte ou Sector B (*vid supra*).

22

O denario máis antigo foi localizado no cadro 26, no extremo suroeste do recinto superior, na transición do horizonte de carbonización (Est.3 ou N3) que foi datado mediante o emprego dun método de datación radiométrica (C-14) sobre unha pequena mostra de carbón vexetal. A data de radiocarbono foi calibrada utilizando o programa OxCal versión 3.10 e a curva de calibración IntCal09 (0-50,000 years cal BP) Radiocarbon vol. 51, nº4 (2009). O resultado (170 cal BC – 30 cal AD), combinado coa presenza do denario, permite confirmar un importante nivel de ocupación nun momento avanzado da 2ª Idade do Ferro, entre os séculos II a.C. e I d.C.

Das tres numismas descubertas até o momento no Castro da Saceda, as dúas máis antigas presentan restos de rozadura e incluso de corte para comprobar a pureza da prata. Así é que malia a ser acuñadas con numerosas dentadas no perímetro exterior da peza, ao estilo dos denominados *serrati* e/ou *bigati* como os denominaba Tácito (Carreño & Rodríguez Colmenero, 1984), ambas foron alteradas para descubrir a alma da moeda. Nun caso practicándoselle un corte vertical a modo de lascado no reverso e noutro cun corte de fractura de forma *sesgada* mediante un instrumento cortante ben afiado.



Fig. 6. Numismas e cronoloxías asociadas recuperadas no castro de A Cidá de Saceda. (Fonte: a partir de A. Reboreda).

- **Ósos.** Os poucos restos óseos que tivemos oportunidade de analizar datan da campaña de escavación do ano 1984 baixo as seguintes siglas: SA 84 4 d 3, SA 84 7 a 2 Pasillo sobre carbonización, SA 84 Cd 7 Rto 8/4 (1), SA 84 Cd7 Rto 8/4-Hueso, SA 84 Cd7 Rto 8/4 (2), SA 84 Cd 7c 4 Hueso, SA 84 Cd7-Rto 8/4 Hueso, SA 84 Rct 8-Nivel 4. O conxunto, de clara morfoloxía animal segundo os estudos do antropólogo forense Fernando Serrulla Rech, puido estar sometido a acción prolongada do lume a unha temperatura mínima de 500°C alo menos durante unha hora. Esta característica podería estar apuntando datos sobre a dieta dos habitantes de *A Cidá* de Saceda, sendo que incluso foi identificado un fragmento costal dun cérvido tipo corzo e evidencias do emprego de instrumentos cortantes nos propios restos óseos.



Fig. 7. Fragmento de posible borde escapular calcinado non humano con signos de corte recuperado na campaña de 1984 no castro de *A Cidá* de Saceda. (Fonte: Dr. Fernando Serrulla Rech).

- **Cerámica.** A colaboración co Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense permitiría analizar os miles fragmentos cerámicos recuperados nas campañas de escavación dos anos 1982-1983, 1984, 1985, 1986 e 1988.

Partimos dunha mostra que rolda as tres mil entradas. Un volume total moi reducido se consideramos a ampla extensión de superficie escavada nestas anualidades,

24

sendo unha porcentaxe moi inferior por exemplo ás apuntadas por Rodríguez Nóvoa (2020) para castros da cunca do Miño como a *Cibdá* de Armea, *Laías* ou *San Cibrán de Lás*, entre outros. A existencia dun elevado número de pezas con lañados –en ferro ou bronce– que indican unha reciclaxe das mesmas pezas ao longo do tempo, non viría máis que a reafirmar esta tendencia.




Fig. 8. Análise porcentual da cerámica de A Cidá do Castro de Saceda.

A cerámica de A Cidá de Saceda aparece repartida de forma moi desigual entre unha inmensa maioría de corpos informes (case o 50% do total) fronte unha residual mostra de asas (0.5%), por exemplo. A identificación formal dos individuos orixinais dos que forman parte resulta complicada, cando non imposible na maioría dos casos (71% do total). Só é posible identificar a figura orixinal para o 29% da mostra, na que a forma maioritaria é pechada (98.2 %), repartíndose do seguinte modo:

- **Olas de bordo arestado ou multiarestado**, que supoñen a maior porcentaxe da mostra identificada (16%) e aparecen por igual en todas as zonas do xacemento. Algúns autores apuntan a unha relación directa entre estas formas e o uso do torno lento (Ruibal, 2005: 275).
- **Olas con diferentes tipoloxías de colo (truncocónico, estrangulado...) e bordo (exvasado, engrosado, en viseira...)**, que supoñen unha mostra inferior (12%) e aparecen tamén espalladas por todo o xacemento.

Ao marxe de figuras pechadas ou abertas, entre o 1% restante de formas identificadas, foron localizadas:

- **15 fragmentos de bordo e corpos de cuncas ou pratos**. O 87% destes recuperados nas campañas de 1982 e 1983 na contorna da Porta Norte. Moitas delas con marcas de torneado que apuntan a un momento moi avanzado da 2ª Idade do Ferro ou xa no primeiro século da nosa era.




Fig. 9. Fragmentos de bordo e corpo de cuncas e pratos localizados na campaña de 1982.

- **5 fragmentos de vasos piriformes moi ben torneados**, dous deles con decoración a base de molduras carenadas na flexión do corpo e, agás un individuo, os cinco rematados cun traballado bruñido final. Todos eles recuperados tamén na campaña de 1982 na mesma contorna da Porta Norte. Feitos con pastas de tonalidade moi gris, correspondente incluso co denominado Grupo 4 de Alcorta Irastorza. Razón pola que estaríamos de novo fronte un conxunto cronoloxicamente enmarcado nun horizonte moi avanzado da 2ª Idade do Ferro ou século I d.C., Fases III – IV (Fernández, 2008).



Fig. 10. Fragmento de vaso piriforme carenado decorado con dúas acanaladuras horizontais na flexión do colo (esquerda) xunto co contexto material no que aparece localizado na campaña de 1982 (dereita).

- **8 fragmentos dos senlleiros potes de orellas perforadas** propios da zona bracarense durante a Fase III (Ruibal, 2007-2008: 288-289; Fernández, 2008: 113). Estes localizados de forma máis dispersa polo xacemento nas sucesivas campañas de escavación (1982: 1, 1983: 3, 1984: 0, 1985:2, 1986: 1 e 1988:1).




Fig. 11. Fragmentos de bordo e arranque de corpo de dous exemplos de pots de orellas perforadas localizados nas anualidades de 1982 e 1986.

- **1 fragmento representativo das denominadas fontes de asas interiores**, tamén propias da área bracarense na Fase III, aínda que sexan recoñecidas noutras obras como *Tipo Miño* (Fernández, 2008: 112).




Fig. 12. Fragmentos de bordo e arranque de corpo da fonte de asas interiores localizados no Castro da Saceda na campaña de 1986.

- **1 fragmento de bordo dunha posible xerra de pequeno tamaño**, localizada na campaña de 1985 na zona norte do recinto intermedio (UR28c UE2). Hipótese formal derivada da reducida dimensión do seu diámetro de boca (5 cm.).

Malia a ser un repertorio cerámico moi simple, de clara preferencia funcional fronte ao ornamental como apunta o alto número de pezas pechadas para almacenamento ou con restos de feluxe, a práctica totalidade das mesmas presentan ao tempo un acabado mediante alisados. Incluso algunha que outra excepción é rematada mediante un moderado bruñido que apuntan a unha importancia relativa da cerámica na cultura material da Saceda.

A tendencia funcional obsérvase tamén no reducido número de pezas decoradas, que non representan nin un 8% do total. A simplicidade destas foi vista por algúns autores como Ruibal (2005: 275) en concordancia tamén cun momento avanzado da Idade do Ferro (II-I a.C.) cun empobrecemento formal e unha notable estandarización das producións. Así a todo o propio autor describe a existencia de impresións realizadas con peite de forma repetitiva conformando cenefas no ombreiro das pezas.

O elemento maioritario para rachar coa sobriedade das pezas é o uso de molduras a modo de carena, un recurso herdeiro da tradición da Idade do Bronce. Entendida esta carena como un cambio brusco na dirección da curva do perfil, modificada mediante un ángulo de inflexión que condiciona a forma das mesmas. Estas aparecen resaltadas a modo de cordón aplicado en solitario ou formando composicións varias a modo de estrías.

A decoración cerámica máis enigmática a representa un fragmento de bordo exvasado e outro multiarestado de dúas olas (Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense: ref. CE005238/11 e CE005238/17) nas que aparecen pintadas na flexión do colo franxas de tonalidade escura. Este recurso decorativo é practicamente descoñecido para o mundo galaico, o que motiva a adscrición deste a un aporte de orixe ibérico ou incluso púnico (*Ibid.* 276).

Outros elementos cerámicos

- Fusaíolas e fichas

Foron recuperadas até 31 fusaíolas, maioritariamente de perforación cilíndrica e circular. A maioría (17 ud.) cerámicas, o resto líticas con preferencia por xistos pero tamén teñen presenza as granitoides. O seu reparto é homoxéneo por toda a área escavada sen localizase ningunha zona cunha densidade fóra da media que puidera apuntar espazos especializados.

Repartidas igualmente de xeito aleatorio apareceron 16 fragmentos de cerámica con formas que poderían enmarcarse dentro da tipoloxía de fichas. Entre estas destaca a localización no ano 1982, na contorna da porta máis setentrional do conxunto, dunha tegula reciclada en forma de tapón.

- **Tegula**

Entre 1982 e 1988 foron recuperadas (ademais da apuntada no apartado anterior) até 7 fragmentos de tégula concentradas en dous puntos concretos do poboado: na porta máis setentrional de acceso ao primeiro recinto e na contorna da rúa que articula o asentamento no sector meridional do recinto intermedio. En tres casos claramente recicladas cunha nova funcionalidade, nun caso como tapón, noutra como eventual bola de xogos ou unidade de medida e outra como pesa.

- **Arxila cocida**

Recolléronse máis de medio cento de fragmentos de arxila cocida, maioritariamente nos niveis máis antigos en contacto co horizonte de carbonización da croa ou recinto superior, pero tamén no sector setentrional do recinto intermedio. Estes presentan sempre unha cara alisada e outra con negativos de variñas, probablemente relacionadas con recibos de construcións en materiais perecedoiros. Mensurados os diámetros destas a media é de 1 cm. aproximadamente.

Á marxe dos elementos de base cerámica anteriores destaca tamén a localización na campaña de 1983, na porta setentrional do xacemento, dun fragmento do que semella ser a parede dun forno cerámico. De similar tipoloxía aos localizados no Castromao, realizado mediante a técnica do modelado por churros sendo claramente visibles as dúas caras (cóncava e convexa). O fragmento está incompleto, conservando só unha das dúas paredes. As pastas son de tonalidade ocre grisácea moi groseira nas que son perceptibles tamén restos de carbonización probablemente relacionadas coa propia actividade da peza.

- **Líticos.** Tanto as escavacións arqueolóxicas realizadas entre o ano 1982 e 1984, dirixidas por Rodríguez Colmenero, como as executadas entre 1985 e 1988, por Carreño Gascón, puxeron ao descuberto a importancia da industria lítica. Sendo así que se recuperaron incontables muíños (circulares e naviformes), perforadores, mazos, pulidores, raedeiras, buriles, pesas, afiadoiras, machados, etc. Na súa maioría foron elaborados sobre unha base xistosa aínda que tamén de caliza, cantos de río, granitoides, cuarzos e cuarcitas. Destaca de entre todas unha punta de frecha de sílex localizada na campaña de 1984.

- **Pasta vítrea.** O conxunto de doas de pasta vítrea achado nas escavacións arqueolóxicas é, sen dúbida, un dos grupos que mellor representa a existencia dunha diferenciación social entre os seus habitantes, localizándose adornos persoais que serían de limitado acceso para a maioría da poboación. Entre outras pezas como as vistas arriba e definidas como agullas do pelo de bronce, destacan 3 unidades das características doas oculadas ou de ollos estratificados. A estas súmanse outras 7 unidades de variada tipoloxía.

- Contas oculadas ou de ollos estratificados

Trátase de contas de colar, todas de forma circular, con sección oval e cunha perforación central lonxitudinal. A tonalidade da pasta é de cor turquesa e presentase decorada con "ollos" de cor azul prusia e branco.

A única peza completa recuperada no xacemento luce até sete destes ollos, razón pola que de novo son enmarcadas nun contexto avanzado de comercio púnico durante a 2ª Idade do Ferro (Ruibal, 2006). Esta adscripción vén motivada a que malia a existir doas semellantes na Primeira Idade do Ferro, procedentes tamén do comercio co Mediterráneo, estas presentan uns óculos de maior tamaño e menos numerosos.

A orixe destas contas de ollos estratificados do castro de *A Cidá* de Saceda podería remontarse por tanto como moi atrás até o século IV a.C. aproximadamente, estando vixente o seu uso ata unha época tardía como apuntan modelos semellantes encontrados en castros da provincia de Ourense como Santomé ou San Cibrán de Lás, ou en xacementos claramente romanos como o campamento militar de *Aquis Querquennis* en Bande.

As doas foron localizadas espalladas de forma homoxénea polo poboado. Unha na porta setentrional de acceso ao primeiro recinto, outra no sector norte do recinto intermedio e outra na croa ou recinto superior.



Fig. 13. Doa oculada ou de ollos estratificados localizada na campaña de 1983 na porta setentrional de acceso ao primeiro recinto ou Porta Norte. É de destacar, sobre a superficie, leves reflexos metálicos de coloración amarelada. (Fonte: MAPOu)

- **Outras contas de colar**

Á marxe das anteriormente descritas localizáronse outras contas de colar, repartidas entre o sector setentrional do recinto intermedio e a croa:

- **Doa circular realizada en pasta vítrea de cor ocre e sección trapezoidal** con claros paralelos en castros da provincia de Ourense como Castromao e San Cibrán de Lás. 31
- **Doa de sección troncopiramidal dobre**, con perforación circular, de cor transparente.
- **Conxunto de catro doas de grande perforación central**, dúas delas de cor azul escuro e transparentes, e outras dúas de cor dourado e opacos.
- **Doa de pasta vítrea**, de cor azul e semitransparente.



Fig. 14. Conxunto de doas de grande perforación central, dúas delas de cor azul escuro e transparentes, e outra de cor dourado e opaco localizadas na contorna da coñecida como cabana do anel do sector setentrional do recinto intermedio do castro de A Cidá de Saceda. (Fonte: MAPOu).

3 A Cidá de San Millao

O castro de A Cidá de San Millao aparece representado na cartografía ao carón do topónimo *Touzas do Castro*, denominación que de novo fai referencia ao uso e calidade do terreo na actualidade (García Porral, 2010). Por contra, a denominación máis coñecida para o xacemento arqueolóxico é a de castro de San Millán ou San Millao, sendo que dende o monumento á aldea que lle confire o nome dista pouco máis dun quilómetro. Esta denominación, sendo a que acadaría máis difusión na literatura científica recente (Rodríguez & Fariña, 1986; Ruibal, 2005; Carballo, 2005; Dorribo et al., 2000), nunca foi empregada polos seus descubridores (Cuevillas & Taboada, 1953; 1955), apostando estes sempre pola referencia de A Cidá do Castro.

O monumento emprázase na ladeira dun monte a unha cota de altitude de 697 metros sobre o nivel do mar. Sitúase na marxe esquerda do coñecido como Río Pichos, neste tramo tamén chamado como do Castro.

32

O poboado fortificado só é visible dende as proximidades (Rodríguez & Fariña, 1986: 41). A diferenza do que sucedía no castro de A Cidá de Saceda, cun amplo dominio da penechira que xurde inmediata aos pés da Serra do Larouco (*vid supra*), o control visual de San Millao limitase en todos os puntos cardinais por altitudes sempre superiores. O único punto onde esta norma se incumpre é cara o surlleste. Será nesta dirección na que concentra a súa visibilidade no entronque dos regatos co curso medio do río Bubal, zonas todas cunhas óptimas condicións para o desenvolvemento agropecuario.

O seu emprazamento condiciona igualmente unha accesibilidade reducida e concentrada. Por unha banda ao sur e oeste limitado polo cinto de seguridade que supón o discorrer do propio río. Por outra, tamén cara o oeste –xa superado o río– e norte, polas fortes pendentes dos outeiros circundantes: Touzas do Castro, Outeiro da Colmea, etc.

O castro de A Cidá de San Millao presenta unha accesibilidade concentrada, como a visibilidade, cara o surlleste. Esta podería ser a motivación pola que fora necesario un reforzo defensivo neste sector mediante as coñecidas como pedras fincadas. Este elemento súmase a un grande foxo escavado na rocha e un conxunto de murallas moi ben conservadas en altura empregando un aparello poligonal e ciclópeo.




Fig. 15. Comparativa do control visual (en verde) entre os castros da Saceda e San Millao.

3.1 Horizonte cronolóxico a partir da cultura material do castro de A Cidá de San Millao (1954 - 1958, 1982 - 1986)

A primeira referencia documental sobre o lugar encontrada até o momento figura no dicionario xeográfico-estatístico-histórico de Madoz (1840: 117). Nesta publicación, referíndose ao pobo de San Millao, recóllese a seguinte cita: 33

"Al norte de este pueblo entre el mismo y los de Pedrosa, Saceda y Gironda, se ven restos de murallas que indican haber existido allí un pueblo considerable".

Malia a magnitude do conxunto e a cita de Madoz non volveremos a ter nova algunha ata 1953, momento no que Florentino López Cuevillas e Jesús Taboada Chivite (1953; 1955) emprenderán unha pequena prospección do territorio e posterior escavación arqueolóxica.

En 1955 ambos investigadores publicarán os resultados das campañas arqueolóxicas acometidas en 1954 e presentan un detallado estudio das obras defensivas do mesmo. As escavacións arqueolóxicas practicadas nesta campaña concentráronse no denominado posteriormente como segundo recinto (Rodríguez & Fariña, 1986), descubriéndose diferentes estruturas de planta circular, rectangular ou oblonga. Todas elas enmarcadas dentro dunha área pechada a modo dos coñecidos como barrios, moi comúns na área de influencia dos grandes *oppida*.




Fig. 16. Plano da zona escavada por Taboada e Cuevillas no terceiro recinto do Castro de San Millao. (Fonte: Rodríguez & Fariña, 1986).

Entre o material recuperado nesta década destaca o estado de conservación do conxunto metálico, especialmente unha fouce de ferro moi semellante ás actuais (Cuevillas, 1958). A peza máis relevante das localizadas daquela foi a interpretada como unha *phalera*. Esta magnífica peza de bronce, propia dun contexto baixoimperial, foi recuperada por un cazador no interior dun derrube dunha muralla interior (Rodríguez González, 2000).

A cerámica tipo *Terra Sigillata* localizada tamén nesta primeira escavación apuntaba a este mesmo horizonte crono-cultural, sendo incuestionable hoxe a importancia de San Millao nun momento avanzado da romanización da bisbarra.

Anos máis tarde, en 1958, practícanse novas escavacións arqueolóxicas polos mesmos investigadores. Desta volta o lugar escollido para actuar sería unha zona moi próxima ás estruturas xa descubertas, destapando dúas novas cabanas circulares. Actúase tamén no tramo norte do recinto interior ou primeiro recinto onde aparecería unha cabana oblonga bautizada por eles como a “Casa do Canteiro”.

O material recuperado nesta ocasión confirmaba novamente unha ocupación tardía do poboado castrexo, nun horizonte de romanización claro ao identificar restos de ánfora e incluso *Terra Sigillata Hispánica* datada en época baixoimperial. Materiais que convivían con cerámica decorada con “SSS”, bronces, fusaiolas, etc.

A partir destas primeiras escavacións arqueolóxicas o castro de *A Cidá* de San Millao sería referenciado en varias publicacións destacando a singularidade das “pedras fincadas” nestas latitudes (Esparza, 1983) e como exemplo de poboado claramente romanizado (Rodríguez Colmenero, 1977).

Xa na década dos anos oitenta do século vinte, dentro da planificación de actividades que o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense realizaba na provincia, practicáronse varias accións arqueolóxicas en diferentes localizacións do castro de *A Cidá* de San Millao (Rodríguez & Fariña, 1986).

Seguindo a corrente científica do momento, co fin de poder ter unha lectura estratigráfica global do xacemento, practicouse un corte de 60 metros de longo por 3 metros de ancho en dirección norleste – suroeste. Esta trinchreira foi bautizada polos seus escavadores como CORTE I.

A área de escavación iniciaba no punto máis alto do xacemento, no interior do recinto principal polo que discorría 40 metros, e o resto estendíase na conexión entre murallas do recinto terceiro.

Co fin de optimizar a escavación a sondaxe foi dividida en sectores de 5 metros numerados alfabeticamente partindo dende o punto superior do recinto central, sen deixar testemuña algunha entre eles (*Ibid*: 53). De entre todos destacaríase o localizado entre a muralla ciclópea exterior e a do terceiro recinto (K, L, M) onde identificáronse oito recipientes cerámicos *in situ* agrupados en dous tramos:

- Na contorna da muralla ciclópea foron identificados cinco recipientes moi fragmentados, asentados directamente sobre a rocha nai, na que se practica un pequeno burato para un mellor asentamento, e rodeados parcialmente de pedras.
- Aliñados e paralelos á muralla que pecha o terceiro recinto foron identificados tres recipientes que ao igual que os anteriores asentan sobre a rocha nai. Porén neste tramo consérvase un pavimento sobre o que foi localizado un pequeno fogar redondeado de 95 cm. de diámetro.

35




Fig. 17. Localización dos recipientes cerámicos na contorna da muralla ciclópea. (Fonte: a partir de Rodríguez & Fariña 1986).

Estes depósitos cerámicos, en fosas escavadas no substrato, poderían estar materializando un dos elementos máis difíciles de rexistrar na Idade do Ferro: a xestión da morte (Nión-Álvarez, 2023). Varios investigadores quixeron observar nestas foxas verdadeiros depósitos funerarios estruturados, convivindo plenamente o universo simbólico co doméstico, como apuntaría a existencia de pavimentos de uso e fogares asociados (Ayán, 2012: 543). Porén, nas análises da composición físico-química das

terras (interiores e exteriores) asociadas a estas olas, nada parece indicar a existencia de restos óseos. Estes traballos foron realizados por nós recentemente en colaboración coa Unidade de Antropoloxía Forense de Galicia.

- 36 No resto de sectores foron identificados restos construtivos de clara adscrición romana (tégulas) e abundantes metais que falan dunha importante actividade agropecuaria (chocallo de ferro). Entre os metais recuperados obsérvanse tamén restos de láminas e un asa dun caldeiro de bronce que poderían estar apuntando a outro tipo de prácticas menos funcionais e máis simbólicas.

Na banda contraria do xacemento foron identificados dous torreóns defensivos flanqueando unha eventual porta de entrada ao poboado polo suroeste (Rodríguez Colmenero, 1977). Para confirmalo practicáronse neste sector traballos de escavación e consolidación dos restos. As accións promovidas aquí consistiron na escavación arqueolóxica dun vano de 2 x 1.50 metros co fin de documentar o momento exacto de construción da muralla.

A análise comparada do material arqueolóxico recuperado nas diferentes campañas de escavación arqueolóxica do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense no castro de *A Cidá de San Millao*, apuntan a especial importancia do conxunto metálico, con apeiros vinculados a actividades gandeiras e agrícolas como as chocas descubertas por Rodríguez e Fariña (*vid supra*), unha fouciña de ferro para a sega, unha aixada, etc. Igualmente destacan aqueles outros obxectos, tamén metálicos, deseñados para a cantería, ferrería e minería como cuñas, unha *dolabra*, *picareta* de canteiro, etc. (Amado, 2010).

De especial relevancia son os obxectos metálicos descubertos sen unha clara función produtiva. Destacan varios fragmentos dun caldeiro de bronce e, especialmente, a *phalera* tamén de bronce. Malia a que esta última foi recuperada fóra de contexto sen rexistro arqueolóxico asociado (Rodríguez González, 2000) é empregada como fósil director para fixar a cronoloxía do poboado en época xa tardorromana:

"A peza que nos ocupa, debe de datarse precisamente durante o século IV d. C. tanto polas características morfolóxicas, tipo de peiteado e presenza de arcos de ferradura, como polo contexto arqueolóxico no que se inscribe, onde se evidencia a ocupación parcial do castro na tardorromanidade" (*Ibid.*)

As pegadas dunha importante actividade agropecuaria tamén poden albiscarse no conxunto lítico con numerosos muiños de man, bebedoiros, *pedras acodadas* para suxeitar ao gando, machados de pedra e pesas de pesca.

Máis complicado de estruturar é o conxunto cerámico. As únicas pezas con cronoloxías claras seguen a ser as *TS* apuntadas por Taboada e Chivite, eventualmente enmarcadas en época baixoimperial. Así é que os contextos mellor documentados até o momento (Rodríguez & Fariña, 1986; Vázquez Mato, 2019) non permiten identificar tipoloxías claras.



Fig. 18. *Phalera* romana do Castro de San Millao. (Fonte: Rodríguez González, 2000).

A análise dos poucos centos de fragmentos recuperados por Rodríguez e Fariña (1986) presentan unha enorme variedade na clasificación de pastas. Dende aquelas grises e escuras ligadas ao tradicional horizonte castrexo até pastas amarelas, cremosas, marróns e vermellas. Heteroxeneidade máis reducida se atendemos aos desgrasantes, sempre micáceos ou areas de cuarzo.

Existe un maioritario número de pezas realizadas a torno e, en comparación porcentual co veciño castro de *A Cidá* de Saceda, un elevadísimo número de pezas decoradas cun grande repertorio de técnicas. Maioritariamente engobes e espatulados, pero tamén permanecen técnicas máis antigas como alisados, incisións, acanaladuras, bruñidos e, especialmente, as molduras de seccións triangulares que recordan moito ás molduras carenadas vistas arriba.

De entre todas as pezas decoradas destacan as localizadas na Cuadrícula G:

"Fragmento de borde abierto, labio redondeado, de olla de mediano tamaño, de panza globular. Pasta muy compacta de color gris claro con alguna partícula de mica. Presenta una rica decoración estampillada de una banda formada por una

línea lisa incisa, a la que sigue otra de denticulado, en el interior de la banda, doble serie de SS. A partir de esta faja que se organiza en la hombrera, lleva la panza decorada con 6 líneas verticales y triglifos lisos. Color negro y acabado bruñido" (Ibid. 61).



Fig. 19. Cerámica recuperada no sector G (Capa II) na campaña de 1986 no castro de A Cidá San Millao. (Fonte: Rodríguez & Fariña, 1986).

A análise morfolóxica da cerámica recuperada amosa aínda o peso maioritario das formas pechadas (olas, potes e potiños) fronte as abertas (fontes, pratos...) e

a inexistencia de calquera outra morfoloxía de fondo que non sexa de base plana. Características ambas que se recoñecen dende os niveis máis antigos do castro de *A Cidá* de Saceda. Porén, a diferenza das características olas de bordo arestado/multiarestado hexemónicas neste, San Millao nutre o rexistro tamén cunha variedade formal máis ampla, identificando un alto número de bordes exvasados e engrosados, olas de colo troncocónico e bordes en viseira típicos dun horizonte tardío no mundo dos castros do interior.




Fig. 20. Variedade formal da mostra cerámica recuperada na campaña de 1986 no castro de *A Cidá* San Millao. (Fonte: Rodríguez & Fariña, 1986).

4 Análise Comparativa

A análise dos castros de Cualedro, nomeadamente *A Cidá* de Saceda e *A Cidá* de San Millao, non implica que estes foran habitados ao mesmo tempo, nin que en ambos casos existira unha conciencia semellante sobre a potencialidade do medio que os rodeaba. Non estamos en disposición de afirmar que os sitios arriba descritos representen a totalidade dos xacementos desta tipoloxía da zona, nin que ambos respondan como modelo a esta manifestación cultural unicamente. Porén, estas condicións non son óbice para que contrastando a fonte dos datos e entrando na caracterización individual de cada lugar, procuremos identificar patróns comúns e diverxencias entre ambos.

4.1 Análise locacional

40

Entendemos a análise locacional como unha proposta metodolóxica “arqueo-xeográfica”, partindo sempre do rexistro arqueolóxico, que basea o seu discurso nun piar teórico fundamental: a localización dos lugares de actividade humana –sexan lugares de hábitat, funerarios ou simbólicos– vén marcada por decisións sociais e culturais (Fábrega & Parceró, 2006). Esta máxima é inherente ao feito de que o ser humano inscribe sobre a paisaxe formas da súa existencia en tanto que calquera comunidade organiza o seu espazo vital, ben sexa consciente ou inconscientemente (Willey, a partir de Orejas 1995: 51).

A partir da aceptación deste aforismo que indica a imposibilidade da existencia dunha sociedade que non deixe pegada material sobre o espazo físico que ocupa, o obxectivo final da análise locacional é, en definitiva, a detección das decisións e dos xuízos que condicionan este asentamento. Indicadores relevantes para comprender as dinámicas internas dunha determinada sociedade.

Para desenvolver esta proposta analítica partimos da materialización destas decisións sociais no rexistro arqueolóxico a analizar: o castro. Unha tipoloxía específica e paradigmática de poboamento da Idade do Ferro do NO que interpretamos como a mellor resposta material ás relacións sociais de produción, económicas, políticas e culturais da sociedade que os habitaba.

O que se pretende, en definitiva, é destapar na medida do posible os modelos de racionalización do espazo, natural e cultural (Xusto, 1992), a partir da dedución dos factores que incidiron na localización destes asentamentos. Así, se ben na súa configuración e emprazamento parecen a simple vista non diferir demasiado, unha análise detallada e comparativa da súa situación e relación co medio no que se asentan pode amosar a variabilidade de factores que incidiron sobre os mesmos (vocación máis ou menos agrícola, gandeira, defensiva, comunicacións, centralidade...).

A comparativa entre as análises locacionais realizadas para os castros de Saceda e San Millao evidencia a existencia de dous patróns de asentamento claramente diferenciado entre eles. No caso do primeiro, *A Cidá* de Saceda, defínese en base a dúas variables:

- Ampla visibilidade concentrada en vías naturais de paso nos radios superiores, fixando Saceda a súa atención en toda a penechira sita aos pés da Serra do Larouco. Sendo o dominio visual circular uniforme na corta e media distancia, con especial orientación cara as terras potencialmente máis óptimas para un desenvolvemento agropecuario.
- Tendencia positiva na altitude relativa tanto na distancia inmediata como a media distancia, sobresaíndo o castro de *A Cidá* de Saceda de forma prominente sobre a súa contorna.

Pola contra e dun modo antagónico con respecto ás anteriores variables, *A Cidá* de San Millao defínese por presentar:

- Visibilidade reducida e concentrada só nas terras inmediatas. Ambas cara vales secundarios cun acceso inmediato ao pé do poboado, polo que discorre un curso de auga de segunda categoría. 41
- Tendencia negativa na altitude relativa. Situándose por debaixo da media da súa contorna. Non destacando en ningún plano e quedando incluso agochado por tres dos seus catros lados.

Ambos poboados, por contra, coinciden en variables relativas ás mellores condicións bioclimáticas para a súa ocupación. Entre estas destacan a orientación e insolación, protexidos dos ventos do norte e abertos ao mediodía. Igualmente identifícanse na súa contorna inmediata amplas terras con pendentes inferiores ao 12%, potencialmente cultivables. Se ben é certo que cun potencial produtivo máis alto no caso San Millao que no de Saceda. Sendo en xeral ambas zonas sectores cuns baixos rendementos agrícolas moi condicionados pola potencia do solo e a oscilación térmica.

4.2 Caracterización morfolóxica dos poboados

Saceda e San Millao configúranse arredor dunha planta superior ou croa que articula o desenvolvemento orgánico do conxunto, adaptándose á propia morfoloxía do terreo e non á inversa. No caso de Saceda, a diferenza de San Millao, esta presenta abundantes bolos graníticos que inhabilitan o asentamento nese sector.

A partir da croa ou acrópole, supoñemos que derivado dunha necesidade de espazo e/ou unha presión demográfica en aumento, confórmanse novos recintos. A comparativa relativa ás dimensións destes recintos debe ter en conta a diferente caracterización funcional dos mesmos e a súa posible diacronía.

En canto aos sistemas defensivos ambos presentan un complexo sistema de foxos escavados no substrato e murallas que superan os propios límites naturais da orografía na que se asenta cada poboado. Un indicador claro de atoparnos fronte unha tipoloxía de castros propios da Segunda Idade do Ferro (Ayán, 2012: 405). A construción de grandes e pequenos socalcos para nivelar o emprazamento, varios circuitos e niveis de murallas, foxos, parapetos, etc. son unha boa mostra do nivel de artificialización que alcanzan estes castros (*Ibid.*: 540).

Para a construción das murallas empréganse perpiaños graníticos que combinan aparellos poligonais e ciclópeos. As súas dimensións, composición e altura varía segundo as condicións específicas de cada monumento, con claras semellanzas entre a morfoloxía das portas e o aparello de San Millao e o das murallas dos recintos superior e exterior da Saceda. Sendo posible, como veremos a continuación, que o recinto intermedio e a coñecida como Porta Ciclópea deste último teñan máis que ver coa fase máis antiga de ocupación deste poboado.

De entre os dous castros analizados destaca pola súa singularidade (pedras fincadas) e o seu excelente estado de conservación e monumentalidade o sistema defensivo de A Cidá de San Millao. Lugar que como vimos presentará pola contra as peores condicións naturais de defensa. A decisión locacional escollida neste caso obrigaría por tanto a un maior esforzo na artificialización do asentamento, con sistemas defensivos máis monumentais e complexos (*Ibid.*: 496).

Fanse necesarias aínda novas escavacións arqueolóxicas para comprender a evolución destes sistemas defensivos e a súa composición, rexistrando para o caso de A Cidá de Saceda como o aparello ciclópeo semella corresponder a un primeiro momento e o poligonal a outro posterior, relacionando igualmente as portas abertas en horizontal cos momentos máis antigos de ocupación fronte ás deseñadas en oblicuo, zig-zag ou de costado, incluso poternas, con momentos máis recentes. Poñéndonos sobre a pista de recintos únicos, propios dunha Primeira Idade do Ferro que evolucionan xustapoñendo ou segmentando novos recintos segundo aumenta a poboación durante a 2ª Idade do Ferro.

A comparativa entre as plantas escavadas por Colmenero e Carreño na Saceda e as destapadas por Taboada en San Millao, permiten tamén extraer algunhas conclusións sobre a arquitectura, urbanismo e método construtivo de ambos poboados:

- A combinación de plantas curvas, ovaladas e angulares nos dous casos con diferentes diámetros, evidencian para ambos a existencia de varios momentos de ocupación asociados a varios momentos construtivos que responden a dinámicas propias de cada poboado. Algúns visibles por estruturas que se dividen, aumentan, modifican, etc. e noutros só perceptibles polos negativos como buratos de poste rexistrados no substrato, que xunto coa aparición de recibos no caso de Saceda, poñen en evidencia a existencia previa de construcións realizadas en materiais perecedoiros. Consideracións que en conxunto materializan unha longa secuencia de ocupación nestes poboados cunha reordenación constante do espazo imposible de simplificar nunha análise comparativa.
- Semellante metodoloxía construtiva no caso de Saceda e nos niveis máis antigos de San Millao, procurando nestes casos sempre asentar as edificacións sobre o substrato e levantando paramentos de boa factura e anchos de muro de 0,40 m. aproximadamente. Realizados en plantas curvas con cachotería de granito de dobre cara entre mediano e pequeno tamaño. Estes muros aparecen na práctica totalidade sen argamasas orixinais, recolléndose na actualidade terra e recheos nas xuntas xunto con ripios para concederlle estabilidade.

Outras estruturas tardías (ou cando menos posteriores) como as unidades construtivas máis occidentais da área descuberta por Taboada e Cuevillas

en San Millao, ou a localizada por Carreño no sector meridional do Castro de Saceda –un dos dous únicos puntos do poboado onde se rexistran tégulas–, presentan pola contra plantas angulares, muros de peor factura, dun ancho superior (0,50 m.) e asentados sobre recheos de terra que amortizan niveis de ocupación previos.

Neste mesmo sector de Saceda localízase a única soleira aberta a unha rúa central que ordena o espazo rexistrada até o momento no castro. Materializando unha nova tecnoloxía de construción ao servizo dunha lóxica social que sanciona estes accesos a unidades domésticas controlando vías de circulación dentro dos poboados (Ayán, 2012: 786)

- Presencia en ambos castros dun protourbanismo con muros de demarcación que articulan o movemento dentro do poboado, socalcos, rúas lousadas, planos de evacuación de augas, etc. Chama a atención a reducida densidade de estruturas habitacionais no caso de Saceda, sendo identificadas como celeiros a práctica totalidade das estruturas localizadas por Colmenero e Carreño. San Millao semella responder máis a unha mesma unidade doméstica da tipoloxía recoñecida tradicionalmente como casas patio.

Dentro desta racionalización do espazo construído destacan os socalcos e o dominio sobre as dinámicas de augas dos recintos intermedio e superior do castro de *A Cidá* de Saceda que reordenan por completo o plano xeral do xacemento despois dun grande incendio que arrasaría o poboado en momentos previos. A este momento responde a singularidade construtiva dos aneis arredor do perímetro das edificacións, pequenos diámetros, solos aireados, ausencia de portas, ausencia de fogares, etc. Razón que leva a barallar a hipótese de que a inmensa maioría das estruturas hoxe visibles, sexan en verdade, construcións para almacenar cereal, localizándose necesariamente noutros puntos as unidades domésticas. Hipótese que parece confirmarse pola recuperación de grandes cantidades de sementes no interior do poboado e a localización por nós extramuros dunha cabana circular de grande tamaño e con fogar.

Autores como Ayán (2012: 729), nun exercicio de etnoarqueoloxía con comunidades campesiñas, poñen a lupa na importancia primordial que xogan estes lugares de almacenamento ou celeiros como elementos de ostentación e dispositivos que materializan toda unha cosmovisión. Porén, neste caso, estes eventuais hórreos non parecen estar vinculados a unha unidade doméstica concreta, senón máis ben a unha comunidade repartíndose de forma homoxénea dentro dos recintos intermedio e superior do castro.




Fig. 21. Arriba: niveis máis antigos do castro de A Cidá de San Millao con paramentos ben asentados sobre o substrato. Abaixo: sucesivas reformas rexistradas nun sector do mesmo poboado con edificacións que amortizan momentos anteriores asentando os muros sobre grandes recheos de terra.

- Ausencia total de decoración arquitectónica en ambos poboados. Esta ausencia foi vista como unha singularidade do carácter limítrofe que esta zona ten con respecto a área bracarense. Así é que malia a ser incluída tradicionalmente nunha zona central deste, actualmente analízase como unha rexión cunha marcada especificidade sita nun horizonte de transición cultural entre a Meseta e a fachada Atlántica, recibindo influencias de ambas áreas (Amado, 2010). Característica na que semellaría encaixar o sistema defensivo de pedras fincadas de San Millao, extraordinarias nestas latitudes.




Fig. 22. Acumulacións de sementes rexistradas por nós no sector intermedio do castro de A Cidá de Saceda no ano 2015.

4.3 A cultura material

O obxecto máis antigo recuperado até o momento en ambos castros é unha punta de frecha de morfoloxía coñecida como tipo Palmela –polo xacemento epónimo portugués–, de base simple apuntada convexa e pedúnculo longo aguzado. A súa cronoloxía foi enmarcada pola investigadora Beatriz Comendador por volta do 2000 a.C., nun contexto cultural Calcolítico-Campaniforme (Vázquez Mato, 2015).

A súa singular localización na Saceda, na porta máis setentrional de acceso ao primeiro recinto do castro, xunto con outros obxectos de prestixio e variada cronoloxía, foi interpretada como un posible depósito de carácter ritual (Ruibal, 2005). Porén, a súa localización en posición secundaria non permite confirmar tal extremo. Asemade, a variada cronoloxía do contexto no que se atopa, cunha conta oculada datada dende o século IV a.C. en adiante e unha agulla ou alfinete de bronce típica de

castros do cambio de era, estaría indicando que este se realizaría nunha cronoloxía diferente e moito máis recente.

- 46 Igual de cuestionable é o axioma asumido xa por moitos investigadores (Ruibal, 2006; Ayán, 2012) entre este castro de Saceda e a 1ª Idade do Ferro. A este momento asimílanse as construcións realizadas en materiais perecedoiros descritas arriba, un nivel vinculable ás gabias e buratos de poste datados, segundo Ruibal (2005: 270), por medio de C14 nunha fecha non calibrada do 450 a.C. Cronoloxía que el mesmo retrasa en torno ao século VIII-V a.C. calibrado: "*pues se encuentra en la meseta de la curva de calibración para este segmento temporal*" (Ibid.).

Non é posible acceder na actualidade a esta datación ao non encontrarse publicada. Porén, no contexto dos traballos practicados por nós a partir do ano 2014 no sector con maior potencia estratigráfica da croa ou acrópole do xacemento, tivemos oportunidade de reinterpretar as escavacións realizadas neste sector. Nestas recollemos unha mostra do estrato inmediatamente por baixo (en contacto) co grande horizonte de carbonización que supón o descrito polos seus escavadores como Est. 3.2. Este sería definido como Est. 4, acomodando varios negativos de construcións como os buratos de poste cos que se asocian eses mesmos materiais perecedoiros ou recibos (*vid supra*). Os resultados calibrados devoltos polo Instituto de Química Física "Rocasolano", pertencente ao Consello Superior de Investigacións Científicas – CSIC, mediante o programa OxCal 3.10, IntCal09, 2 sigma, non retrasan máis aló do 380 a.C. o arranque desa meseta de calibración.

O propio Ruibal (2005: 274) cuestiona a datación do nivel máis antigo de Saceda a partir da análise do conxunto cerámico, en especial a forma típica no xacemento como é o bordo arestado: "*(...) podría ponerse en duda la datación del nivel más antiguo si es cierto que los estratos de arquitectura precedera también suministran bordes multiaristados o, al menos, aristados.*"

En nuestra revisión de los materiales depositados en el Museo de Ourense encontramos pocas cerámicas cuyas formas o características técnicas pudieran hacer pensar incontestablemente en el Hierro Antiguo (...) Esto no significa que no haya existido un nivel arcaico: es posible que realmente la acrópolis del castro haya tenido una ocupación a inicios del Hierro, pero a la vista de los materiales, resulta igualmente verosímil pensar que la mayor parte del nivel líneo perteneciese, realmente, a una ocupación de la Segunda Edad del Hierro, es decir, posterior al 400 a.C. De hecho, en los castros de las zonas interiores de Galicia y el norte de Portugal no se generaliza la arquitectura pétreo antes del siglo II a.C." (Ibid.)

Esta última opción apuntada por Ruibal semella ter máis credibilidade se cruzamos as cronoloxías absolutas, aportadas polas análises de carbón vexetal (C14), coas cronoloxías relativas que se desprenden da análise da cultura material vista arriba.




Fig. 23. Resultados C-14 para a mostra de carbón vexetal procedente da UR cd26 (subsectores a/b) Est.4, escavada no ano 1984. (Fonte: Instituto de Química-Física Rocasolano do CSIC).

Os obxectos metálicos recuperados (á marxe da Punta Palmela) sitúan a Saceda tamén nunha Fase II-III da 2ª Idade do Ferro. Os alfinetes de bronce, as fíbulas en omega e de tipo trasmontano conforman un conxunto metálico que evidencia a existencia dun grupo social diferenciado con acceso a torques, machados, espadas curtas afalcatadas, broches, aros, etc. Realizados todos preferentemente en bronce e ferro pero localizando igualmente chumbo, ouro, prata, etc.

Da existencia desa mesma xerarquización social falan tamén as contas de colar recuperadas na Saceda. En especial as referenciadas doas oculadas ou de ollos estratificados que, xunto co excepcional achado de cerámicas pintadas de orixe ibérico ou púnico, materializan a integración deste xacemento nunha rede comercial que supera por moito a súa contorna inmediata. Feito que podería estar confirmando a implantación deste asentamento nunha zona cun alto control de rutas naturais de paso sancionadas por Roma na súa rede viaria máis antiga.

A cerámica de ambos xacementos, tamén no caso de San Millao, amosa unha clara preferencia funcional, sendo na súa maioría formas lisas con amplos conxuntos desgastados polo uso e con restos de feluxe. A decoración maioritaria, ao marxe de alisados e bruñidos básicos, é a moldura a modo de carena de sección triangular. Aínda que esta técnica combínase cun amplo catálogo de espatulados, acanaladu-

ras e incisións. Só no caso de San Millao aparecen engobes que reforzan o carácter tardío deste castro fronte a Saceda.

- 48 A forma maioritaria para Saceda é pechada e de fondo plano. Sendo a porcentaxe de formas abertas maior no caso de San Millao e concentrándose no caso de Saceda só na contorna da porta máis setentrional de acceso ao primeiro recinto, onde foron localizadas igualmente o maior número de pezas con cronoloxías recentes como vasos piriformes (*vid supra*).

Dentro das formas pechadas, a maioritaria en ambos casos son as olas de bordo arestado e multiarestado. Realizadas con pastas pouco depuradas e con micas e cuarzos como desgrasantes principais. Porén, a análise comparada evidencia unha maior variedade formal no caso de San Millao fronte ao de Saceda, cunha importante presenza de olas de colo troncocónico.

Na Saceda localizamos por contra o conxunto cerámico típico dos grandes *oppida* da área bracarense, coas tradicionais fontes de asas interiores e os característicos potes de orellas perforadas, entre outros. Con todo seguen sendo os obxectos claramente romanos os que poden definir os niveis de uso e abandono para cada castro:

- Saceda non presenta ningún obxecto datable máis aló do s. I d.C., concentrándose os materiais máis tardíos na contorna da porta máis setentrional.
- San Millao non presenta ningún obxecto datable antes do cambio de era localizándose abundantes tégulas con funcionalidade construtiva, TSH e outros materiais típicos de época baixo-imperial (III-IV d.C.) entre os que destaca a formidable *phalera*.

5 Síntese interpretativa

A asimilación terminolóxica castro - cultura castrexa foi obxecto de revisión historiográfica por numerosos investigadores nas últimas décadas (Ayán et al. 2007; Calo 1993; Carballo 2000; Martins 1990). As principais críticas xorden ao abeiro do reduccionismo que supón a caracterización dunha cultura a partir dun fenómeno –o poboamento en altura rodeado por unha muralla– común a outros pobos tanto da península como doutras partes da Europa atlántica en diferentes cronoloxías (Grande, 2008; Parceró, 2005). Deste proceder derivan erros de caracterización como a identificación baixo a mesma face física de realidades diverxentes como son os poboados do Bronce Final, Ferro I e/ou os grandes *oppida* do cambio de era (Parceró 2000; Xusto 1992).

A evolución da investigación arqueolóxica está a destapar novos xacementos arqueolóxicos espacial e cronolóxicamente dependentes do fenómeno castrexo, pero cunhas particularidades no seu emprazamento e composición que dificilmente po-

den asemellarse con esta definición tradicional de castro (Parga et al. 2016). Trátase dun tipo de asentamentos como o de São Estevão da Facha, sitios en chaira ou en reducidas pendentes, sen elementos monumentais, defensivos ou de delimitación (Fonte, 2009), que actualmente son interpretados como granxas abertas dependentes de castros “tradicionais” (Ruibal, 2007-2008).

En Valdamio (Riós), no próximo val do alto Tâmega, foron localizadas estruturas nun espazo aberto de semellantes características. A actuación, dentro das medidas correctoras pola construción da autoestrada das Rías Baixas, destapou un xacemento interpretado polos seus investigadores como *“un lugar de agregación, onde unha ou varias comunidades da Idade do Ferro avanzado, arredor do 300 a.C., desenvolveron prácticas nas que se xuntaba o doméstico, o relixioso e o funerario, nun lugar monumental cunha tremenda forza escenográfica e afastado dos castros da contorna”* (Concheiro, 2011).

A observación cada vez máis recorrente destes xacementos atípicos, como o caso de *O Cepo* en San Cibrao das Viñas (Parga et al. 2016), evidencia que o termo castro non está englobando a totalidade de manifestacións culturais da propia cultura á que lle concede o nome, situación probablemente derivada do forte peso historiográfico do paradigma historicista que ten dado prioridade ás escavacións arqueolóxicas dentro dos recintos fortificados, consolidando a ausencia de rexistros vinculables a explotacións agrarias, camiños, explotacións mineiras ou incluso recintos funerarios (Ayán, 2012: 409).

As variabilidades detectadas no rexistro arqueolóxico, sexa na esfera espacial (Percero, 2002) ou na cultura material como agora veremos (Fernández, 2008; Rey, 1998), están a demostrar a obsolescencia do discurso tradicional dunha única cultura castrexa inmutable, cun único tipo de asentamento e un único artellamento social.

5.1 A Cidá de Saceda (s. IV a.C. - I d.C.)

Constátanse para A Cidá de Saceda, segundo o noso criterio, dous grandes momentos de ocupación do poboado separados por un grande nivel de carbonización moi rico en materiais e restos orgánicos. A primeira fase (s. IV – II a.C.) caracterízase por presentar construcións de materiais perecedoiros en madeira e pallabarro. Esta “fase lignaria” en palabras de Antonio Rodríguez Colmenero tan só pode observarse hoxe na lectura dos fondos de cabana descritos por buratos de poste que aínda son visibles no substrato ou na identificación dun grande número de recibos cos negativos propios da trama vexetal que os sustiña. A delimitación deste primeiro poboado viría marcada pola cerca asociada á Porta Ciclópea, sectores hoxe denominados como recinto intermedio e superior.

Algo sucede na contorna do século II a.C. para que esta primeira fase fose arrasada por un incendio ao tempo que se reordenaba todo o poboado. Como se dun plan urbanístico se tratara a totalidade do solar é intervido no que os seus investigadores

bautizaron como “fase pétrea” (II a.C. - I d.C.). Énchense as zonas máis baixas, xeralmente contra as murallas cortando o espazo intermurallas con bancais paralelos ás mesmas. Neste momento remodelaríase a cerca existente que gañará en anchura e solidez, e constrúese o resto amosando a aparencia que presenta o castro na actualidade. A este momento corresponden as grandes obras de circulación de augas (aneis perimetrais, sumidoiros, etc.) e a construción de decenas de celeiros con pisos elevados para a conservación de cereal nos recintos intermedio e superior. Unha remodelación pensada e deseñada para converter Saceda nun grande celeiro ao aire libre, o que o converte de facto nun lugar ideal para estudar a evolución da agricultura na Idade do Ferro do NO (Teira, 2010).

O que acontece no século I d.C. debe pescudarse no recinto inferior e, en especial, no exterior do propio poboado fortificado. Neste espazo, nun plano orientado ao sur, vimos de localizar na anualidade de 2018 unha cabana de grande diámetro. A única construción de todo o conxunto claramente doméstica ao presentar no seu interior restos dun fogar. Sería posible que os habitantes da Saceda viviran extramuros e que no interior das murallas só existan construcións de almacenaxe? Esta é a liña de investigación que centra os nosos esforzos na actualidade.

5.2 A Cidá de San Millao (s. I d.C. - IV d.C.)

A diferenza do caso anterior o nivel de coñecemento do castro de A Cidá de San Millao non permite máis que lanzar algunhas hipóteses a partir da escavación arqueolóxica reinterpretativa realizada por nós no sector identificado por Taboada e Cuevillas. Esta escavación practicada na anualidade de 2018, malia ás dificultades de tratarse dunha re-escavación e non conservar secuencias estratigráficas completas, permitiría rexistrar unha secuencia complexa de unidades construtivas que apuntan a varios niveis de ocupación. Hipótese claramente confirmada na superposición de unidades construtivas.

Unha lectura interpretativa desta secuencia aventura a existencia dun primeiro nivel de ocupación, ligado ás cabanas circulares (UC 1003 e UC9001), ambas asentadas directamente no substrato e con muros de 0’50 metros de ancho, ben traballados a dúas caras por laxas de granito de mediano tamaño (entre 10 e 15 centímetros). Unha técnica construtiva semellante á fase máis recente do castro de A Cidá de Saceda, polo que xunto cos materiais analizados arriba, poderíamos pensar nunha cronoloxía de partida próxima ao cambio de era.

Este momento, cando menos no caso da unidade rexistrada máis ao mediodía, sería amortizado e ampliado posteriormente cara o leste por unha cabana oval de peor calidade construtiva (UC 1004). Esta asenta xa non sobre o substrato, senón sobre unha pequena camada de terra. Podendo por iso gardar algún tipo de relación con outras unidades construtivas rexistradas na UR3 (UC 3001) tamén asentadas sobre unha UE semellante (UE 3009).



Fig. 24. Interpretación das UC's motivo de intervención na campaña de 2018. En vermello posible primeiro momento de ocupación, en lila combinación de estruturas que conforman unha unidade e nas diferentes gamas de verde restos de estruturas imposibles de ligar a un contexto cultural, tipolóxico ou cronolóxico concreto por mor do seu mal estado de conservación.

Por último detéctase un nivel de abandono (UE 3003) e sobre este reformúlase dúas unidades construtivas diferentes, unha no extremo leste anexo á UR 4 e outra no extremo oeste. Ambas con dirección leste-oeste pero non aliñadas, polo que poderíamos estar a falar de construcións diferentes. Nada podemos afirmar sobre a súa cronoloxía.

Á marxe de toda esta secuencia encóntranse as UR4, UR5, UR6 e UR8 (mención a parte necesitaría a UR7 que si parece anexarse ao conxunto con posterioridade). Semellando convivir todas elas nun mesmo momento sen encontrarse, alo menos

nesta intervención, evidencias de superposición de diferentes niveis de ocupación. Un espazo todo el construído de forma proxectada como manifestan as lousas encastradas no alzado do propio muro.

- 52 Para poder afirmar que relación existe entre estas e o primeiro momento de ocupación serán necesarias novas escavacións arqueolóxicas que permitan obter secuencias estratigráficas completas ás que asociar cada unha das estruturas descritas e aventurar así cronoloxías e contextos culturais.

No referido ao xacemento na súa totalidade a historiografía presentou sempre ao castro de *A Cidá* de San Millao como “tres recintos de formas irregulares adaptadas ao relevo e tendendo no seu conxunto ao ovalo” (*vid supra*). A limpeza realizada por nós nesta mesma anualidade de 2018, fóra dos muros no sector máis meridional do poboado, destacaba tamén un eventual valado. Este arrancaríase dun cóbado da muralla e perderíase na pendente da propia ribeira do río.

A tipoloxía construtiva deste novo lenzo de muro semella coincidir coa contemplada no propio monumento, malia a só conservar a primeira fiada. Consecuencia sen dúbida da forte pendente deste sector e a emerxencia de grandes laxas de granito. Así é que a falta de terreos óptimos para o cultivo ou a estabulación do gando deberían descartalo como unha acción de reforma posterior. De confirmarse esta hipótese baixo metodoloxía arqueolóxica, a súa existencia permitiría pechar o conxunto na banda meridional, reforzando así o pouco usual nestas latitudes sistema de pedras fincadas.

O Corte II practicado polo Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense no acceso ao recinto oeste puña de manifesto como o acceso forzábbase en zig-zag, expoñendo sempre o costado. Esta técnica podería reforzar esta hipótese da re-interpretación do sistema defensivo se a combinamos coa existencia dun vano de acceso en plano horizontal ao leste dentro deste novo recinto.

Como se relacionan estes recintos é unha incógnita aínda sen despexar. Si se pode confirmar que os vanos de acceso aos espazos máis exteriores (leste e oeste) fórmase sempre dende o mediodía e no plano de maior subordinación con respecto ao poboado. Porén, a necesidade de rexistrar máis vanos e portas no xacemento, a posibilidade de que existan diferentes momentos construtivos nos mesmos e nas propias murallas son só algunhas das dúbidas actuais que apuntan a un estado aínda moi incipiente da investigación arqueolóxica para *A Cidá* de San Millao, moi inferior ao caso de Saceda.

Capítulo 02

Muro de Búbal (Monterrei – Oimbra, Ourense): hipóteses e interpretación dun recinto amurallado baleiro

53

Patricia Valle Abad | Adolfo Fernández Fernández | Alba Antía Rodríguez
Nóvoa | Nerea Ruanova Álvarez | Iria Veloso Pérez*

GEAAT, Universidade de Vigo / pvalle@uvigo.gal - adolfo@uvigo.gal - alba.antia.rodriguez.novoa@uvigo.es - nerea.ruanova.alvarez@uvigo.gal

*Conservadora-restauradora / iria.veloso@gmail.com

1 Introducción

O xacemento de A Cerca ou Muro de Búbal (GA32050016) localízase no límite administrativo dos concellos de Monterrei e Oimbra (Ourense), nun promontorio rochoso, que separa o leito do río Búbal en dous, o Porto do Rei Búbal ao norte e o río Azoreira ao sur. Sitúase na parte máis baixa do val de Medeiros, cercado ao norte e ao sur polos macizos montañosos de Monterrei e Oimbra. O acceso ao mesmo debía realizarse vadeando un dos ríos, localizándose aínda na actualidade varios pasos no percorrido do Porto do Rei Búbal. No seu entorno atopamos varios xacementos arqueolóxicos, entre os que destacan por proximidade espacial e cronolóxica, o castro da Cibdá de Medeiros (GA32050015) e o castro da Saceda (GA32028022); os xacementos romanos de San Millao (GA32028026) e Santa Marta de Lucenza (GA32028016); e outros restos dispersos, como o conxunto de aras romanas recuperadas no Laoruco e os numerosos lagares rupestres localizados na contorna do xacemento, de tipoloxía e cronoloxía diversa¹.

O promontorio presenta forma ovalada, con orientación leste-oeste, e una pronunciada pendente cara o norte o e sur. O recinto fortificado ocupa una extensión aproximada de 2 hectáreas e se localiza na parte máis alta do promontorio. A área principal (aprox. 1.5 ha.) forma unha elipse irregular, que segue a morfoloxía do propio terreo e presenta un importante desnivel nos lados norte e sur, sendo máis acusado o da zona sur. Unha segunda terraza, máis elevada e de menor tamaño (aprox. 0.5 ha.),

¹ Plan Xeral de Ordenación Municipal dos termos municipais de Monterrei, Oimbra e Cualedro. Catálogos de elementos arqueolóxicos.

ocupa o sector noroeste do promontorio, destacando sobre o conxunto. Ambas terrazas están rodeadas por lenzos de muralla, non recuperándose inicios dos mesmo unicamente la zona norte-noroeste da terraza superior, área que presenta unha forte e escarpada pendente cara o río do Porto do Rei Búbal.




Fig. 1. Mapa localización e mapas de visibilidade.

O conxunto, debido a súa posición central entre os dous ríos e á elevación do promontorio, resulta facilmente visible dende diversos puntos do seu entorno, así como dende algúns dos xacementos anteriormente mencionados. O propio recinto, sobre todo dende a segunda terraza, goza dun amplo rango de visibilidade dos outeiros circundantes, limitada unicamente pola altura dos mesmos. Esta posición privilexiada permite visualizar toda a liña fortificada do Búbal, albiscando cara o poñente o castro da Cidá de Grou e o cercano castelo das Chas.

2 Antecedentes

O recinto fortificado, coñecido na zona debido a súa fácil visibilidade, non foi obxecto de intervencións con anterioridade ao ano 2019. A súa morfoloxía, un recinto amurallado localizado nun outeiro cun importante predominio visual sobre a contorna, fixo

que se rexistrase como castro da Idade do Ferro no catálogo do PXOM. Como sinala o Prof. Antonio Rodríguez Colmenero na súa tese de licenciatura (1971), a primeira mención do xacemento remóntase ó séc. XVIII, cando se refire a el Pedro González de Ulloa. Posteriormente tamén se refiren ó muro de Búbal Ceán Bermúdez no séc. XIX e xa no séc. XX será o propio Taboada Chivite o que o menciona de “pasada”. Polo tanto, o primeiro aborde científico vai ser un sucinto apartado dedicado ó xacemento (Muro do Buble) por Colmenero na súa citada tese de licenciatura. Nel, o autor diseña e describe o recinto con especial énfase na muralla, construída coas técnicas poligonal e *opus quadratum*, conservándose tramos con ata 3-4 m. de altura. Sinala tamén a existencia de dous recintos e tres accesos, ademais de un tramo de muro no seu interior, tamén cun posible van central. Uns anos despois o Muro volve ser mencionado en Galicia Meridional Romana (1977), aquí de xeito xeral xunto a outros poboados fortificados da chamada “liña do Búbal” (Cidá de Grou, Casa da Mina, Castro de San Millao, Muro do Castro e o Castelo das Chas) incluídos no territorio dos *Bibali* (Rodríguez Colmenero, 1977: 25).




Fig. 2. Deseño feito polo profesor Antonio Rodríguez Colmenero do Muro de Bupal para a súa tese de licenciatura (1971).

Practicamente non volve haber noticias do xacemento ata o ano 2018 cando cobra certo eco negativo na prensa, ao verse afectado pola acción dun bulldozer que levaba a cabo labores de reforestación nas zonas afectadas polos lumes do 2016, a petición da comunidade de montes da zona. O paso da maquinaria pesada tivo

56

como resultado unha modificación agresiva do camiño tradicional de acceso ao xacemento –no tramo que discorre dende o río Porto do rei Búbal ata a entrada ao recinto amurallado–, así como de parte do seu percorrido dentro do xacemento. En consecuencia, perdeuse o nivel natural do chan utilizado como camiño, chegando nalgúns sectores ata a rocha nai e noutros escavando parte do estrato natural, dando lugar a novas acumulacións de terra nas veiras do camiño e ao aterro e recheo do foxo localizando no exterior do recinto. Ademais, parte do lenzo de muralla localizado neste sector viuse parcialmente destruído, así como afectada a integridade de parte da estrutura, ao producirse o desprazamento dalgúns seccións da súa cimentación. A actuación, que foi inmediatamente denunciada, tivo una marcada repercusión na prensa².



Fig. 3. Esquerda: sección de muralla afectada polo paso do bulldozer; dereita: foxo do recinto, recheo de pedras e terra tralo incidente.

Ante esta situación, o Grupo de Estudos de Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio (GEAT) da Universidade de Vigo, dado as súas anteriores colaboracións cos concellos de Monterrei e Oimbra, decidiu promover a redacción dun proxecto de intervención e investigación sobre o xacemento e a súa contorna. Como obxectivo, “restaurar o destruído” e conseguir por en valor un novo recurso patrimonial no

² La Región 14/07/2018 “Medeiros lamenta el daño causado al Muro de Búbal” <https://www.laregion.es/articulo/monterrei/medeiros-lamenta-dano-causado-muro-do-bubal/20180714110944809245.html> [consultado 28/09/2023]; Faro de Vigo 14/07/2018 “La SGHN denuncia daños en el Castro do Muro de Búbal en Monterrei” <https://www.farodevigo.es/ourense/2018/07/14/sghn-denuncia-danos-castro-do-15947450.html> [consultado 28/09/2023]; El País 01/08/2018 “Cinco investigadores por causar daños en un castro de la Edad de Hierro” https://elpais.com/ccaa/2018/08/01/galicia/1533125301_895791.html [consultado 28/09/2023]; Galicia Press 01/08/2018 “Demuelen la muralla de un castro con un buldócer” <https://www.galiciapress.es/texto-diario/mostrar/1151672/investigadas-cinco-personas-causar-danos-castro-muro-do-bubal-monterrei-ourense> [consultado 28/09/2023]; La Región 02/08/2018 “Cinco personas investigadas por causar daños al Castro Muro do Bupal en Monterrei” <https://www.laregion.es/articulo/monterrei/investigadas-personas-causar-danos-castro-muro-do-bubal-monterrei-ourense/20180801135003813409.html> [consultado 28/09/2023]; La Región 03/08/2018 “Monterrei adoptará medidas para proteger el castro dañado” <https://www.laregion.es/articulo/monterrei/monterrei-adoptara-medidas-protger-castro-danado/20180803101918813722.html> [consultado 28/09/2023].

val de Monterrei. O proxecto foi financiado pola Deputación de Ourense, ao abeiro do Artigo 4.2.c que regula a concesión de subvencións de "Fomento da cultura ou protección, conservación ou difusión do patrimonio histórico-artístico" (BOPOU, nº 260, 12 novembro 2015), contando ademais coa colaboración dos concellos de Monterrei e Oímbra; así como da empresa responsable dos traballos de reforestación.

3 O proxecto de intervención

A intervención no recinto do Muro de Búbal contemplaba varias tarefas ou fronteiras de actuación, entre as que se incluía o estudo arqueo-histórico da contorna, para por en contexto o xacemento. Os concellos de Monterrei e Oímbra, así como o de Cualedro, contan con un importante patrimonio histórico e arqueolóxico, que configuran o espazo no que se desenvolveu a vida útil do recinto do Muro de Búbal. Esta tarefa demostrou ser especialmente relevante tralos resultados obtidos ao final da intervención arqueolóxica.

No relativo as tarefas a realizar en campo, o proxecto centrouse en catro puntos principais: a roza e limpeza do recinto e o seu entorno directo; o rexistro mediante drones e fotogrametría do xacemento; a escavación arqueolóxica de varias sondaxes distribuídas ao longo do espazo amurallado; e a realización de traballos de conservación-restauración nas zonas da muralla afectadas polo bulldozer, así como noutras seccións intervidas durante o proxecto.

3.1 Roza e limpeza

Os traballos de acondicionamento do recinto fortificado, así como do seu contorno máis directo foron necesarios, non só para por ao descuberto os restos conservados, senón tamén para avaliar os danos sufridos polo xacemento. A súa realización precedeu aos traballos de planificación das áreas de escavación arqueolóxica e conservación-restauración, así como ao rexistro aéreo do xacemento.



Fig. 4. Estado do sector norte do xacemento antes (esquerda) e despois (dereita) dos traballos de limpeza e roza.

3.2 Rexistro aéreo do xacemento

O equipo da escavación, xunto co persoal técnico do Servizo de Teledetección da Universidade de Vigo, levaron a cabo o rexistro aéreo do xacemento mediante o uso dun drone. Para a súa correcta execución foi necesaria a colocación de puntos de control (GCP) ao longo do xacemento e a súa xeolocalización mediante o uso dun XPS subcentimétrico. O voo realizouse seguindo unha planificación en retícula e o resultado que se obtivo foi un paquete de fotografías xerais e de detalle das distintas partes do xacemento, así como algúns vídeos do promontorio. O posterior procesado das fotografías, mediante o software *Metahtsape*, permitiu a creación dun modelo tridimensional de todo o promontorio. Este modelo, convertido posteriormente nunha ortofotografía –gracias a corrección espacial aportada polos GCP e os datos do XPS– serviu para trazar o primeiro plano do recinto amurallado, permitindo localizar as sondaxes e as novas estruturas recuperadas, así como os modelos 3D individuais de cada zona, no conxunto do xacemento.



Fig. 5. Labores de preparación do voo de drone para o rexistro aéreo do xacemento.



Fig. 6. Ortofoto derivada do modelo 3D do xacemento, a partir da cal se elaborou un primeiro plano do recinto.

3.3 Escavación arqueolóxica

A intervención arqueolóxica perseguía dous obxectivos principais: avaliar o estado de conservación das áreas afectadas polo bulldozer, así como obter información sobre a construción da muralla, e determinar a cronoloxía e funcionalidade do Muro de Búbal. Para acadar estes obxectivos, designouse unha gran área de intervención (Área 1) ao sur do xacemento, no acceso destruído pola a maquinaria e no foxo anexo, e cinco sondaxes arqueolóxicas repartidas por distintos puntos das dúas terrazas. Tres das sondaxes aportaron resultados negativos, non recuperándose estruturas de ningún tipo e escaso material moble. Na Sondaxe 1, una gabia de 20 m de lonxitude, os resultados foron os mesmos, a excepción do seu extremo norte, onde se identifico a foxa de construción da muralla. Unicamente a Sondaxe 2, realizada nunha das posibles portas do recinto, aportou restos construtivos. En xeral o xacemento, sobre todo a terraza inferior, presenta pouca potencia estratigráfica, que en varias das sondaxes se restrinxen a dous ou tres depósitos de terra consecutivos con escaso ou ningún material moble asociado.




Fig. 7. Plano do xacemento coa localización das diferentes sondaxes.

Área 1A

A intervención nesta área tiña como obxectivo retirar os depósitos de terra e pedras acumulados polo bulldozer no foxo do recinto, para recuperar a morfoloxía orixinal desta construción defensiva. A súa escavación realizouse coa axuda dunha pa mecánica, deixando de novo a vista a pendente do terreo e as acumulacións de pedras devidas dun derrube antigo da muralla. A construción do foxo realizouse seguindo a caída natural da ladeira, facéndose máis escarpada cara o leste, onde remata contra o gran afloramento granítico sobre o que se constrúe parte da muralla.



Fig.8. Estado do foxo localizado na zona sur do xacemento, antes (esquerda) e despois (dereita) da intervención.

Área 1B

Trátase da área afectada polo paso da maquinaria, polo que os obxectivos desta intervención eran a retirada dos depósitos de terra e pedras deixados polo paso do bulldozer e cuantificar os danos causados polo mesmo. Así mesmo, a escavación desta área permitiu identificar as distintas fases e métodos de construción da muralla, información necesaria para os posteriores traballos de conservación-restauración da estrutura. Os resultados obtidos permitiron ademais establecer que o acceso por esta zona ao recinto era posterior a construción da muralla –posiblemente cando se abre un camiño de pastores que atravesa o Muro–, non atopándose orixinalmente neste lugar ningún tipo de acceso ou porta.



Fig. 9. Escavación no tramo da muralla afectado polo bulldozer.

Sondaxe 1

Localizada no sector norte do recinto, pretendía identificar estruturas ou restos da ocupación deste sector do recinto, ao observar a presenza de varios “muretes” ou acumulacións ordenadas de pedras no terreo a modo de pequenos socalcos. Os resultados obtidos foron, sen embargo, negativos. Os pequenos muros parecen atearrar de forma descontinua o terreo, pero a ausencia de material asociado e a escasa potencia estratigráfica da gabiá non permitiron determinar se se trataba de construcións.

cións modernas ou coetáneas á gran muralla defensiva do recinto. O sector norte da gabia aportou, sen embargo, interesantes datos sobre a construción da muralla, que presenta algunhas diferencias cos lenzos estudados na zona sur (Área 1B).

62



Fig. 10. Sondaxe 1 ao final da intervención.

Sondaxe 2

Trátase da sondaxe máis extensa e que máis información aportou ao proxecto. Localízase ao noroeste do recinto, na conxunción entre a plataforma inferior e a superior. Seleccionouse este emprazamento para a súa escavación debido ás sospeitas

de que nesta área puidese atoparse unha das portas orixinais de entrada ao recinto, teoría que se confirmou pouco despois de iniciar a intervención. A escavación deixou ao descuberto unha porta de aproximadamente 2.5 metros de ancho, con muros de aparello similar ao *opus quadratum* no sector leste e un aparello poligonal no sector oeste. O muro leste asentase directamente sobre o xabre natural, mentres que o oeste se sitúa en gran medida sobre rochas ou bolos graníticos que se traballan para xerar parte do alzado do muro. O espazo entre os dous muros nivélase, tapando as rochas que serven como asento, mediante a adición dun depósito de xabre compacto, que ascende nunha lixeira pendente segundo penetra no recinto fortificado.



Fig. 11. Evolución da Sondaxe 2 ata a súa finalización.

Sondaxes 3, 4 e 5

A Sondaxe 3 localízase no recinto superior do complexo. Presenta escasa potencia estratigráfica, destacando unicamente pola aparición, nunha das súas seccións, dunha punta de lanza en bronce. Non se recuperan estruturas, nin negativos na mesma. A Sondaxe 4, localizada no sector sur do recinto, nas proximidades da Área 1, foi igualmente negativa, aportando pouco material moble. Finalmente, a Sondaxe 5, localizada novamente no recinto superior, ao oeste da Sondaxe 3, resultou tamén negativa, aportando novamente pouco material moble.

3.4 Tarefas de conservación-restauración

Os resultados obtidos das sondaxes arqueolóxicas foron fundamentais para definir de xeito claro as actuacións de conservación-restauración. Definíronse dúas áreas de intervención prioritaria, sobre as que se desenvolveron os traballos de conservación: a Área 1B, que comprendía o punto de acceso actual ao interior do recinto amurallado, e a Sondaxe 2, un van de acceso, neste caso orixinal, ao recinto. Todo os traballos de conservación-restauración realizáronse seguindo os principios de compatibilidade cos elementos orixinais, reversibilidade dos tratamentos, a inocuidade dos materiais empregados e o criterio de mínima intervención.

Área 1B

En base aos datos recollidos durante a escavación, decidiuse realizar unha intervención que implicase un baixo impacto sobre a estrutura, pero que ao mesmo tempo mantivese o estado actual da zona, posto que a área seguía empregándose como acceso ao recinto. As accións conservadoras iniciáronse co tapado da sondaxe, que deixaba á vista a cimentación. Para o recheo empregouse o mesmo entullo que se retirou da gabia, pero neste caso interpoñendo unha manta xeotéxtil como elemento separador. Unha vez rechea a gabia, pasouse a actuar directamente sobre a muralla. O primeiro traballo sobre ela foi recolocar a pedra movida polo paso do bulldozer. Tras esta labor, realizouse o engadido dunha fiada de protección da cabeceira da muralla con pedras do propio xacemento, empregando un aparello similar ao orixinal. Esta acción tiña como obxectivo, ademais de protexer os restos orixinais *in situ*, dar maior entidade á estrutura para facilitar a súa visión, recuperando parte da súa monumentalidade orixinal. Trala fiada engadida, reproducíuse o recheo naqueles puntos onde había máis faltas, colocando pedras que imitaban o forro interior da muralla.

Para rematar o conxunto da actuación, marcouse con xabre de cor amarelo, que destaca ca cor da terra orixinal do xacemento, a zona onde estaría a muralla onde hoxe está desaparecida. Esta acción cumpría una dobre tarefa: protexer os restos da muralla que quedaron á vista trala escavación e indicar aos visitantes que o trazado da estrutura continuaba orixinalmente por ese lugar.



Fig. 12. Vista xeral da Área 1B despois dos traballos de conservación-restauración.

Sondaxe 2

A intervención neste sector puxo ao descuberto un dos accesos ao recinto, obstruído polo colapso do recheo da muralla polo lado oeste. A presión do terreo, que presenta unha importante pendente cara o leste, produciu o derrube do muro da porta, que se a atopaba totalmente cuberto por un entullo de pedra. O muro, de aparello poligonal, preservaba algunhas fiadas na súa base, atopándose case por completo colapsado cara o interior da porta, o que permitiu a reintegración na súa posición orixinal. Por outra banda, o muro leste da porta, cun aparello similar ao *opus quadratum*, recuperouse case completo, faltando unicamente a esquina de peche da porta coa muralla exterior.



Fig. 13. Vista da entrada durante dous momentos da escavación, na que se observan as grandes pedras que conforman o muro oeste.

Para o proceso de restauración, definíronse en primeiro lugar as partes da estrutura que precisaban unha recolocación das pedras aínda conservadas *in situ*, xa fose porque estaban movidas ou por cuestión de tipo estrutural (inclinación excesiva, es-

barrigados, etc.); as partes que precisaban unha intervención de maior envergadura, como a remonta de pezas caídas e o posterior reforzo estrutural das mesmas; e por último aquelas partes que precisaban una restitución ou reintegración de elementos perdidos.

Recolocación. Esta fase de traballos centrouse sobre todo no lado oeste, na cara exterior da muralla, que comprendía a esquina ca xamba de entrada. A xamba, xunto con outras pezas que estaban sobre esta, apareceron desprazadas cara o ámbito da entrada. Para poder intervir no muro oeste, primeiro era necesaria a recolocación desta parte da estrutura. A intervención, realizada de forma manual, consistiu no desprazamento das pedras que estaban vencidas, colocándoas no lugar máis aproximado á súa posición orixinal. Para isto, escavouse parte da base da xamba, e se moveu a mesma empregado ferros do monte, desprazándoa ata o lugar considerado axeitado. O mesmo se fixo cas pezas que estaban sobre a xamba e que causaban as presións que levaron ao seu desprazamento. Eliminouse tamén unha gran raíz que forzaba e desprazaba as pedras, provocando inestabilidade. Este proceso supuxo o desmonte das pedras máis pequenas, recolocándoas posteriormente no seu lugar orixinal.



Fig. 14. Estado da zona oeste da porta, antes e o despois do proceso de recolocación de pedras para o conxunto da xamba.

Remonte de pezas caídas. Unha vez recolocada a xamba, procedeuse á restauración do muro oeste. Este muro presentaban dúas pedras de gran tamaño integradas dentro do paramento, que durante escavación apareceron moi inclinadas. Ademais, conservábase un pequeno tramo do lenzo da muralla, en relativo bo estado de conservación, posto que mantiña as pedras formando a cara do muro, o que serviu de guía para o levantamento e restitución do paramento. En primeiro lugar, limpouse e retirouse toda a terra que ocupaba o espazo das pedras caídas, así como todos aqueles elementos que supuxesen un atranco para o remonte do muro. Isto permitiu levalas ao seu lugar, recolocándoas na posición orixinal. Unha vez liberado o

espazo, procedeuse á restitución das pezas na súa posición orixinal, interpoñendo previamente unha manta de xeotéxtil como elemento separador do engadido. Para asegurar a estabilidade da estrutura, realizouse un recheo de entullo con masa de cal, que reforzaba por detrás estas grandes pedras.

67

Unha vez se ten o espazo preparado para devolver as pedras ao sitio procédese a realizar a restitución das pedras máis grandes ao seu lugar, interpoñendo previamente unha manta xeotéxtil como elemento separador do engadido, xa que houbo que facer un recheo de entullo e masa de cal de reforzo pola parte de atrás estas grandes pedras. Debido ao illamento do xacemento e aos limitados recursos que ata o lugar foi posible desprazar, foi necesario facer uso do enxeño para poder mover as pedras, empregando medios mecánicos e manuais. Unha vez levantadas as pedras e rematando o recheo posterior das mesmas, procedeuse a recrear o resto do muro.



Fig. 15. Proceso de colocación da pedra de maior tamaño do muro.

Restitución ou reintegración de elementos perdidos. Proceso polo que se recuperaran as partes perdidas dun elemento estrutural, neste caso a esquina leste da entrada, que se recuperou parcialmente derrubada. Para a súa recuperación em-

pregouse a propia pedra do xacemento e reproduciuse a súa forma utilizando un aparello construtivo similar ao identificado no muro. A área foi limpada e acondicionada, buscando os mellores asentos para a colocación das pedras, reenchendo o espazo interior do muro con pedras e masa de cal e area, reproducindo o recheo orixinal.

A intervención desta área, ao igual que no caso da Área 1B, rematouse co recheo e nivelación do terreo, empregando a terra retirada durante a escavación, poñendo previamente un xeotéxtil como elemento separador. O espazo que comprendía a entrada cubriuse cunha capa de xabre amarelo, marcando e delimitando a zona de paso.



Fig. 16. Fotografía previa e posterior a intervención no esquinaleste.



Fig. 17. Vista xeral da Sondaxe 2 unha vez finalizada a intervención.

4 O recinto amurallado do Muro de Búbal

A única estrutura recuperada no xacemento de Muro de Búbal –omitindo o pequeno recinto ao leste do conxunto, do cal se falará máis adiante– é a súa gran muralla, que pecha as dúas terrazas do xacemento. Constrúese seguindo un paramento ciclópeo ou poligonal, similar ao utilizado nas murallas da Saceda e sobre todo de San Millao (González Ruibal, 2005)³. Unicamente un dos muros de acceso da porta norte presenta unha tipoloxía construtiva diferente, cun aparello similar ao *opus quadratum*, con pedras rectangulares, traballadas na cara externa e colocadas en liñas superpostas.

69



Fig. 18. Lenzo norte da muralla, no que se pode observar na parte externa o muro poligonal/ciclópeo, mentres a cara interna da porta se constrúe nun aparello similar ao *opus quadratum*.

A muralla cimentase directamente sobre a rocha nai ou creando depósitos de pedras de mediano-gran tamaño naquelas zonas nas que o substrato natural é térreo. Para a súa construción, cortase o terreo, situando a cara externa do muro a unha distancia máis ou menos regular de 2.5 metros. O espazo intermedio é enchido de pedras de tamaño medio, que posteriormente son cubertas de terra. Os poucos alzados

³ Véxase neste volumen o Capítulo 1 referente ós castros da Saceda e San Millao.

interiores identificados no xacemento, mostran unha factura máis coidada, con pedras de menor tamaño, que se elevan a partir do nivel de uso do chan. Un formato construtivo similar foi empregado no castro inacabado de La Forca en Asturias, no que ademais se constatou que o material empregado para a elaboración da muralla proviña do propio afloramento rochoso do promontorio no que se situaba (Camino Mayor et al., 2009: 152-153).

O recinto contaba, polo menos, con dúas entradas: una situada ao norte e intervida durante os traballos de escavación, e outra posible situada ao leste. Ambas se localizan en puntos de difícil acceso, con terreos inclinados e escarpados, pero que probablemente se correspondían con zonas vadeables do río. A terceira porta marcada por Rodríguez Colmenero (1971) correspóndese cun paso contemporáneo. Ningunha das dúas entradas antigas presenta rampla de entrada e os pavimentos son de terra pisada. No caso da porta norte, a única intervida arqueolóxicamente, destaca pola súa falta de disposición defensiva –circunstancia que probablemente comparte tamén a entrada leste–, ao tratarse dun vano espazoso que permite o acceso directo ao recinto. Porén, a escavación interior non acadou unha grande área polo que podería presentar interiormente unha disposición máis complexa.



Fig. 19. Fotografías da Área 1 (esquerda) e Sondaxe 1 (dereita), nas que se pode observar o formato construtivo das murallas.



Fig. 20. Porta norte do recinto.

Destaca a ausencia doutras estruturas no recinto, non recuperándose en ningunha das sondaxes fora da zona da muralla (S1, 3, 4 e 5) construcións ou negativos que puidesen indicar a súa existencia. Una revisión dos afloramentos graníticos presentes en ambas terrazas aportou tamén resultados negativos, non identificándose rebaixes ou cortes antrópicos nas mesmas. Unicamente se rexistra a existencia de pequenos “muretes” ou acumulacións ordenadas de pedras nalgúñas zonas do sector norte, que parecen corresponderse con pequenos bancais. A pouca potencia estratigráfica desta área do xacemento e a ausencia de material asociado, impiden determinar se estaríamos ante estruturas coetáneas ás murallas ou, probablemente, adicións posteriores modernas ou contemporáneas. Unha dúbida similar presenta a pequena estrutura pechada, localizada no sector máis oriental do recinto. Descoñécese a súa funcionalidade, aínda que tradicionalmente asociouse a actividades de transhumancia. A súa construción é claramente posterior á da muralla e, probablemente, ao período de uso do recinto, posto que amortiza parte da porta leste e desmonta parte da propia muralla para construír este peche de aspecto poligonal.



Fig. 21. Estrutura pechada, localizada na zona leste do recinto.

5 Cultura material

Recuperase escaso material moble durante os traballos de escavación, que se asocia principalmente aos niveis de uso e abandono do recinto fortificado. O máis numeroso é a cerámica, con 99 fragmentos de cerámica común, sendo os potes (16 individuos) a forma máis representada, cun único caso de talla rexistrado (1 individuo). O material presenta unha cronoloxía do Ferro Final (s. II-I a. C.) e proven principalmente da Sondaxe 2 (36.4%), asociado aos niveis de abandono, e da Sondaxe 3 (38.4%), asociado probablemente tamén aos niveis de uso ou abandono. O resto de áreas intervidas apenas presentaban restos de material, con un 17.2% para a Área 1B, un 4% para a Sondaxe 4 e un 2% para a Sondaxe 5.

No que respecta a outros tipos de materiais, localízanse restos líticos de funcionalidade dubidosa e tres escouras de ferro (Sondaxe 2). Así como unha punta de lanza en bronce, en bo estado de conservación, procedente do posible nivel de uso da Sondaxe 3.




Fig. 22. Formas cerámicas atopadas nas diferentes áreas de intervención.



Fig. 23. Punta de lanza en bronce, recuperada na Sondaxe 3.

6 Discusión

74 A morfoloxía do xacemento, así como a ausencia de estruturas no interior do recinto amurallado, presentan moitos interrogantes respecto a súa funcionalidade. A primeira teoría que xurde a este respecto é a posibilidade de que se tratase dun proxecto inacabado ou incluso de carácter temporal. Atopamos varios exemplos de recintos inconclusos en Asturias, como por exemplo o Castro de Borrenes, inacabado pola erupción das Guerras Cántabras, ou A Forca, identificado coma un probable refuxio temporal no que a construción da muralla non foi concluída (Camino Mayor et al., 2009: 151). Algúns estudos indican que as murallas serían a primeira obra realizada na construción dun novo castro (Fernández-Posse, 2001: 19-22; Camino, 1995: 121; Orejas et al., 1994: 205), servindo de elemento organizador do espazo. Polo tanto o abandono dun recinto a medio construír, no que solo atopamos murallas, sería unha circunstancia factible. Sen embargo, no caso de Muro de Búbal a muralla rodea por completo o promontorio, presentándose completa e finalizada. Ademais, no caso do Búbal atopámonos ante un gran recinto fortificado, con dúas plataformas diferenciadas, mentres en A Forca o espazo amurallado é moito máis pequeno e sen espazos diferenciados ou adaptados para o almacenaxe de comida e recollida de auga, o que podería indicar ese uso temporal do espazo (Camino Mayor et al., 2009: 152).

Atopamos outros recintos baleiros en o Picu 'l Castru de Moriyón en Villaviciosa (Asturias), un cerro fortificado da segunda Idade do Ferro, cun tamaño similar ao de A Forca e sen ningún tipo de estrutura no seu interior (Camino Mayor et al., 2009: 153); e o Castro de Argüeso (Cantabria), tamén inacabado e datado da primeira Idade do Ferro (Bolado del Castillo 2018). Fora do territorio español, encontramos o caso de Ladle Hill en Reino Unido, coetáneo ao caso de A Forca (Camino Mayor et al., 2009: 153). Xa en Galicia e relativamente preto do Búbal atopamos outros exemplos recentemente investigados como os da Lomba do Mouro (Castro Laboreiro, Portugal) e da Chaira da Maza (Lobeira, Ourense) que foron interpretados como recintos militares ligados ás campañas militares republicanas de Decimo Xunio Bruto (Fonte et al., 2023). Estes son moito máis amplos e cuns límites mediante "muros" ou "estruturas murarias" tipolóxicamente moi afastadas do que pode considerarse como unha muralla, que é o que existe no Muro de Búbal.

Tamén en relación a estes usos comunais/estacionais contamos no rural asturiano con asentamentos interpretados como estivais nos que os gandeiros recollerían de forma conxunta as bestas (González Álvarez, 2011:153). Espazos relacionados coa tasterminancia e a transhumancia, en traslados de curto recorrido a zonas montañosas, próximas ás explotacións gandeiras. O segundo suposto, presenta a posibilidade de utilizar estes espazos baleiros de forma estacional, circunstancia que por outra banda non explicaría a ausencia de estruturas habitacionais no interior dos recintos amurallados (González Álvarez, 2011:152). Outro posible uso comunal

do espazo estaría relacionado co cultivo. Parcero Oubiña (2006) teoriza con esta posibilidade para o caso do Coto do Castro (Cotobade, Pontevedra), composto por un único e pequeno recinto fortificado, con algunhas estruturas no seu interior e con indicios dun achandado intencional do terreo. Porén, todos estes exemplos afástanse do Muro de Búbal en varios aspectos, en dimensións e sobre todo na construción dos límites do recinto. No Muro estamos a falar dunha muralla monumental de prestixio que conserva aínda hoxe zonas con ata 3 metros de altura e cun grosor de 2,5 metros cun paramento moi coidado, a imaxe e semellanza das murallas de sitios próximos como o castro de San Millao –un poboado galaico-romano con estruturas habitacionais–, a Cibdá de Medeiros ou a pobra Saceda.

Unha terceira hipótese xurde do estudio conxunto dos restos e das fontes clásicas: que o **Muro de Búbal fose o *forum Bibalorum***. Para elo, o primeiro é localizar o xacemento no hipotético territorio que ocuparían os Bíbalos no tramo final da idade do Ferro. Plinio o Vello nomea a este pobo como parte do *Conventus Bracarensis*, no tomo III da súa *Historia Natural* (Cuchín, 2009: 112). Na Xeografía de Ptolomeo (II 6, 42) atopamos novamente unha referencia a este pobo, baixo a designación de *Forum Bibalorum*, xunto con outros pobos cos que comparten ese status – *Forum Limicorum*, *Forum Gígurrorum* e *Forum Narbasorum* (Blázquez Martínez, 1977) e localizado na provincia *Citerior* e dentro do *Conventus Bracarum*. O *Padrão dos Povos*, localizado en Chaves (Portugal) é unha columna conmemorativa da construción da ponte sobre o río Tâmega, datada a finais do séc. I d.C., no que aparecen 10 pobos (*civitates*) do convento (os máis próximos a Chaves) e que participaron na súa edificación. Entre eses dez pobos aparece a CIVITATES BIBALI⁴. Ademais, nunha inscrición cerca de Chaves aparece un *Bibalus* (CIL, II, 2475, en Rodríguez Colmenero 1977: nota 44). Todas estas referencias dátanse entre os séculos I e II d. C. (Blázquez Martínez, 1976: 64), afastadas do que realmente están describindo, unha realidade dalgúns pobos prerromanos (*populi*), a maioría localizados na actual provincia de Ourense coas excepcións do *Forum* dos Lemari (Lugo) e outro na Coruña (o *Forum Iriense*) (CIL II, 5629)⁵.

De feito, a única referencia cunha datación absoluta sobre este pobo/territorio, o *Padrão dos Povos* (c. 79 d.C.), xa o nomea como *civitate* que describe unha realidade administrativa de época romana. Grazas a estas referencias, especialmente a do

4 IMP(erator) CAES(ar) VESP(asiano) AVG(ustus) PONT(ifex) / MAX(imus) TRIB(unicia) POT(estas) X IMP(erator) XX P(atri) P(atriae) CO(n)S(ul) IX / IMP(erator) VESP(asiano) CAES(ar) AVG(ustus) F(ilio) PONT(ifex) TRIB(unicia) / POT(estas) VIII IMP(eratori) XIII CO(n)S(uli) VI // C(aio) CALPETANO RANTIO QVIRINALI VAL(erio) FESTO LEG(ato) AVG(vsti) PR(o) PR(aetori) / D(ecio) CORNELIO MECIANO LEG(ato) AVG(vsti) / L(ucio) ARRNTIO MAXIMO PROC(uratori) AVG(vsti) / LEG(ioni) VII GEM(inae) FEL(ix) / CIVITATES X / AQVIFLAVIENSES AOBRIGENS(es) / BIBALI COELERNI EQVAESI / INTERAMICI LIMIC(i) AEBISOC(i) / QVARQVERNI TAMAGANI

5 Hispania Epigraphica: https://eda-bea.es/pub/record_card_2.php?refpage=%2Fpub%2Fsearch_select.php&quicksearch=CIL+II+959&order=5&page=1&rec=11959 [consultado 29/09/2023]

miliario conmemorativo aquaflaviano, a tese maioritaria é a de localizar a este pobo nun territorio entre as estribacións orientais da serra do Larouco e a conca fluvial do río Búbal (Rodríguez Colmenero, 1977: 25)⁶.

76 Outro elemento importante para a identificación do Muro co *forum bibalorum* é a cronoloxía do xacemento. Os materiais recuperados na intervención arqueolóxica apuntan cara unha cronoloxía centrada nas dúas derradeiras centurias (séc. II-I a.C.) previas o cambio de era, en plena época castrexa final e anterior á presenza romana. Non se recuperaron materiais adscritos con seguridade á época romana, como vaixelas finas ou ánforas, polo que se descarta que o sitio continúe en uso –sen descartar certa frecuentación– a partires dun momento impreciso do século I d.C. Ademais dos materiais arqueolóxicos púidose datar mediante radiocarbono un nivel de incendio con abundantes restos de carbóns cortado pola construción da muralla e que aportou unha cronoloxía de 371-199 a. C., o que significa que a muralla foi edificada ó redor do século III-II a.C., acorde polo tanto coas datas fornecidas pola cultura material. Por desgraza, a outra data fornecida polo 14^c, un sedimento con materia orgánica en contacto co sustrato rochoso, aportou unha cronoloxía do Neolítico.

Mostra	Ref. laboratorio	Idade ¹⁴ C BP	Idade ¹⁴ C cal 2 sig. AD	Unidade estratigráfica
M1	Beta-546901	2210 ± 30 BP	371 - 199 Cal BC	Área 1B. Depósito cortado pola cimentación da muralla
M2	Beta - 546902	6220 +/- 30 BP	5179 - 5065 cal BC 5298 - 5198 cal BC	Sondaxe 1. Depósito sobre a rocha na que apoian as cimentacións da muralla

Táboa 1 - Resultados obtidos da realización de datacións radiocarbónicas (C¹⁴).

Outro aspecto de análise é saber que esta a designar o termo *fora* nestas fontes. ¿Están as fontes falando dunha solución romana para administrar un territorio cunhas casuística especial? ou simplemente ¿están dándolle un nome coñecido por eles e que describía perfectamente as funcións destes lugares, a unha realidade que xa existía en determinados territorios en época Republicana?

O máis habitual na historiografía é a de localizar estes *fora* nun xacemento concreto que funcionaría como capital do pobo en cuestión aglutinando nela varias funcións (mercado, reunión, administración ou xustiza). A localización exacta destes *fora*, como lugares cunha funcionalidade específica (capitais), resulta sen embargo descoñecida, teorizándose nalgúns casos que o *Forum Bibalorum* pode-

6 Outra hipótese minoritaria é a de situar o *forum bibalorum* á orillas do río Bibei, na zona de Viana do Bolo.

ría emprazarse no castro de Medeiros (Taboada Chivite, 1955; López Cuevillas & Taboada Chivite 1955). Esta tendencia, sen base empírica arqueolóxica, repítese nos outros casos de *fora* localizados en Galicia co mesmo “éxito” que para o caso dos Bibalos. Porén, o termo *forum* para designar estas poboacións podería indicar a existencia de lugares con funcións similares as dun foro romano (administración, mercado, relixión, xustiza, etc.), mais non tería porque ser unha “cidade/castro” que funcionase como capital, senón un lugar central da comunidade onde residen estas funcións específicas previamente á implantación administrativa romana. Parece claro que os autores romanos empregan unha palabra coñecida na súa linguaxe para designar ou denominar una casuística semellante observada nas sociedades castrexas (Cuchin, 2009: 112; Blázquez Martínez, 1976: 64). Algo semellante xa propuña Xerardo Pereira, *“cada comunidad tenía un territorio propio, en el cual vivían, diseminados, los individuos que la componían. Un pequeño centro donde se concentraban las funciones judiciales, administrativas y seguramente de mercado periódico, era el forum”* (Balil, 1987: 144). A terra dos Bibalos encádrase perfectamente nesta definición de territorio de poboación dispersa, con ata 53 castros (Tranoy, 1981: 64) diseminados por unha xeografía escarpada. Pero en ningún caso parece que Roma está a crear unha “cousa” nova, implantando unha solución administrativa para un territorio, máis ben parece que está a describir unha realidade organizativa existente nestas comunidades. O Muro de Búbal conta con todo o necesario para erixirse como ese lugar central, amplo e perfectamente defendido onde se concentrarían as funcións da comunidade, unha perfecta solución organizativa para comunidades dispersas que ocupaban enormes extensións de terreo.

Esta hipótese implicará a existencia de lugares o suficientemente amplos como para acomodar a poboación de un ou máis castros, nos que se levarían a cabo actividades de carácter comunitario. Os resultados obtidos na intervención do Muro de Búbal ofrecen suficientes indicios como para defender a localización do *forum* neste lugar: o promontorio no que se sitúa atópase nun punto predominante da paisaxe, visible dende todo o perímetro do val e cunha ampla visibilidade do mesmo; está formado por un amplo recinto baleiro e un ágora, no que apenas se recuperou material moble ou indios dunha ocupación/explotación do espazo ao longo do tempo; o acceso ao recinto se realiza a través de portas sen barreiras defensivas, o que descarta a *priori* a súa funcionalidade como lugar defensivo; e a súa cronoloxía é acorde co momento descrito nas fontes, previo a implantación administrativa romana.

7 Conclusións

O proxecto executado pola Universidade de Vigo no Muro de Búbal tiña dous obxectivos claros: emendar os danos sufridos polo xacemento durante os traba-

llos de reforestación do ano 2018 e aumentar o coñecemento arqueo-histórico do lugar e o seu entorno. Distintos puntos da muralla do recinto foron acondicionados, recuperando no trazado sur un aspecto similar ao que tiña antes do incidente e mostrando a disposición dunha das portas de entrada na zona norte. A intervención permitiu datar a muralla entre os ss. III-II a. C. O que implica o uso do recinto fortificado a finais da Idade do Ferro, entre os s. II e I a. C., como demostran os materiais arqueolóxicos.

Porén, os resultados obtidos, sen restos de construcións no seu interior fixo necesario darlle unha explicación a esta realidade. Son aínda moitas as dúbidas e cuestións que permanecen pendentes de resposta tralo remate dos traballos. A funcionalidade do recinto, baleiro na súa parte interna pero rodeado por una gran muralla que recorre todo o seu perímetro, fai que propoñamos que se trata do *Forum dos Bíbalos*, un fito na paisaxe do val do río Búbal que contaría coas funcións propias dun foro para unha comunidade dispersa. A súa relación cos castros circundantes queda supeditada ao avance das investigacións nestes emprazamentos, así como ao descubrimento doutros novos, que poidan aportar un pouco máis de información e que cimenten esta nova hipótese de traballo.

A identificación do Muro de Búbal, un recinto fortificado baleiro, co *forum bibalorum* abre unha nova liña de investigación que vai máis aló dunha resposta a un problema historiográfico. Situar aquí o foro dos bíbalos supón que este pobo, e posiblemente os demais do seu entorno, contaban cunha estrutura complexa organizativa. Construír un recinto deste tipo só se pode explicar por un esforzo comunitario e fálanos dunha comunidade perfectamente estruturada cunha serie de lugares espallados por un territorio perfectamente ordenado para servir ás necesidades da súa poboación. Sitios especializados e con funcións diversas: A Saceda funcionaría como o gran celeiro da comunidade onde se custodiaba o excedente agrícola; A Cidá de Medeiros como lugar de habitación e de produción; San Millao como gran cidade habitacional; Grou como cidade habitacional e produtiva; o Muro como o lugar de reunión e decisión do pobo con funcións diversas pero esencialmente obxecto da expresividade da comunidade (mercado, lugar de reunión/decisión, funcións lexislativas e xudiciais (na acrópole) que afecten á comunidade). Sen deixar de lado que o recinto fortificado puidese servir de defensa comunitaria ou incluso para a protección dos recursos gandeiros chegado o momento. A recuperación dunha punta de lanza no rexistro arqueolóxico non debe ser tomada de xeito banal, xa que se trata dunha arma, sexa de defensa/ataque ou simplemente de representación, que nos pode indicar que a presenza de guerreiros no Muro, reforzando así a súa nova hipótese funcional: o foro do Bíbalos.

Agradecementos

O noso agradecemento aos concellos de Monterrei e Oimbra polo apoio recibido na execución deste proxecto, así como á Deputación Provincial de Ourense por aportar os recursos económicos necesarios para a súa execución. Ó profesor Antonio Rodríguez Colmenero polos datos fornecidos do seu profundo coñecemento da zona e do xacemento. A nosa gratitude tamén para o equipo de arqueólogos e obreiros que participaron na escavación—Mateo Fontán Couto, Allan Meirino de Oliveira, José Feliciano Rodríguez Justo e Julio Afonso André—, sen os cales non tería sido posible levar a cabo o proxecto. 79

Capítulo 03

Novos datos sobre o Verín romano a partires da arqueoloxía urbana

81

Eduardo Breogán Nieto Muñiz

Breogán Arqueolóxica / info@breoganarqueologia.com

1 Introducción

A vila de Verín emprázase en pleno val de Monterrei, na cabeceira do río Támega. Antigamente era este territorio do pobo prerromano dos *Tamagani*, cuxo castro principal posiblemente se empraza no propio monte do Castelo de Monterrei. Sería coa romanización cando no actual emprazamento da vila se estableceu, nas beiras do río, un pequeno *vicus* cuxa importancia iría en aumento aproveitando o tránsito mercantil polas vías secundarias, e incluso terciarias, que atravesaban o val neste sector NW do convento bracaraugustano, partindo da vía XVII por *Aquae Flaviae* (Chaves), como núcleo principal da zona, e enlazando coa vía XVIII polo W cara Xinzo de Limia e deste cara Ourense, Iria e Lugo, ou coa XIX e XX polo E cara *Asturica Augusta*. Tamén a presenza de estaño nas próximas montañas do N, e os mananciais termais ao S, farían do vello Verín un lugar ideal aos intereses económicos e do modo de vida romanos. Conformaríase así unha aglomeración secundaria das máis representativas de Galicia (Pérez Losada, 2002), de tamaño mediano e xogando un rol intermedio entre os núcleos rurais e as cidades. Os cambios no estatuto xurídico dos principais núcleos de poboación no proceso de municipalización de época Flavia, a finais do s. I d. C., poderían ter favorecido a Verín como centro comarcal e administrativo.

As primeiras referencias documentais de Verín corresponden aos *vereganos* citado no *Parrochiale Suevum*, como pertencente á sede auriense. Nesta época o antigo poder romano é substituído polo dunha pequena e emerxente nobreza, cuxa importancia irá en aumento ao longo do medievo. A mediados do século IX, Odoario dirixirá a "repoboación" do val do Támega e a expansión do reino cara o S, erixíndose como o señor principal do val, seguido nun segundo nivel pola propia Igrexa. No ano 931, de feito, cítase "*la villa que vocitant Berini*", nun documento de herdanza dos netos

de Odoario recollido no Tombo de Celanova. É precisamente en mans do mosteiro de Celanova que caerá toda esta terra de Baroncelle, por permuta entre o rei Ramiro II e San Rosendo, no s. X. Durante a Plena Idade Media estará todo este territorio dividido en numerosas circunscricións territoriais a cargo de numerosos señores.

A reactivación urbana virá entre os século XI e XIII coa recuperación dos camiños e o comercio, actuando Verín de novo como centro activo do rico val de Monterrei, ata de novo verse inmersa na crise e os conflitos señoriais dos séculos XIV e XV, tempos en que a vida urbana se ve desprazada polo poderío da Casa de Monterrei, que eclipsará á vila, converténdose nunha das castes nobres máis destacadas da Galicia Moderna, na que coincidirán as liñaxes dos Ulloa, Biedma, Zúñiga e Acevedo. No século XVI os Condes de Monterrei fanse coas terras de Baroncelle, cedidas polo monarca tras habelas adquirido do Mosteiro de Celanova.

Un novo renacer urbano parece ter habido no século XVI coa instalación da primeira imprenta de Galicia nesta comarca e, sobre todo, coa fundación de tres conventos: franciscanos, xesuítas e mercedarios, dos que só se conserva este último.

Contaba o Verín medieval e moderno cunha muralla da que coñecemos o seu trazo coa análise do tecido urbano e a pervivenza de nomes de rúas como a da Muralla ou do Foxo. No século XVII, a raíz da Guerra de Independencia portuguesa, propónse a súa reforma, xunto coa do castelo, inda que sería neste onde se protexeu a poboación na incursión das tropas portuguesas de 1641. A muralla desaparece a finais do século XVIII e inicios do XIX, conservándose só un baluarte sobre a antiga ponte do Tamega.

2 Antecedentes arqueolóxicos

A nivel arqueolóxico serán os estudos de X. Taboada Chivite (1968; 1970; 1976) os que marquen o inicio da investigación neste campo. Desta época só contamos coa información arroxada por restos e información descontextualizada, inda que os estudos realizados seguen a ser hoxe referencia indispensable. Na rúa Luís Espada, próximo a estación de autobuses, no edificio anexo ao antigo cine Buenos Aires, hai referencias da aparición de estruturas rectangulares de cachotería granítica, ademais de achados numismáticos de cronoloxía baixo-imperial; na bibliografía transcendeu como unha vila romana. Ademais desta temos os restos dun balneario na Fontenova, a 500 m. do casco antigo. Na rúa da Muralla apareceu un denario de Augusto e outro bronce mediano ilexible, un *catilus* cerca do cemiterio municipal, unha ara ilexible na antiga capela da Misericordia (na rúa da Mercede esquina coa rúa Cruz) e outra ara a deusa Cibeles no dragado do río Tamega, a uns 100 m. augas arriba da ponte. A todo isto hai que sumarlle miliarios nas vías de acceso a Verín e os restos da necrópole do barrio de San Lázaro.

Achados descontextualizados en niveis de revolto téñense atopado tamén durante as obras de saneamento das rúas Lisa e Maior, entre os anos 1960 e 1967, contándose fragmentos de tégula, ímbrices, muiños e cerámicas romanas; ademais dun bronce do emperador Diocleciano na Praza Maior (Taboada Chivite, 1976).

Terase que agardar ata os anos 90 do século XX, para contar con intervencións arqueolóxicas sistemáticas, inda que teñen sido máis ben escasas, e só unha delas coa relevancia suficiente para ser publicada. Trátase das sondaxes, seguidas de escavación en área, realizadas por M. Xusto Rodríguez en 1993 (Xusto, 1993) e J. Naveiro López en 1994 (Iglesias & Naveiro, 1994; Naveiro & Pérez Losada, 1997), respectivamente, nos solares 21, 23 e 25 da rúa Maior. Nesta intervención foi localizado un nivel baixo medieval superposto a un nivel romano correspondente a unhas estruturas entendidas como *tabernae*, indicándonos unha importante actividade comercial de época romana nesta parte da vila. Estes achados estruturais tiveron a súa continuidade nos restos localizados durante as sondaxes levadas a cabo por quen subscribe este artigo, a finais do ano 2009, xusto ao outro lado da rúa, fronte a igrexa de Santa María, para o soterramento duns colectores, como veremos. Esta intervención ven derivada da entrada en vigor da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español.

Pero non será ata aprobación da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia, hoxe substituída xa pola Lei 5/2016, do 4 de maio, así como do Decreto 199/1997, do 10 de xullo, que regula a actividade arqueolóxica de Galicia, que queden reguladas as cautelas arqueolóxicas que derivaron nun maior e sistemático número de actuacións arqueolóxicas vinculadas ás obras civís levadas a cabo en calquera núcleo histórico, e neste caso nomeadamente en Verín, reguladas tamén no seu planeamento urbanístico. Dentro deste contexto que co desenvolvemento da nosa actividade empresarial como arqueólogos profesionais, tivemos a ocasión e a fortuna de poder levar a cabo numerosas intervencións arqueolóxicas no núcleo histórico de Verín. A perspectiva de xa máis de vinte anos desta experiencia, sumada aos datos doutras moitas intervencións dirixidas por outros compañeiros arqueólogos no mesmo contexto, así como a diferentes achados casuais acaecidos e documentados ao longo dos anos, permite ofrecer a día de hoxe un achegamento máis preciso ao que puido ter sido Verín en época romana.

O primeiro que podemos observar co mapeo da posición das intervencións levadas a cabo na vila de Verín, e en función dos seus resultados, é como aquelas con resultados positivos en canto á localización de restos ou vestixios de época romana se concentran nos eixes das rúas Maior e Lisa, así como na envolvente do suposto trazado medieval da rúa do Pozo e da rúa da Muralla. Nalgún destes casos os resultados, sen ser positivos en canto á localización de estruturas, si o foron na detección de vestixios que indican a pretérita presenza destas, inda que logo terían sido arrasadas pola propia evolución urbana.




Fig. 1. Plano xeral das intervencións urbanas de Verín.

Antes de comezar o relato de cada unha das intervencións, é preciso facer un achegamento ao coñecemento do subsolo da zona vella de Verín. O substrato xeolóxico baixo Verín é moi uniforme, composto por un sedimento de barros amarelados, que alternan en fondura con niveis de grava de aluvión, que aparece regularmente a 1m. de fondura grazas a que a vila se sitúa nunha chaira moi uniforme. Sobre este nivel de barro amarelado, e moi compacto, deposítase outro nivel de barro avermellado, que marca o nivel de ocupación máis antigo, correspondente a época romana, que ven aparecendo sempre a uns 70 cm. de fondura. Xa sobre este, e en función da ocupación posterior, fórmanse as diferentes secuencias estratigráficas.

3 As intervencións arqueolóxicas recentes

Relatamos a continuación un resumo das intervencións arqueolóxicas con resultados positivos en canto á localización de restos ou vestixios de época romana levadas a cabo baixo a nosa dirección, que nos permite ter unha visión máis ampla do conxunto urbano romano de Verín. Aquelas outras con resultados negativos tamén se inclúen nesta visión global, xa que axudan a delimitar a posible extensión do xacemento.

3.1 Praza do Rei

Neste espazo realizouse unha intervención de sondaxes vinculadas á instalación de colectores de lixo soterrados. Durante a mesma púidose documentar, sobre o substrato natural barrento, unha camada de grava, ou *glarea*, para asentar o firme

dunha rúa, entendemos que romana, moi alterada por remocións posteriores. Xa en tempos modernos, sendo rechamante o baleiro cronolóxico medieval, escavouse un pozo e empedrouse a rúa, esta sobre un nivel de queimado que nos indica un nivel de ocupación previo. O resto dos vestixios pertencen xa ao século XX: o muro dun quiosco-bar do que inda hai recordo e figura en moitas fotos das décadas de 1960, o recrecemento da rúa, as conducións de telefonía, gas e o novo lastrado, que veu a substituír a outro anterior, inda que posterior ao descuberto desta volta. O descubrimento de conducións de gas durante a intervención levou a suspender a colocación dos colectores neste punto, coa consecuente e precipitada finalización da intervención arqueolóxica, non pudiendo ir máis aló no estudo.



Fig. 2. Intervención na Praza do Rei.

3.2 Rúa Muralla 37

Unha promoción particular para a rehabilitación integral deste inmoble levou a realizar unha intervención de ata tres sondaxes valorativas distribuídas por todo o soar. A estratigrafía documentada en toda elas foi moi semellante. Resúmese nun depósito de época romana, inda que sen clara relación con niveis de ocupación, por outro lado inexistentes. Estes depósitos, deitados directamente sobre o terreo de barro amarelado correspondente ao substrato natural, parecen froito de arrastres de zonas

86

próximas. Concéntranse ademais nas catas S1 e S2, no interior da casa, estando ausentes en S3, a do exterior. Sucede a estes depósitos un longo estadio de abandono, sen restos de ocupación ata xa época moderna nas sucesivas capas de terra vexetal, con cronoloxía confirmada polas tres moedas atopadas en S3, da primeira metade do século XVII. Deberon ser sempre estes terreos zonas de cultivo e hortas, cando menos dende estas datas. Sobre estes niveis de terra vexetal antiga xa aparecen os recheos vinculados ás nivelacións da obra actual, en época contemporánea. Concluindo, non se atoparon restos construtivos fóra dos da casa actual, e baixo estes, tan só depósitos naturais de época moderna, de gran potencia, que amortizaban os depósitos aparentemente secundarios con material romano xa sobre o barro amarelado correspondente ao substrato típico do subsolo de Verín. Todo isto sen vinculación, insistimos, con niveis de ocupación nin estruturas de ningunha clase.




Fig. 3. Intervención na Rúa da Muralla 37.

3.3 Rúa do pozo 30

Tamén derivada dunha rehabilitación dun inmobile particular, o soar foi sometido a unha actuación de sondaxes, na que se localizou un muro de cronoloxía difícil de establecer pola escaseza de material nos niveis de barro e terra negra que o amortizaban, ao contrario do que sucedeu na outra sondaxe, onde o material era máis ou

menos abundante pero non se atoparon estruturas. Facendo unha lectura en planta de ambas sondaxes, tendo en conta que o muro E-W de S2 se perde baixo a testemuña W, vemos como este, segundo a orientación que leva, tería que ter aparecido en S1. De tódolos xeitos esta sitúase a 2'5 m. da S2, e descoñecemos por completo a extensión dos muros atopados.

87

Curiosa é tamén a diferenza na cantidade de material recuperado nos mesmos niveis en S1 e S2, en concreto no nivel de terra negra. Na primeira foi máis ou menos abundante, atopando tégula, cerámica e incluso moedas, mentres que na segunda, a pesares de terse atopado restos estruturais, o material foi practicamente inexistente, se descontamos os dous fragmentos de tégula recuperados na limpeza do muro. Esta diferenza puidera indicar que o interior da estrutura definida polo muro de S2 se situase cara o W, é dicir, cara S1, mentres que cara o E, é dicir, na propia S2, quedaría o espazo exterior. Isto explicaría tamén o nivel de barro intermedio entre a terra negra e o barro do substrato, carente de interfaces de uso.

Unha maior extensión das catas tal vez puidera aportar maior información, pero motivos de seguridade para evitar o descalce dos muros do predio existente desaconsellaron totalmente unha eventual ampliación da calquera das sondaxes.




Fig. 4. Intervención na rúa do Pozo 30.

3.4 Praza de García Barbón 26 (Casa dos Acevedo)

88

A rehabilitación integral deste histórico inmoble levou a unha actuación de sondaxes interiores, neste caso adaptadas á afección que sufriría o subsolo. Atopáronse nestas sondaxes, nos niveis inferiores, dispostos sobre a arxila e incluso embebidos na mesma, os restos materiais máis antigos (TSH, tégula, vidro romano...) que nos levan a horizontes alto imperiais, se ben aparecen mesturados con espolio medieval e moderno. Consideramos este momento como a Fase I, por desenvolvérense sobre o propio terreo natural, inda que a mestura de materiais indica unhas severas remocións previas á construción do predio en época moderna, que terían destruído os restos anteriores, ou ben un aporte de terras esóxenas ao sitio do solar. Estas remocións tal vez se deben xa á propia construción do predio.




Fig. 5. Intervención na Casa dos Acevedo.

O nivel de arxila natural aparece selado por uns niveis de recheo, correspondentes a unha nivelación para o nivel de uso terreiro orixinal da propia edificación, sendo a primeira fase de ocupación clara, datada nun incipiente século XVII (Fase II). Foi esta etapa de longa ocupación, manténdose a estrutura orixinal do edificio, incluso cos

muros divisorios interiores, que tiñan tamén función estrutural. Os niveis de revolto con material romano e moderno e o único nivel de ocupación claro do século XVII, coincide, a grandes trazos, cos resultados obtidos no nº19 da mesma praza, levada a cabo nos meses de abril e maio do 2008 polo arqueólogo M. García Valdeiras. Xa en época contemporánea construíuse o saneamento do edificio, afectando aos niveis modernos precedentes, cuxos materiais aparecerán mesturados cos de época contemporánea no leve crecemento do piso interior (fase III). Os muros interiores perduraron ata os anos 70 do século XX, cando foron substituídos por un piar de formigón e trabes de ferro, crecendo de novo a cota interior con outro recheo e un novo lastrado de formigón e baldosas, estado no que chegou ata hoxe (Fase IV).

3.5 Rúa Maior 43

Trala escavación de cinco sondaxes, tanto interiores coma exteriores, e contando todas elas con gran potencia, tan só na S2 se localizaron vestixios que puideran indicar unha ocupación de época romana, inda que pola entidade e extensión destes fomos incapaces de determinar de que clase. Nas ampliacións realizadas non se descubriron novos restos que aclararan a cuestión, se non tan só vestixios de ocupación moderna relacionados co predio actual.



Fig. 6. Intervención na rúa Maior 43.

A nivel material apareceron restos cerámicos e latericios que demostran a presenza romana no contorno inmediato, tal vez incluso no propio soar, pero as remocións das que terían sido obxecto en tempos relativamente recentes terían alterado todo o substrato, deixando material en deposición secundaria mesturado con outro de época contemporánea.

3.6 Colectores rúa Maior

Derivado das obras de instalación dos colectores soterrados dianteiros ao adro da igrexa de Santa María, realizouse unha escavación arqueolóxica da área completa ocupada por estes, localizándose restos construtivos de época romana, que puidemos relacionar cos atopados na década de 1990 no soar de enfronte (rúa Maior 21-25) por J. Naveiro e M. Xusto, e cos descubertos en 2018 dentro do propio adro da igrexa por nós mesmos. Sobre o terreo natural localizouse así un muro, con claros niveis de ocupación relacionados, incluíndo un nivel de queimado e derrubes vinculados. Unha primeira ocupación que polo material asociado puidemos datar en tempos alto imperiais.

A ruína desta primeira ocupación parece ter ido parella cunha enchida do río Támega, que tería aportado unha importante camada de grava que asolagou a zona. Esta grava asentouse por toda a zona salvo naqueles puntos onde asomaban nos restos das construcións antigas. Sobre a grava asentouse tamén unha potente camada de terra barrenta. Sobre estes niveis aluviais, e aproveitando as ruínas visibles, construíuse un segundo muro, cubrindo os derrubes cara o W cunha pavimentación. Cara o E serviu de piso o propio terreo natural, de maior potencia neste sector, afondando nel os alicerces da nova construción. Entre estes muros pavimentouse o terreo, chantando a 1m. de distancia entre ambos un apoio para un poste que tal vez servise de soporte a unha cuberta voada sobre o pavimento exterior.

En canto ao uso dos espazos, dada a súa pequena extensión, non foi posible chegar a unha conclusión clara, pero si podemos afirmar que os muros separan cara o W un espazo interior, sobre o que caeu o derrube. A propia feitura do extremo dun dos lenzos indica que se trata do seu final, podendo indicar a posición dunha entrada desde o E. Tralo abandono e ruína desta construción e a posterior reparación do muro, esta entrada parece ter sido tapiada (inda que a destrución da estratigrafía desta zona non permite a súa correcta lectura), construíndose cara o E un novo espazo, sempre exterior pero cuberto ou semi-cuberto (tal como demostra o apoio de poste), delimitado 2 m. máis ao NE por unha nova construción, da que só vemos unha esquina exterior. Deste xeito ábrese un suposto espazo porticado cara o SE e un pequeno paso de 2'15m cara o NW, entre ambas construcións. O nivel de abandono das novas construcións, para as que carecemos de probas para a súa datación (máis co propio pavimento e a súa disposición directa sobre o derrube datado en época alto

imperial) márcao o nivel que amortiza toda a sondaxe, só alterado no sector W por intrusións modernas.

Os muros romanos localizados presentan todos eles unhas aliñacións NNW-SSE e SSW-NNE, coincidentes coas das estruturas descubertas entre 1993 e 1994 no soar 91 dianteiro. As características das estruturas localizadas en ambas escavacións lévannos a considerar que estamos ante construcións enfrontadas a lados diferentes dunha mesma rúa, tal e coma sucede hoxe, sendo así a rúa actual unha fosilización do tecido urbano romano.




Fig. 7. Intervención no adro da igrexa e nos colectores da rúa Maior.

3.7 Adro da igrexa

Con motivo dunha actuación de mellora urbana do espazo do adro parroquial, leváronse a cabo dúas sondaxes, unha mesmo fronte ao colectores anteriormente descritos, e outra máis próxima á igrexa. Con elas puidemos facer unha valoración xenérica e aproximada da potencialidade arqueolóxica deste soar. Chama a atención a ausencia de restos e vestixios construtivos na súa parte traseira, a máis próxima á igrexa e afastada da rúa, onde só se atopou material cerámico nunha posición

92

secundaria e moi residual. Puidera en todo caso estarnos a indicar o nivel de ocupación desta área traseira as estruturas presentes na parte dianteira, xa fronteira á rúa Maior. Neste sector dianteiro, porén, a presenza de construcións romanas é notable, detectando incluso varias fases construtivas e reformulacións do espazo habitacional, a pesares da pouca extensión da área escavada.

É singular tamén o feito de que tanto a orientación como a proxección dos muros coincide cos atopados baixo os colectores soterrados dianteiros, xa na rúa, e por extensión cos tamén atopados do outro lado da rúa. Defínese así un conxunto construtivo organizado a través dun eixe viario coincidente coa actual rúa Maior, posiblemente combinado con outras rúas transversais. Ao redor dese eixe concentrárase a ocupación daquel entón, quedando os espazos traseiro desocupados e dedicados tal vez a hortas ou outras actividades que non terían deixado pegada.




Fig. 8. Relación dos restos do adro da igrexa e da rúa Maior cos da mesma rúa en 1993.

Os restos constructivos localizados na sondaxe S1 continúan cara os catro puntos cardinais, por baixo de cadanseu testemuño. No S cara os restos xa descritos da rúa Maior; cara o E por baixo do camiño de lastras actual do adro e de acceso á igrexa;

e tamén cara o W e o N. Restaría por comprobar o alcance e a extensión total deses restos construtivos, xa que cara o N sabemos que no sector de S2 non existen.




Fig. 9. Resultados da intervención nos colectores da Rúa Maior.

3.8 Outras actuacións

Outras actuacións realizadas máis cara o E non foron tan frutíferas; concretamente o control dirixido por S. Ferrer Sierra na Praza Maior, ou as sondaxes no nº19 e nº26 (A Casa dos Acevedo) da mesma praza, dirixidas respectivamente por M. García Valdeiras e por nós mesmos no ano 2008. En todas elas só se recuperaron restos cerámicos e de material latericio romano en deposición secundaria, mesturados con cerámica contemporánea; os únicos niveis de ocupación clara correspóndense xa a época moderna, anterior ao século XVIII.

Outros restos de contexto romano foron localizados durante as sondaxes seguidas de control arqueolóxico realizadas por M. García Valdeiras nos anos 2000 e 2001 na esquina das rúas Luís Espada e da Mercedes. Localizouse entón un pozo do último terzo do século I d. C. e un nivel romano moi destruído. Na traseira deste solar,

coincidindo co nº6 da praza da Mercede, realizamos unhas sondaxes a comezos de 2009, con resultados negativos.

- 94 Na rúa Lisa apareceron tamén restos de época romana no transcurso das últimas intervencións dirixidas por S. Ferrer Sierra. As sondaxes por el realizadas nos números 14, 16 e 18 no ano 2009 deixaron ao descuberto os restos dunha rúa de feitura romana, a base de gravas prensadas en dous niveis diferentes, que nos fan de cando menos dúas etapas de ocupación; non habendo localizado, porén, restos estruturais. Seguía esta vía unha aliñación SW-NE, en paralelo co trazado da rúa Maior. Supúñase a súa continuación atravesando a rúa Lisa, sen embargo, no seguimento das obras de mellora da rúa, dirixidas polo mesmo arqueólogo no ano 2007, non se tiña detectado resto algún; habendo sido, seguramente, destruídos canda as obras de saneamento e subministro nas décadas precedentes.

Por outro lado, obtivemos resultados negativos no control de obra levado a cabo para as conducións de gas cidade na fronte sur da Alameda en 2014, así como nas sondaxes practicadas na rúa Elle nº4 en 2016 e nos números 3 e 6 da praza da Mercede, nos anos 2011 e 2009, respectivamente.

4 Interpretación

É así como despois dunha perspectiva de varias décadas de intervencións arqueolóxicas urbanas, grazas ás esixencias da normativa urbanísticas derivadas das cautelas establecidas no PEPRI, e unha vez posto en relación os resultados de todas elas, que é posible obter unha visión global do que supuxo o pasado romano de Verín.

As primeiras conclusións que se obteñen sinxelamente coa localización das intervencións sobre o plano da vila, discernindo as que deron resultados positivos das que non, e contextualizando os restos cronolóxicamente, é a posible extensión do núcleo romano e a concentración do mesmo na beira esquerda do río Támega, coincidindo co actual centro histórico da vila. Os restos máis claros sitúanse ao longo da Rúa Maior e na contorna da Igrexa de Santa María, se ben tamén se localizaron restos nas rúas máis centrais da urbe medieval. Describen a disposición dos restos unha forma alongada no eixe leste-oeste, dibuxando unha ordenación lonxitudinal, tal vez orixinada e desenvolvida co tránsito viario. Este eixe vese reforzado coa localización ao oeste do río, no actual barrio de San Lázaro, da necrópole romana, sempre situadas nas entradas dos núcleos habitados. Cara o lado contrario, o leste, xa fóra do que sería o centro romano, localizáronse restos de edificacións illadas, de carácter agrícola, propias tamén das aforas dos núcleos habitados.

Dese antigo poboamento parece terse conservado o trazado das rúas principais da zona vella da vila, como fosilización dos eixes E-W nas rúas Maior e Cruz e N-S nas

rúas Lisa e a propia Praza Maior. A prolongación do eixe E-W pola rúa Maior, lévanos como vimos cara a antiga ponte do Tâmega, seguindo a ruta cara Xinzo. Tería este antigo núcleo, dacordo aos estudos realizados, unha superficie de entre 7 e 8 ha., cunha necrópole de entre 2 e 3 ha., cunha cronoloxía aproximada de entre finais do s. I d. C. e o século III d. C. A necrópole dilata a cronoloxía ata o s.VI d. C., indicando unha ocupación máis longa no tempo, inda que de menor entidade coincidindo coa tardoantigüidade e a alta Idade Media.




Fig. 10. Interpretación da extensión do Verín romano (Pérez Losada, 2022: 236).

Dentro desta grande área, en vista destes resultados, cabería pensar que o núcleo principal e nuclear se atopase no entorno da igrexa de Santa María, tal e como demostran os únicos restos estruturais da época atopados ata o de agora. Os restos dunha suposta *villa* no solar do cine Buenos Aires, na parte leste da vila e xa fóra do casco vello, ou a presenza do pozo na esquina da rúa de Mercedes coa avenida Luís Espada, poderían indicar unhas instalacións de tipo agrícola nas aforas do núcleo principal.

Tería sido así o Verín romano un núcleo de certa importancia nos primeiros séculos da Era, reforzado polo seu carácter viario e seguramente potenciado pola proximidade de Xinzo e sobretudo de Chaves, actuando a modo de centro comarcal dun entorno

eminentemente rural, en vista das numerosas villae e granxas localizadas nunha contorna de gran fertilidade agrícola; sen esquecer a riqueza mineira das montañas que arrodean o val polo norte, xa cara Castrelo do Val e Laza. Non queda probada aínda a continuidade desa ocupación ao longo da Idade Media, onde os tempos convulsos, onde a proximidade da nova fronteira portuguesa debeu ter un importante papel, levou á poboación a procurar o amparo do inmediato Castelo de Monterrei. Non sería así ata o século XVI, tal e como se testemuña na documentación existente, que Verín voltaría a ser un foco de atracción de poboación, en paralelo ao abandono da acrópole de Monterrei nese entón.

Capítulo 04

A terra de Baroncelli, o conde Odoario e a “repoboación” do alto Val do Támega na alta Idade Media, ss. IX ao XI

97

Nieves Amado Rolán

Arqueóloga profesional. Membro-colaboradora do GEAAT da Uvigo (Grupo de Estudos de Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio da Universidade de Vigo). Membro da Sección de Patrimonio do Consello da Cultura Galega / nieves.amado@gmail.com

1 Introducción

Por volta do ano 711 prodúcese o colapso do reino visigodo, pola entrada no sur da península ibérica dos árabes musulmáns. Complétase a conquista da península cara o 714-16 incluíndo o noroeste. Poucos anos estiveron os árabes ocupando a actual Galicia, pois polo ano 740 xa estaría libre deles, segundo investigadores actuais (Rodamilans Ramos, 2018: 187), por pactos de capitulación cos invasores mediante o tributo.

Porén na terra que nos ocupa, a actual comarca de Monterrei e parte da Limia, houbo incursións posteriores documentadas. No s. XI prodúcese unha desas incursións de “mouros”, que se reflicte nun documento do ano 1042, no que se relata que no reinado de Fernando I, houbo unha insurrección en Albarellos (Monterrei) e Rebordondo (Cualedro), na que os colonos non obedecían nin facían os servizos debidos aos seus señores, dando a entender que a *razzia* dos musulmáns producira desorganización e envorcado social:

“Et post non multum tempus surrexit alfetena et venerunt mauros in illa terra, et paraverunt se ipsos homines in superbia et miserunt ipsas villas in contenta, et noluerunt exhibere servitium quod erant soliti (Andrade Cernadas, 1995: doc. 151).”

Coa invasión musulmá prodúcese un baleiro de poder, a desaparición de calquera tipo de organización político-militar, rompendo a continuidade romano-suevo-visigoda. Iso non quere dicir que houbera un *ermamento* poboacional, senón que foi unha *repoboación sen despoboación*. As xentes do noroeste seguirían o seu ritmo vital dirixidas polas elites e caudillos locais. Neste contexto alúdese na historiografía á “repoboación” do nacente reino galaico-ástur, que se define por un proceso de

expansión, reestruturación do espazo, reorganización poboacional, incorporación e integración paulatina e progresiva pactada entre os delegados rexios e as elites dirixentes, de novos territorios e nova organización político-militar. Neste senso o val Baroncelli foi obxecto de investigación para demostrar que a invasión musulmá tivo unha baixa incidencia no sur de Galicia e que non houbo tal despoboación, senón unha continuidade de poboamento desde tempos prerromanos (Pérez Rodríguez, 2015: 6).

No reinado de Afonso I (739-757) iníciase a expansión asturiana cara terras adxacentes. Con Fruela I (757-768), consolídase esa expansión, nas marxes do río Miño. Entre o 865 e o 868, intégrase o espazo entre os ríos Miño e Limia, no reinado de Ordoño I, (López Quiroga & Rodríguez Lovelle, 1997: 715). Con Afonso III o Magno (866-910), o gran monarca repoboador, chégase á liña do Douro (Martínez Lema, 2018: 142).

Esta expansión do reino fíxose mediante a *presúria*, ocupación e apropiación de terras de forma máis ou menos pacífica, con acceso á propiedade, abandonadas ou pertencentes a comunidades locais, primeiro de forma privada e despois con sancionamento do Rei mediante o *cornu* e o *alvende* –sancionada en acto público ao toque de trompa ou coa ostentación das insignias rexias–. Transferencias de poder que permitiron á monarquía asegurar a fidelidade e o apoio dos grupos sociais máis influentes, dándolles *comitatus*, *mandationes* e *commisos*. Cos condes e demais familiares investidos da autoridade rexia, acompañánnos nas presúrias outros personaxes aliñados co novo ordenamento político, como bispos, clérigos, campesiños etc., que esperan a súa porción de terras.

... Adefonsi principis per editum suum venit Oduarius cum collegas suos et fecerunt presuras per undique locus in regione Callecie (Carriedo Tejedo, 2014: 28).

Polo tanto, esta etapa altomedieval pode definirse coma un reinicio da Historia, con máis liberdade do individuo, aumento do campesiñado libre e propietario, herdanzas igualitarias, filiación cognaticia e conformación da nova aristocracia galaica.

No espazo meridional de Galicia temos a sorte de contar coa importantísima documentación altomedieval do Tombo de Celanova, na que se reflicte, para a nosa área de estudo, unha riquísima panoplia de datos históricos, económicos e sociais, tendo en conta que o mosteiro de San Salvador de Celanova posuía, dende o s. X, a parte central do val do Támega galego.

2 A terra altomedieval de Baroncelli, actual comarca de Monterrei

Baroncelli é un antropónimo derivado dun *Baroncellus*, de orixe xermánica, que aparece na documentación con distintas formas e grafías: Baroncelli, Baronzelli,

Baranzeli, Baroncello, Baroncelle, Varoncelle, Varoncelli, Varoncellus... Coñécense varios nomes de persoaxes senlleiras do s. X, coma Fáfila e Aurelius Baroncelli ou Sisnando II Baroncelliz, bispo de León (Carriedo Tejedo, 2002:152). Tamén existen topónimos actuais noutros lugares da xeografía galega, coma a parroquia de Santiago de Baroncelle en Abadín, Lugo; Baroncelle, lugar do concello de Rodeiro en Pontevedra e Santa Comba de Baroncelle na parroquia de Moialde, concello de Vilardevós.

Moi posiblemente a denominación de Baroncelli veña dos tempos do conde Odoario, na incorporación e reordenación administrativa do val do Támega ao reino galaico-astur, a finais do s. IX. Este distrito ou *commissa*, estaba mandado por un conde nomeado polo monarca, así a mediados do s. X sabemos que eran condes de Baroncelli Rodrigo e Suero Gutiérrez, da poderosa familia aristocrática galega dos Osorio, irmaos do "Conde Santo", nomeados polo rei Ramiro II, (Andrade Cernadas, 1995: doc 93, 95). Sucede a éstos na segunda metade do s. X, o poderoso conde Rodrigo Velazquez, quen protagonizara a primeira batalla entre nobles galai-cos, no monte da Aguioncha, na Limia, contra o conde Gonçalo Mendes (Andrade Cernadas, 1995: 265). En torno aos anos 1000-1030 era conde Rodrigo Ordóñez, sobriño dos Osorio e de Rodrigo Velázquez, con inmensas propiedades na zona de Baronceli (Andrade Cernadas, 1995: doc. 369, 552). Posteriormente suceden na saga condal, tanto en Baroncelli coma na Limia os Velázquez, cunha longa historia condal de varios séculos.

A primeira mención ao val de Baronceli prodúcese a principios do s. X, o 21 de outubro do ano 921, cando o Rei Ordoño II se atopa no val de Baronceli, onde recibe ao abade Franquila e ao seu cuñado o conde Gutier Menéndez, pai de San Rosendo, os cales lle piden permiso para levar a cabo a restauración do derruido mosteiro de San Esteban de Ribas del Sil.

"...Modo tamen in VII anno regni nostri quum essemus in valle Baroncelli..." (Taboada Chivite, 1956: 84)

Nun principio pódese colixir que o topónimo de Baroncelli proveña do *Castrum Baroncelli* (Andrade Cernadas, 1995: doc. 95), actual promontorio e castelo de Montereí, faro conspicuo e dominante do val do Támega, despoboado xa a mediados do s. X, e que este topónimo pasara despois á vila de San Fiz de Pazos, situada aos seus pés polo oeste, para extenderse o nome posteriormente polo resto do *vallis e territorio* (Andrade Cernadas, 1995: doc. 461, 117) de Baroncelli. En calquera caso o topónimo é contemporáneo para os dous lugares; porén no s. X a vila de Pazos parece ser o centro deste territorio documentándose coma *urbis* (Andrade Cernadas, 1995: doc. 95) e *villa Baroncelli* ou coma *"villa sancto Felice quod superadito vocabulo dicitur Baroncelli"* (Andrade Cernadas, 1995: doc. 467).

A Terra de Baroncelli estaba subdividida noutras circunscricións menores, Cabreira ao norte da actual comarca de Monterrei, Lobarzana⁷ ao sur e oeste, e Soutovermudo⁸ ao leste, as cales xa aparecen nomeadas nos ss. X e XI. A finais do s. XII, no litixio que enfronta ás sés episcopais de Braga e Ourense, por cuestións eclesiásticas pero daquela mezcladas coas civís, os testigos foron preguntados polos límites da terra de Baroncelli. As respostas deixan claros os límites, extensión e subdivisións de Baroncelli: polo leste o río Mente, polo norte o Monte Mísero e a “pedra escrita” de Tamicelas –os dous situados no límite noroeste actual do concello de Laza coa Limia–. Tamén se mencionan as tres entidades menores xa nomeadas, que a partir dos ss. XI-XII estiveron rexidas desde os castelos correspondentes de Cabreira e Lobarzán (Vaquero Díaz & Pérez Rodríguez, 2010: docs. 74, 75, 76).

Hai que salientar que a subterra da Lobarzana dentro de Baroncelli, era unha demarcación que chegaba até perto da cidade de Chaves, e até o Barroso en Portugal. O couto de Ervededo, o mosteiro de San Paio de Ozio (actual São Caetano en Ervededo), e as aldeas de Calvelos (actual despoboado na raia), Vilarelho da Raia, Vilela Seca, Vilaverde da Raia, Castelãos e Calvão formaban parte da Lobarzana⁹ dentro de Baroncelli. Vilar de Perdizes no Barroso, pertencía asimesmo á Lobarzana.

Na actualidade existen algúns topónimos fosilizados que inciden nos antigos límites de Baroncelli, os cáles non variaron moito respecto aos actuais da comarca de Monterrei. O lugar de Santa Comba de Baroncelle, no concello de Vilardevós, está no extremo surlleste da antiga subdivisión de Soutovermudo, xunto cun regato próximo chamado Baronceli. Existen outros dous topónimos fosilizados que están marcando o límite norte da antiga Terra de Baroncelli, na subdivisión de Cabreira: o monte Baroncello e o Alto do Baroncello, ao norte do concello de Laza no límite con Chandrexa de Queixa.

7 Ano 982 ... *villa Olimbria nuncupata, qui est scita vallis Baroncelli vocata, sub fundo Loprazana, rivulo currens Tamega...* (Andrade Cernadas, 1995: doc. 461).

8 Ano 1029 ...*In Sauto Veremudi...* (Andrade Cernadas, 1995: doc. 457).

9 Ervededo, Calvellos e Vilarelho da Raia documéntanse en 1029 e 1031 (Andrade Cernadas, 1995: 457, 148): *Villas prenominate id sunt: In valle Baroncelli, Ervededo, Calvellos, Villarelho...* Por outro lado Vilela Seca, Castelãos, Calvão, Vilar de Perdizes e o mosteiro de Ozio documéntase no S. XII (Vaquero Díaz & Pérez Rodríguez, 2010: docs. 74, 75, 76) ...*in Uillela, que est in termino de Lobarzana, uilla de Castelanos, in termino de Lobarzana...*, *villa de Caluon in termino de Lobarzana...*, *ecclesiam de Uillar de Perdices in termino de Lobarzana...*, *in monasterio de Ozio, quod est in termino de Lobarzana...*




Fig. 1. Aproximación xeográfica á terra altomedieval de Baronceli (Elaboración propia a partir de plano da Xunta de Galicia).

A primeira partición de Baronceli prodúcese en 1078 despois dun litixio entre a sé de Braga, recién restaurada, e a de Ourense, polo territorio de Baronceli, na que Braga o reclamaba coma seu desde os tempos do parroquial suevo. O rei Afonso VI dalle a razón á sé Braga, aínda que o bispo Pedro bracaranse cede coma doazón vitalicia ao bispo Ederonio de Ourense, a metade dese territorio coa condición de que estivera baixo o señorío da Igrexa de Braga (Da Costa, 1978: nº 27-27a). Este litixio tivo lugar no *oppida* de Tróia, situado en Mairos, moi perto da raia actual, dando lugar á pri-

meira fronteira, neste caso relixiosa, que se trazaría polo mesmo lugar no s. XII, coa independencia política de Portugal, convertindo a Terra de Baronceli, actual comarca de Monterrei, nun territorio fronteirizo até a actualidade.

- 102 O temor auriense a futuras reivindicacións de Braga, tivo como consecuencia probablemente, que a sé auriense crease o arcediagado de Baronceli coma unha das primeiras dignidades nas que se compartimentou a diocese, documentado xa en 1151 (Pérez Rodríguez, 2015: 7).

O nome de Baronceli pervivirá no ordenamento político-administrativo até mediados do s. XIII, cando se funda a vila reguenga de Monterrei por Afonso X. Paulatinamente vai desaparecendo dos documentos civís, substituído polo de *Val de Monterrei*. Porén seguiu existindo no distrito relixioso do arcediagado de Baronceli até o s. XIX. Este arcediagado superaba a demarcación do Baronceli civil, chegando polo Noroeste ao nacemento do río Arnoia, coas parroquias de Rebordechao, Prado e Rioboo, e polo leste incluía as Frieiras e chegaba ás Portelas, con Padornelo e Santistevro da Teixeira coma últimas parroquias.



Fig. 2. Os arcediagos da diocese de Ourense (Duro Peña, 1964).

3 O conde Odoario, presor e repoboador do val do Tâmega galego-portugués

Foi un conde ao servizo do Rei Afonso III o Magno, quen a partir do ano 872, lle encarga a conquista, a integración no reino galaico-astur, e un novo ordenamento do val do río Tâmega galego-portugués, na conca do Douro, daquela unha única unidade xeográfica e administrativa, con Chaves como centro e sede condal. Na provincia de Ourense Odoario coloniza o val do río Avia, a bacía do río Tâmega e a vasta comarca da Limia a finais do s. IX (Martínez Lema, 2018: 142).

Colonizador, presor¹⁰ e repoboador de gran parte da provincia de Ourense e da de Trás-os-Montes no norte de Portugal, recibe do rei a autoridade *ad populandum* sobre as comarcas de A Limia e o val do Tâmega, as cales incorpora dentro das estruturas políticas, económicas e sociais do reino galaico-astur que dirixe desde a súa residencia na cidade de Chaves (Baliñas Pérez, 1995: 41).

"...Data est terra ad populandum illustrissimo uiro domni Odoario digno bellatori in era D CCCCX^a, a principe serenissimo domno Adefonso qui uenit in ciuitatem Flauias, secus fluuius Tamice, uicos et castella erexit et ciuitates muniuit et uillas populauit atque eas certis limitibus firmavit et terminis certis locauit et inter utrosque abitantes diuisit..." (Andrade Cernadas, 1995: doc 265)

O padre Gándara, di referíndose ao conde Odoario:

"A su cuidado, fidelidad y diligencia encargó el Rei la población de la mayor parte de la Prouincia de Orense que auia quedado destruida con la entrada de los Moros. Pobló y reedificó las villas de Pazos y Verín con su comarca en el valle de Varonceli que es hoy el que llaman Monterrey y fué señor de ellas y de aquel valle por donde pasa el rio Tâmega". (Gándara, 1677: 141)

A finais do século IX, no 899, aparece documentado públicamente por última vez, na acta da consagración da catedral de Santiago por Afonso III. Odoario aparece coma un dos magnates presentes ao lado do Rei, coma *Castelle comes*, conde da Castela ourensá, unha circunscrición altomedieval galega localizada no actual espazo xeográfico do Carballiño e o Ribeiro de Avia. Todos os indicios parecen indicar que procedía dela e que nela estivo a base inicial de partida do seu poder (Baliñas Pérez, 1995: 41).

E neste mesmo senso, da súa procedencia e propiedades na Castela ourensá, incide un documento dunha doación no val do Deza do ano 968. Recoñécense nel os límites da antiga terra de Castela na actual comarca do Carballiño, neste caso o porto de

¹⁰ *...per iussionem regiam et domni Adefonsi principis per editum suum uenit Oduarius cum collegas suos et fecerunt presuras per undique locus in regione Calleeie* (Carriedo Tejedo, 2014: 28).

Cusanca no Irixo, deslindado con Dozón na comarca do Deza, onde se atopa a pena de D. Oduario con marcas gravadas da demarcación.

104

“ <.. et> Inde ad retorta de portu de cusanca. et Inde ad <penna> de don oduario sculta et scripta ubi stat illa arca...” (Souto Cabo, 2009: 250)

Despois de acadar un grande dominio condal e patrimonio fundiario na bacías do Avia, Limia e Támega, polas presurias e incorporacións desas terras ao reino galai-co-astur, os descendentes de Odoario desaparecen da documentación a finais do s. X. Aparecen anteriormente a súa filla Pinoti, que posúe Faramontaos no 941¹¹, o seu neto Pedro que posúe Verín no 931¹², e o seu primo Odoino e descendentes, aos que lle deixa a igrexa e posesións de Santa Comba de Bande e a zona de Grou na Baixa Limia, nomeados no coñecido diploma do ano 982 (Andrade Cernadas, 1995: doc. 265). É moi posible que dúas mulleres nobres, Pinoti e Eiloni “Goda”, fundadoras do mosteiro de Santa Cruz de Vilaza en 985, no actual concello de Monterrei, polos seus patronímicos e as súas importantes posesións na Limia e Baronceli, moitas das cales llas ceden ao mosteiro, foran parte da familia de herdeiras do conde Odoario. Mesmo é posible que Pinoti “Goda”, sexa neta ou sobriña-neta de Odoario. Este nome de Pinoti, nestas datas é común entre os familiares do devandito conde, estando asentadas ademais na Limia e Baronceli, territorios polos que andivo e posuui: unha irmá Pinoti, unha filla Pinoti, unha prima Pinoti...

A colonización e a acción repoboadora de Odoario no val do Támega, como o define a frase do Tombo de Celanova (Andrade Cernadas, 1995: doc. 265), no que se di que poboou vilas e fundou castelos e aldeas, queda patente no rastro toponímico actual da bisbarra, na que algúns xentilicios reflicten as migracións interiores de Galicia, con grupos de poboación vindos do norte que se instalan en lugares máis ao sur: Sarreaus no concello do Riós e no de Sarreaus, con poboadores procedentes do val do Sarria; Queirugás no concello de Verín, con poboadores de Quiroga, Naveaus no concello de Laza, con poboadores procedentes do val do Navia; Castelaus na Limia e Castelãos en Chaves e Macedo de Cavaleiros, con poboadores procedentes da Castela ourensá, ou Limãos en Chaves, con poboadores procedentes das terras da Limia... (Martínez Lema, 2018: 147-158)


Atribúense tamén ao conde Odoario en Chaves:

- A fundación da *civitate* e a construción do castelo primitivo de Chaves, do s. IX (Barroca, 2018: 188).

11 Os pais de San Rosendo, Gutier e Aldara, fan doazón ao mosteiro de Celanova da *villa quam dicunt Foramontanos ad integro, secundum illa obtinuit Pinotti filia Oduarii*. (Andrade Cernadas, 1995: doc. 48).

12 O magnate Vasco Rodríguez e a súa muller Trudilde trocan a vila de San Pedro de Cameledia co matrimonio de Pedro e Vilone, que lle entregan a cambio a *uilla que uocitant Berini que habemus de auio nostro domno Oduario*. (Andrade Cernadas, 1995: doc 460).

- O castro da Curalha, Chaves. Está considerado como un dos exemplos dos povoados que ergueu o conde Odoario, despois de asumir o control da zona de Chaves en 872 (Barroca, 2018: 183).



4 A paisaxe relixiosa altomedieval na antiga terra de Baroncelli.

4.1 A igrexa de Santa María de Mixós, símbolo da Alta Idade Media na comarca de Monterrei

106

É o único edificio prerrománico na actual comarca de Monterrei, antiga Terra de Baroncelli, que conserva varias partes máis ou menos íntegras da etapa altomedieval –fachadas leste e norte, presbiterio, arcos de ferradura interiores, modillóns etc.–. A súa datación na segunda metade do s. IX, coincide coa etapa de reordenamento do conde Odoario, polo que non estaría errada a hipótese de que fora él quen a mandara edificar ou reedificar, se como apuntan algúns autores (Lorenzo Fernández, 1972: 75-110), xa existira unha edificación previa.



Fig. 4. Fachada prerrománica leste da igrexa de Sta. M^a de Mixós, Monterrei (Fot. AHPO, anos 50-60).

Etapa altomedieval. Datada entre 818-915 d.C. como máis probable a segunda metade do s. IX, segundo a análise de morteiros do “Proxecto Emchahe” (Sánchez Pardo et al., 2018: 101). No primeiro cuarto do século XI documéntase por primeira vez o mosteiro de Mixós, localizado na contorna esquerda da igrexa prerrománica, polas evidencias de numerosos sillares decorados, arcos, dovelas etc. reaprovei-

tados nos muros das casas particulares. Sucede cando en 1025, *Savaricus, prepositus de monasterio Muisolus*, participa como xuíz nun pleito no que aparece como testigo *Magister Santius, confessus et iudex de monasterio Moixelos* (Pérez Rodríguez, 2015: 11).



Fig. 5. Pezas reaproveitadas nas traseiras das casas particulares á esquerda da igrexa de Mixós (Foto: N. Amado).

Etapa baixomedieval. No reinado de Afonso VII, entre 1126 e 1157, o Rei dona Mixós ao mosteiro de San Salvador de Celanova (Pérez Rodríguez, 2015: 12). No s. XIII documéntase a *oubenza* territorial de Mixós, que agrupa os bens territoriais de Celanova na terra de Baronceli (Vaquero Díaz, 2004: doc. nº 12, 88).

Etapa moderna ou renacentista. En 1555 o Emperador Carlos V desmembra do mosteiro de Celanova, Pazos, Verín, Mixós e a Pousa de Castrelo, que pasan a xurisdición real, para logo venderllos ao conde de Monterrei, Alonso de Acevedo Zúñiga e Fonseca, por 10.000 ducados, (Taboada Chivite, 1951: 45), aínda que esta venda afectaba só á xurisdición civil e criminal, e non ás propiedades ou á xurisdición relixiosa. En 1615 o pai Yepes di que nesa data o mosteiro de Mixós facía tempo que non existía, abandonado polas monxas bieitas pola falta de rendas para o seu sustento (Castillo López, 1928: 265).

4.2 O mosteiro de *Servo Dei*, fundado na segunda metade do s. IX. Castrelo do Val

A fundación do mosteiro de Santa María de *Servo Dei* do que deriva o nome da aldea de Servoi en Castrelo do Val, debeu ser contemporáneo, ou mesmo anterior á igrexa e mosteiro de Santa María de Mixós. Segundo Frai Benito de la Cueva, monxe bieito do mosteiro de San Salvador de Celanova, que no século XVII estudiou os documentos conservados no mosteiro, existiu no reinado de Ordoño I, entre os anos 850 e 866, un monxe bieito de santidad recoñecida, chamado *Servo de Deus*, que se

retirou aos montes da Vila de Monterrei (daquelas terra de Barancelli), cara a parte oriental, e nunha igrexa adicada a Santa María, fixo vida eremítica algúns anos. Despois fixo un convento para os discípulos que se lle xuntaron e foi o seu abade. Anos máis tarde, o Rei Afonso III "*O Magno*", fillo de Ordoño I, tivo novas da santidad que profesaba o monxe no mosteiro de *Servo Dei*, e levouno como abade para San Pedro de la Nave, doándolle en 877 a vila de Vilar de Perdices na provincia de Zamora (De la Cueva, 2007: 246).

O antigo mosteiro de Servoi segue estando moi documentado na etapa baixomedieval. En 1132 o emperador Afonso VII doa o mosteiro ao bispo de Ourense, D. Pedro Seguin, pasando a depender en toda esta etapa da catedral de Ourense, con couto propio (Vaquero Díaz & Pérez Rodríguez, 2010: 74). Os restos materiais deste mosteiro atópanse na paraxe do "Alberte", situado nunha vagoada ao oeste da aldea de Servoi, lugar que aínda lembran os veciños coma o "sitio onde vivían os frades".

4.3 Santa María, Santa Olaia e San Xoán, as tres igrexas altomedievais de Verín

No ano 931, Pedro, neto do conde Odoario, e a súa muller Trudilli, cambian con Velasco e a súa muller, a vila de Verín en Barancelli, pola de Cameledia. Neste documento dise que nese ano a vila de Verín tiña tres igrexas, coas advocacións de Santa María, Santa Olaia e San Xoán (Andrade Cernadas, 1995: doc 460).

A igrexa de Santa María é a actual parroquia e patrona de Verín, aínda que a primitiva igrexa altomedieval estaba noutra ubicación, na xa desaparecida capela da Estrela, situada ao fondo da Praza Maior da vila, na chamada antigamente Praza da Estrela (Taboada Sanz, 2020: 9). A igrexa de Santa Olaia estaba no barrio do mesmo nome, pegada ao convento dos mercedarios polo lado esquerdo. Chamouse despois igrexa da Misericordia, tamén destruída, aínda que o solar existe sen edificar. Da antiga igrexa de San Xoán non temos referencias documentais nen orais, sendo descoñecida a súa localización.

4.4 Igrexa de San Fiz de Pazos (Verín)

A vila de San Fiz de Pazos documéntase no ano 931, ao mesmo tempo que as tres igrexas de Verín (Andrade Cernadas, 1995: doc 460). Non se nomea a igrexa, pero si a advocación, e tendo en conta que foi o centro civil e relixioso máis importante do mosteiro de Celanova no val do Támega, no s. X, non se dubida que nesta data xa estivera construída a igrexa de San Fiz.

No ano 987 xa contaba cunha decanía dependente do mosteiro de Celanova:

"...frater vester nomine Oduario qui ipsam deganeam sancti Felicis obtinebat..."
(Andrade Cernadas, 1995: doc. 150)

Foi o primeiro centro do poder do mosteiro de Celanova no s. X, priorado perante toda a Idade Media e Moderna, até a desamortización do s. XIX, compartindo o po-

der recaudatorio a partir do s. XIII coa *oubenza* de Mixós. Nas súas construcións adxectivas, adegas, tullas, celeiros, muiños etc., recollíanse as rendas das terras de Celanova no Val de Monterrei, formado principalmente polos termos das vilas de Pazos, Verín e Mixós.

A igrexa de San Fiz, reedificada posteriormente, non conserva evidencias materiais da súa fundación altomedieval.

4.5 O mosteiro de Santa Cruz de Vilaza (Monterrei)

Unha muller da nobreza, Eiloni, de sobrenome Goda, funda no ano 985 o mosteiro de Santa Cruz de Vilaza, dotándoo de once *villas* localizadas na Limia, Baronceli e en Tras-os-Montes, no actual norte de Portugal, que daquela pertencían ao val de Baronceli. A súa nai, Pinoti, doa ao mosteiro outra serie de *villas*, ou porcións delas, localizadas nos mesmos territorios, (Andrade Cernadas, 1995: doc 462).

Cremos que este antigo mosteiro estaría situado no edificio e entorno que actualmente se chama a capela da Cruz, no centro do pobo de Vilaza. Esta capela ten embotrados nos seus muros, pezas de filiación romana e altomedieval.



Fig. 6.. Detalles da capela da Cruz en Vilaza, Monterrei (Foto: N. Amado).

Posteriormente, xa no s. XII, fúndase e conságrase polo bispo de Ourense Martiño, outro mosteiro en Vilaza (Vaquero Díaz & Pérez Rodríguez, 2010: 183), adicado a San Salvador, pero xa localizado na actual igrexa parroquial, de factura románica.

4.6 Igrexa de Santiago de Albarellos (Monterrei)

A Igrexa de Santiago de Albarellos, está documentada no ano 1031, pero a cita fai referencia a cando o Rei Ramiro –pensamos que se refire a Ramiro II de León, pola súa relación co val de Baroncelli e con San Rosendo por parentesco–, fixera testamento desde alí a San Salvador de Celanova. Polo tanto xa existía entre os anos 931 e 951. De feito, Ramiro II mandou facer e confirmou o documento do ano 950

(Andrade Cernadas, 1995: doc. 93), das demarcacións e apeos entre as *villas* do val de Baroncelli: Verín, Pazos, Albarellos, Vilaza, Ábedes, Atás...

110 *"In Alvarelios ecclesia Sancti Iacobi apostoli unde fecit Rex domno Ranemiro testamentum ad Sancti Salvatoris"* (Andrade Cernadas, 1995: doc. 148).

A actual igrexa de Santiago de Albarellos, parroquia do mesmo nome, mostra evidencias de reedificación románica.

4.7 Igrexa de San Pedro de Queizás (Verín)

A vila de Queizás documéntase desde o ano 931 (Andrade Cernadas, 1995: doc. 460), e aínda que non se nomea a igrexa de San Pedro, a súa existencia altomedieval evidénciase por pezas de clara filiación desa época, coma o relevo en espiña de peixe, empotrado na fachada norte, alén dunha ara e outras pezas de procedencia da romanización da contorna.



Fig. 7. Peza prerrománica na fachada norte da igrexa de San Pedro de Queizás, Verín (Foto: N. Amado).

Posteriormente a igrexa foi reedificada e consagrada polo bispo Martiño de Ourense, no s. XII (Vaquero Díaz & Pérez Rodríguez, 2010:183).

4.8 O mosteiro de San Paio de Ozio, actual santuario de São Caetano (Chaves)

O mosteiro de San Paio de Ozio, actual santuario de São Caetano na freguesía de Ervededo, concello de Chaves, ten unha continuidade ocupacional coma lugar sacro, desde a época romana até a actualidade. É unha importante estación arqueolóxica con necrópole romana, restos visigóticos e necrópole altomedieval con 27 sepulturas. Alí apareceu en 1942, nas primeiras exploracións feitas polo coronel Mario Car-

doso, un pequeno edificio cuadrangular interpretado coma templo, necrópole, moedas e cerámica romanas, unha placa de cinturón visigótica e un aro semicircular de fivela visigótica, entre outras (Cardoso, 1942: 237-256).



Fig. 8. Sartegos altomedievais do santuario de São Caetano (Chaves), antigo mosteiro de San Paio de Ozio (Foto: N. Amado).

Foi un dos tres mosteiros (Sta. Cruz de Vilaza, San Paio de Ozio e San Salvador de Vilaza) localizados na demarcación da Lobarzana, dentro da Terra de Baronceli, até a época baixomedieval.

En 1173, "*Aldefonsus Dei gracia Castelle et Legionis et Galécie rex*" doou ao mosteiro beneditino de "*Sancti Pellagii de Ozo de Baroncelle*" o couto do mesmo nome e as vilas de Bousés, Vidiferre, Calvelos, Grandoim, Outeiro de Jusanus, Britelo, Vilela Seca, Agrela, Outeiro Seco, Vilarelho, Faiões, Fataminis, Ervededo, Torre de Ervededo, metade de Vilar de Perdizes, seis casais reguengos en Sto Estevão e tres en Medeiros (fª de Chá de Montalegre) (Da Costa, 1959, T. I: 31).

Entre 1194-1199, nas disputas entre as sés de Braga e Ourense ... *in monasterio de Ozio, quod est in termino de Lobarzana...* (Vaquero Díaz & Pérez Rodríguez, 2010: 191)

4.9 Outras igrexas de posible fundación altomedieval na terra de Baroncelli

112

De Santa María de Atás, Santa Baia de Montes e Sta Mª de Lucenza, as tres no concello de Cualedro; San Vicente do Navallo, San Cristovo e Santo Estevo de Tra-sestrada no Riós; Santa Comba de Baroncelle e Santa Baia en Vilardevós, non hai documentación precisa sobre a fundación altomedieval das igrexas ou capelas, algunhas das cales sempre foron centros parroquiais, pero si aparecen os nomes das vilas con esas advocacións nos anos 950 e 1029. Noutras aparecen restos arqueolóxicos, polo que se pode colixir que a súa fundación sexa altomedieval, coma a de Sta Mª de Graza de Monterrei na que se evidencia que existiu unha capela/oratorio con necrópole de sartegos na etapa altomedieval.

A igrexa de Sta Mª de Atás mostra actualmente arquitectura románica, pero tendo en conta que foi unha das primeiras vilas, xunto con San Fiz de Pazos, adquiridas por San Rosendo para o mosteiro de Celanova no s. X, por cambio co rei Ramiro II (Andrade Cernadas, 1995: doc. 93), non dubidamos que a súa fundación se produxera nese século.



Fig. 9. Tímpano reaproveitado na igrexa de Sta Baia de Montes, Cualedro (Foto: N. Amado).

Santa Baia (de Montes), Sta Mª de Lucenza, San Cristovo, Santo Estevo (de Tra-sestrada), Santa Baia e Santa Comba de Baroncelle, aparecen nomeadas nun do-

cumento de doazón do conde Rodrigo Ordóñez á súa muller a condessa dona Toda, no ano 1029¹³.

Santa Baia de Montes mostra pezas reaproveitadas dun primitivo estilo románico.

Santa Comba de Baroncelle ten todas as posibilidades de ser de fundación alto-medieval. Ademais do seu topónimo lembrando a antiga terra de Baronceli, foi un centro relixioso cunha granxa ou pequeno mosteiro doada polo Papa Alexandre III ao mosteiro cisterciense de Montederramo, e ao que Afonso VIII lle doa un couto reguengo na terra de Soutovermudo. As dúas doazóns producíronse no s. XII (Lorenzo Vázquez et al., 2016, doc. 21, 33: 204, 216).

113



Fig. 10. Sartegos atopados na igrexa de Sta Mª de Graza de Monterrei, actualmente no patio de armas do castelo (Foto: N. Amado).

A igrexa de Sta. Mª de Graza de Monterrei, foi construída polo rei Afonso X cara a metade do s. XIII, cando funda a Vila de Monterrei, xa que en 1274 lle doa a metade da igrexa que él acababa de construír, ao mosteiro de Celanova (Vaquero Díaz, 2004: doc. 67). Pero na etapa altomedieval debeu existir no mesmo solar, unha capela ou oratorio

13 (Andrade Cernadas, 1995: doc. 457) ...*In Sauto Veremudi, ...Sancto Christoval, Sancto Stephano, ...sancto Vincentio... Sancta Columba, ...Sancta Eolalia...*(Andrade Cernadas, 1995: doc. 457)

con necrópole anexa, posto que aínda hoxe se aprecia un sartego escavado na rocha por baixo da torre, e na restauración da igrexa cara 1960, apareceron no subsolo da mesma dous sartegos máis, actualmente depositados no patio de armas do castelo.

114

4.10 Necrópoles e sartegos altomedievais

Existen necrópoles de sartegos escavados na rocha ou móbiles, tanto antropomorfos coma de bañeira, tardoantigos e/ou altomedievais, nos seguintes lugares da actual comarca de Monterrei: Campo de San Martiño en Castrelo do Val, fontes públicas de Vilar e Servoi (Castrelo do Val); xacemento de A Ceada (As Chás, Oímbra); reitoral de Medeiros e igrexa do Castelo de Monterrei (Monterrei); necrópole de Moimenta e igrexa de A Xironda (Cualedro); necrópole do santuario de São Caetano (Chaves); igrexa de Arzádegos (Vilardevós); casa particular de Soutelo Verde, provinte da necrópole de San Martiño (Laza).



Fig. 11. Sartego da fonte de Vilar, Castrelo do Val (Foto: N. Amado).

Capítulo 05

Castelos máis aló de Monterrei: o xacemento arqueolóxico de Lobarzán

115

Víctor Rodríguez Muñiz

Universidade de Vigo. Área de Historia Medieval. Arqueólogo profesional.
vmuniz@breoganarqueoloxia.com

1 Introducción

As ruínas que de Lobarzán chegaron ao presente encóntranse no promontorio coñecido non por acaso como Outeiro do Castelo. Moi destacado na paisaxe –desde a cota dos 630 metros, cando os vales a que abre se sitúan nos 380– o esporón natural que supón este monte constitúe un enclave de excelente control visual da penechaira a S e as terras baixas dos vales, a N e NE, de Búbal e Támega.

Administrativamente pertencente ao termo municipal de Monterrei e, dentro deste, á parroquia de Vilaza, o castelo de Lobarzán é porén indisociable do outeiro –de maior dimensión e contiguo a este polo SE– da Ceadá (As Chás, Oímbra). Rodeados ambos e a valgada que os separa por unha mesma liña de murallas, suman un recinto dunhas 5,5 hectáreas, ás que cabe engadir, pola relevancia histórica da súa ocupación, as plataformas a NE, SE e S do espazo murado, onde igualmente se identifica unha serie de petróglifos con estacións de covañas. Se ben oficialmente o recinto vén configurado por unha serie de elementos¹⁴, o seu vínculo espacial e unidade histórica convidan a consideralo como un todo, constituíndo así o Conxunto Arqueolóxico da Ceadá das Chás- Castelo de Lobarzán.

Aínda resultando un punto de referencia na paisaxe do val do Támega, o conxunto da Ceadá das Chás- Castelo de Lobarzán foi escasamente tratado na historiografía referente á comarca. As primeiras referencias sobre a existencia do xacemento corresponden a López Cuevillas, quen atribúe a categoría de “citania” da Idade

¹⁴ Os dous principais, os recintos da Ceadá –ou A Cerca, nome que deriva da muralla que o envolve, especialmente monumental no flanco oriental– e do Castelo corresponden respectivamente aos códigos GA32053009 e GA 32050020.

do Ferro, sinalando a súa posterior ocupación medieval. Posteriormente, Rodríguez Colmenero e Taboada Chivite inciden na existencia da 'citanía' ou poboamento fortificado, polo que tamén será coñecido como "castro" das Chás. Relacionados coa primeira ocupación do enclave foron localizados abundantes materiais, pero só con Gómez Fernández et al. (2004) se realizará a primeira caracterización dun conxunto de materiais cerámicos recuperados en superficie. Os autores publican o estudo dun centenar de pezas, que identifican como propias dos asentamentos do III milenio a.C. do noroeste peninsular.




Fig. 1. O conxunto arqueolóxico da Ceeda das Chás- Castelo de Lobarzán. Situación e vista xeral.

Foi para corrixir esta eiva que, promovidos polos concellos de Oímbra e Monterrei, decorreu entre os meses de xullo e agosto de 2019 o proxecto de 'Recuperación patrimonial e ambiental do Castro das Laxes das Chás/ Castelo de Lobarzán' (expediente 02.O.432.2019.001 e código SXPA CT 102A 2019/407-0).

Este desenvolveuse no marco do convenio asinado entre os concellos de Oímbra e Monterrei e a Universidade de Vigo (2019-2022), que se materializou nun contrato de I+D coordinado por Beatriz Comendador Rey e, en campo, traballos dirixidos polo

autor deste texto¹⁵. Con posterioridade a esta campaña de 2019 de definición e investigación do conxunto, acometéronse outros proxectos de carácter máis específico, vinculados á ocupación prehistórica do lugar.

Se ben o presente texto se articula en derredor da historia do castelo e terra de Lobarzán, convén realizar un percorrido, por breve que sexa, polo conxunto arqueolóxico, á luz da indiscutible relevancia que o caracterizou en diferentes períodos anteriores ao medievo. 117

2 Lobarzán antes de Lobarzán

Xa con anterioridade á intervención de 2019 eran coñecidos indicios que afirmaban unha ocupación deste espazo na Prehistoria recente, quer pola vía dos achados materiais –tanto en superficie como nalgúns cavidades– quer polos distintos gravados rupestres –na forma de covañas– existentes no recinto e nas súas proximidades. Tal impresión veu certificada e ampliada cos traballos de prospección acometidos dentro do proxecto arqueolóxico valorativo, cuxo resultado permite afirmar unha dimensión moi superior á inicialmente considerada para o asentamento prehistórico, que se estende ás plataformas e valgadas exteriores ao recinto murado, aproveitando os numerosos abrigos naturais que configuran as formacións rochosas da zona. Entre os máis de 700 elementos recuperados predominan as cerámicas de *tradición tipo Penha*, vinculadas a sociedades de economía agrogandeira e xa coñecedoras da metalurxia do cobre, cunha cronoloxía que remonta a uns 5000 anos atrás. Determinados fragmentos apuntan aínda, nas súas técnicas e pautas decorativas –caso daquelas elaboradas mediante o recurso a impresión con cuncha–, a posibles fases de ocupación anteriores. Completan o conxunto distintos artefactos líticos, abrangendo machados puídos –elaborados en material metamórfico– e diversas puntas de frecha en lousa e sílex.

Faise imprescindible referir o achado de manifestacións de pintura rupestre nunha cavidade de bloques no afloramento coñecido como 'Penedo do Gato', na aba NW do Outeiro do Castelo. Enmárcanse estas dentro do campo da pintura de tradición esquemática, en pintura vermella e representadas sobre superficie granítica –sendo as primeiras documentadas en Galiza que reúnen estas características–. Entre estas, distribuídas en tres emprazamentos e un total de catro paneis, destaca a presenza de motivos de carácter antropomorfo no chamado 'Panel 1', o que, realizado dixitalmente, se aprecia na imaxe.

15 Para tal efecto, contou-se cunha partida orzamentaria da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) por valor de 38200 €, vinculados ao Grupo de Desenvolvemento Rural 'Asociación Monteal' (nº expediente L18 1920 09 0073).



Fig. 2. Representación pictórica do 'Panel 1'. Selección de materiais prehistóricos localizados no conxunto.

Informa o rexistro arqueolóxico de como o conxunto da Ceada das Chás- castelo de Lobarzán terá vivido desde a Prehistoria recente unha fase de abandono de significativa duración. Mesmo se a (en calquera caso, escasa) bibliografía ao respecto atribuíu ao recinto amurallado a consideración de castro ou citania, non hai elemento algún no actual estado de coñecemento que permita falar dun asentamento da Idade do Ferro, nin sequera galaicorromano, neste espazo —a non ser a presenza dun elemento significativo de cronoloxía romana no recinto do Castelo, sobre o que se volverá—. Parece asistirse a un caso de alternancia na ocupación, toda vez que mesmo ao sopé de Lobarzán, no chamado Outeiro da Ponte (inmediatamente ao sur da localidade de Vilaza, na beira meridional do Búbal) foi identificado un castro cuxa escavación —previa destrución pola autoestrada A52— definiu niveis de ocupación que atinxen como momento máis tardío o século II a.C.

O baleiro na ocupación xeneralizada do espazo da Ceada das Chás- Lobarzán foi máis continuado. Obviando os xa referidos achados de cronoloxía calcolítica, as evidencias materiais máis antigas, na forma de fragmentos cerámicos ou de vidro —caso dun borde de recipiente en 'cabeza de misto'— non permiten falar dun asentamento no lugar anterior aos séculos IV-V, cunha cronoloxía por tanto tardorromana ou xa vinculada ao mundo xermánico. É tamén nesta liña temporal que cabe interpretar a masiva presenza de tégula que, como estudos recentes teñen posto de manifesto, non poden ser interpretadas *per se* como un indicio de romanidade ao ter unha notable pervivencia temporal na transición cara á Idade Media (Sánchez Pardo, 2010: 297).

A tal efecto, resultou de grande interese polo elocuente dos seus resultados a sondaxe practicada nunha construción da plataforma N do outeiro da Ceeda. Encontrábase esta inicialmente oculta por un considerable amoreamento de cachote –do que unha parte non corresponde ao derrube da propia estrutura, senón á acumulación de pedra froito de remocións furtivas contemporáneas que sobreescavaron unha parte do seu interior–, sendo interpretada como un posible acubillo de pastores. A definición dos seus muros, porén, permitiu apreciar como se trataba dunha construción de planta cuadrangular que, para os seus esquinais e o seu muro traseiro, recorría a aparello ciclópeo, contrastando esta técnica coa construción máis coidada –en dobre cara e fiadas horizontais– do seu muro frontal e, asemade, co lateral e tabiques interiores en cachote mal trabado.



Fig. 3. Vista xeral e detalle da estrutura cuadrangular no sector N do outeiro da Ceeda.

Tanto a lectura de paramentos como os resultados da sondaxe apuntan á existencia de dúas fases de construción e ocupación para esta estancia: unha inicial vén marcada pola presenza –na alma do seu nivel de uso interno– de cerámicas cincentas de pasta fina, corte limpo e elaboración co recurso a torno rápido, que encontran o seu paralelo en contextos dos séculos VI-VII da contorna flaviense –como é o caso da capela da Granjinha (Vale de Anta) e do santuario de São Caetano (Ervededo)–¹⁶. A fase final da estrutura vén marcada pola presenza, no derrube histórico –obviando a acumulación furtiva contemporáneo, polo tanto– de fragmentos cerámicos de pasta alaranxada caracterizados por un baño externo avermellado, coincidentes coas localizadas en contextos altomedievais como a necrópole de San Vitor de Barxacova que, polo tanto, permiten esbozar un abano cronolóxico entre os séculos IX-XI (Lemos, 1988: 168-169).

¹⁶ Fóra do val do Támega, cabe referir como presenta notables similitudes con pezas pertencentes ao conxunto ergolóxico coñecido para asentamentos do ámbito salmantino (Martín Viso, 2017: 16-18).




Fig. 4. Materiais exhumados no proceso de escavación da estrutura no sector N da Ceeda.

Ratifican este marco temporal dúas circunstancias adicionais dentro do propio recinto da Ceeda. A primeira delas é a aparición, na plataforma E do mesmo, de distintas edificacións cuxas características as afastan da tradición construtiva e urbanística do Ferro ou galaicorromana. Defínense como espazos cuadrangulares, construídas –da mesma maneira que a escavada na plataforma N– co recurso a aparello ciclópeo para certos elementos estruturais. Varias destas construcións, máis significativamente, encóntranse acaroadas á cara interna da muralla, especialmente ben conservada neste punto, entre a entrada principal do recinto ao S –de que parte unha rúa flanqueada por grandes bolos graníticos dispostos intencionalmente para conseguir un efecto monumental– e unha lateral, en cóbado, a NE. Trátase así dunha pauta de distribución oposta á que sería de agardar de considerar a Ceeda un recinto castrexo, romanizado ou non, pero que ten un claro paralelo no asentamento altomedieval –IX-XI– de Curalha (Chaves) (Barroca, 2004: 182).

Un segundo aspecto que vén corroborar e apuntalar o abano cronolóxico proposto para a estrutura obxecto de sondaxe arqueolóxica é a presenza, inmediata a esta pola súa fronte N, dun pequeno espazo funerario. Combínanse neste lápidas en estola con dous enterramentos tallados na rocha, un en forma de bañeira e o segundo de tipo antropomorfo; tipoloxías diferenciadas que, igualmente, terán correspondencia con dous momentos históricos distintos: o mundo xermánico para as primeiras (López Quiroga & Martínez Tejera, 2017) e, para estas últimas, unha cronoloxía sen-

siblemente posterior, entre os séculos IX e XI. Este abano temporal faculta interpretar que esta pequena necrópole poida ter estado vinculada á gornición do castelo –como por outra parte parece ter sido tamén o caso do de San Salvador de Todea ou Malpaso (Allariz)– (Rodríguez Nóvoa et al., 2022a; Rodríguez Nóvoa et al., 2022b), toda vez que é nesos séculos que se documentan nas fontes escritas os primeiros pasos de Lobarzán como castelo.

Con estes antecedentes, e a falta de que ulteriores intervencións arqueolóxicas no conxunto permitan afinar a cronoloxía da súa ocupación, tanto o rexistro material como os paralelos tipolóxicos para as estruturas –pois lembran vivamente a técnica e solucións empregadas en xacementos como La Legoriza (San Martín del Castañar, Salamanca) (Gómez Gandullo, 2006: 220) – facultan a interpretación de que o asentamento do recinto da Ceada corresponde a un período post-romano, xermánico, cunha cronoloxía visigoda ratificada por algunha das construcións do outeiro do Castelo¹⁷.

3 A terra de Lobarzán

Os anos que seguen ao 711, coa rápida penetración de continxentes musulmáns na Península Ibérica desde o sur, supuxeron a caída do reino visigodo. A presenza islámica no espazo galaico, alén de numericamente escasa, non demorará no tempo –a revolta bereber no 740 contra o goberno califal pode sinalarse como fito final para a mesma–, pero foi suficiente para se acompañar dunha manifesta ruptura coa estrutura de poder e organización territorial preexistente. Se ben os estudos realizados nas últimas décadas refutaron completamente a tradición historiográfica do despoboamento –pois está largamente testemuñada a continuidade na ocupación, como de xeito expreso para o ámbito tamagano o puxeron de manifesto M^a Carmen Pallares e Ermelindo Portela (1997)– as comunidades que seguiron a este proceso –de carácter eminentemente rural e autárquico– terían no sucesivo ficado á marxe das institucións –sen menoscabo da pervivencia dalgunha sorte de organización parroquial– e estruturas de poder.

Poñen de manifesto estes antecedentes que o concepto de repoboación da centuria seguinte non pode entenderse como o regreso á ocupación de lugares ata entón

¹⁷ Practicamente ausente na historiografía galega, a presenza visigoda non é descoñecida, non obstante, no Alto Tâmega portugués. Á confirmación da continuidade da ocupación da cidade de Chaves (Guedes, 2009: 170) únese moi significativamente os achados identificados nos labores de acondicionamento realizados na década de 1930 nas inmediacións do santuario de São Caetano (Ervededo, Chaves), en que foron localizadas estruturas –coa posible evidencia dun antigo templo– adscribíbles a unha fase de ocupación visigoda (Cardozo, 1942: 252). Certamente corresponde a este período unha placa de cinto exhumada na secuencia destes mesmos traballos, actualmente en paradiro descoñecido tras ser roubada no Museu Martins Sarmiento de Guimarães, pero cuxas características e morfoloxía foron obxecto de reiteradas publicacións (Arezes, 2010: 53-54, 96-97 e 134-135).

baleiros, senón nunha reincorporación dos mesmos –e, xa que logo, dos seus moradores– ao novo tecido político, identificado agora co reino ástur.

- 122 Este apenas conseguira avanzar na incorporación á súa órbita de territorio galego ata que, por volta do 810, se achou un mausoleo que axiña se identificou como o lugar de enterramento do apóstolo Santiago, feito este da *inventio* que –non ino-centemente– terá aproveitado o monarca, Afonso II á sazón, para se vincular ao *locus sanctus* e lexitimar a súa expansión por territorio galego. Esta alcanzará nas décadas seguintes un dinamismo ata entón descoñecido, do que é testemuño que baixo Afonso III se atinxan Porto (868) e Coímbra (878), establecendo sequera puntualmente a fronteira no Mondego. Foi menos dinámico o avance no interior onde, non obstante, tamén se alcanzou o Douro.

Como amosa noutras páxinas do presente volume Nieves Amado, quen analiza por-menorizadamente o proceso con que a *repoboación* se acometeu nesta comarca do Alto Támega, a figura do conde Odoario –ao respecto do cal a dita autora realiza unha minuciosa aproximación– xogou un rol fundamental para a definitiva incorporación do val ás novas formas de poder.

Data est terra ad populandum illustrissimo uiro domni Odoario digno bellatori in era D CCCCX^a, a principe serenissimo domno Adefonso qui uenit in ciuitatem Flauias, secus fluuius Tamice, uicos et castella erexit et ciuitates muniuit et uillas populauit atque eas certis limitibus firmavit et terminis certis locauit et inter utrosque abitantes diuisit (Andrade Cernadas, 1995: doc. nº 265).

No nome do rei, no ano 872, don Odoario tería *estruturado* e asimilado para o poder Chaves e o seu territorio circundante, do que non se pode subtraer o Támega no seu tramo galego. Dos recollidos no texto medieval, son varios os aspectos que merecen atención e, nomeadamente, a introdución dos 'marcos certos' que no sucesivo se establezan entre os distintos termos, á súa vez determinados polo feito de que 'fortificou cidades' e 'construíu castelos'.

Indica Mário Barroca a este respecto como é a partir dese momento e contexto da repoboación cando se pode comezar a falar de castelos stricto sensu, isto é, na definición que desde o mundo medieval os caracterizará (Barroca, 2004: 188).

No sucesivo a esta repoboación que supuxo o asentamento da autoridade real, asistírase á organización do espazo da comarca natural que supón o Alto Támega nunha serie de terras, equivalentes ás que se coñecerán ao longo de todo o período medieval. Así, a Baronceli e Soutovermude acompañaranas ao sur as de Barroso, Chaves e Montenegro –historicamente dependente da flaviense malia aos seus reiterados intentos por se emancipar–.

Describe amplamente Nieves Amado no capítulo correspondente a configuración física da terra de Baronceli, presente nos textos desde, cando menos, o ano 931

(Andrade Cernadas, 1995: doc. nº 460). Cabe subliñar que non supuña unha unidade territorial plena, senón que á súa vez se encontraba dividida noutras menores, das que as principais eran as de Cabreira e Lobarzán, rexidas polas súas correspondentes fortalezas.

Se o respaldo documental para Cabreira é tardío –referíndose unicamente desde a duodécima centuria– Lobarzán goza de presenza documental desde o 982, cando o mosteiro de Celanova –que, lémbrese, terá notables intereses no val do Támega ao longo da Idade Media, sendo o seu Tombo unha fonte fundamental para o coñecemento deste espazo en período altomedieval– reciba da man do bispo iriense a ‘vila de Oímbra, sita no val que se chama de Baroncelli, baixo Lobarzán’¹⁸:

...villa Olimbra nunccupata, qui est scita vallis Baroncelli vocata, sub fundo Loprazana (Andrade Cernadas, 1995: doc. nº 461)¹⁹.

Facendo abstracción do de Chaves –que, como centro da comarca histórica e natural do Alto Támega, debe ser consubstancial ou pouco posterior á repoboación de Odoario no último terzo do IX– as primeiras noticias firmes que refiren a existencia de castelos nesta comarca –Lobarzán– ou no espazo que a circunda –como é o caso de Candrei (O Castelo, Viladerrei, Trasmiras)– datan por volta do ano 1000. Non están, por tanto, vinculados ao contexto dunha fronteira galaicoportuguesa senón que resultan sensiblemente anteriores. Cabe interpretar que a súa creación veña satisfacer unha dobre función: militar –as *razzias* musulmás non cesaran completamente, como o demostra a de Almanzor en 997²⁰– pero tamén e sobre todo política, ratificando o poder real e señorial sobre as terras que estas fortalezas rexen, supondo un evidente factor de control sobre as mesmas.

A centuria do XII será testemuño da fractura territorial deste val do Támega, derivada da independencia do reino de Portugal na década de 1130. Se ben non hai constancia documental de grandes hostilidades bélicas na comarca, a inestabilidade das terras que ficaron na fronteira foi manifesta nos anos anteriores e posteriores á separación.

18 Como sostén M. Barroca (2018: 184) remitindo a Carlos Alberto Ferreira de Almeida, este tipo de indicacións –no caso que nos ocupa, ao castelo de Lobarzán– non refiren unicamente unha cuestión de referencia xeográfica, senón de dependencia ao respecto da entidade señorial.

19 Ha de se referir que o mosteiro fundado por san Rosendo fora xa beneficiario da doazón dunha serie de viñas no ano 953, sendo que *illas vineas sunt in villa quam vocitant Olimbria, territorio Baroncelli prope rivulo Tamuga* (Andrade Cernadas, 1995: doc. nº 117). Como pode apreciarse, non se inclúe no marco espacial desta transacción referencia ningunha a Lobarzán, o que podería ser indicio –feble, en calquera caso– de que a institución da fortaleza se tivese eventualmente acometido nas décadas que median entre ambos documentos.

20 Con posterioridade, houbo sufrir esta comarca algunha outra incursión. Aínda en 1042 se recolle documentalmente como *venerunt mauros in illa terra* (Andrade Cernadas, 1995: doc. nº 151).

Con anterioridade á independencia portuguesa, Baronceli era xa, de facto, un territorio limítrofe, obxecto de disputa por parte das catedrais de Ourense e Braga desde as súas respectivas restauracións, respectivamente, en 1071 e 1070. A finais desa mesma década dítarase sentenza no litixio, favorable aos intereses bracarenses pero que, por acordo entre ambas sés, se resolvía mediante un reparto territorial. Conforme o acordado, a parte meridional do espazo en disputa pasaba a mans de Braga, ficando as terras máis setentrionais baixo custodia da autoridade eclesiástica auriense se ben co compromiso expreso de que esta cesión non fose en menoscabo da titularidade bracarense sobre o territorio. Porén, para consolidar os dereitos sobrevidos sobre este espazo o bispado de Ourense non demorou en crear o arcediagado de Baronceli –cuxa existencia consta cando menos desde 1151–; abranguíu este non só a terra civil homónima e a de Soutovermude, senón que se expandía cara ao leste, incluíndo a comarca das Frieiras e atinxindo O Padornelo (Pérez Rodríguez, 2015: 11). Cabe pensar que a consolidación da posesión auriense deste territorio se viu beneficiada por ser Ourense sufragánea de Braga, arcebispado en cuxa dependencia se situou desde 1103 e ata que, na secuencia do Cisma de Occidente, se asimilen as fronteiras relixiosas ás civís.

Con isto, a división relixiosa entre os territorios galego –auriense– e portugués –bracarense– anticipa a que será a fronteira. Non foi óbice isto para que a raia avanzase e recuase substancialmente en momentos determinados, mesmo con anterioridade á independencia efectiva entre reinos. Así, por acordo entre as condesas Urraca –quen o era de Galiza– e a súa irmá Teresa –de Portugal– a primeira cedía a esta última o seu dominio sobre Baronceli e outros territorios fronteirizos (Azevedo, 1958-1962: doc. nº 31).

Non foi tampouco coa aceptación da separación de Portugal que se fixaron definitivamente as fronteiras: da mesma maneira que acontecera con Turonio e a Limia, consta que, cando menos desde 1163 e ata finais da década, Cabreira e Lobarzán ficaron baixo dominio portugués –pero nótese que non correu a mesma sorte Soutovermude–, voltando neste intervalo tamén a dominio eclesiástico bracarense. Só en 1169, coa derrota e captura de Afonso Henriques e as tropas portuguesas en Badaxoz, o rei Fernando II conseguiu a súa capitulación e a devolución de todas elas, voltando así Cabreira e Lobarzán á Galiza e, eclesiasticamente, por decisión expresa de Fernando II, á dependencia auriense (Pérez Rodríguez & Vaquero Díaz, 2010: docs. nº 74, 75 e 76).

Estabilizada a situación fronteiriza, semellan predominar as relacións amigables entre os monarcas leonés e portugués, do que resulta testemuño suficiente que, en 1194, Cabreira e Lobarzán aparezan como dadas en custodia e fieldade por Afonso IX ao monarca portugués, Sancho I.

Implica este feito que ambas fortalezas pertencían a reguengo, podendo dispor delas os monarcas ou empregalas como punto de paso ou estadía nos seus percorridos

por territorio galego. Exemplo disto é, o 20 de xullo dese mesmo ano de 1194, que o monarca ratifique á igrexa compostelá do seu privilexio a acuñar moeda de ouro, nun documento redactado *apud Lobarzanam* (González, 1944: doc. nº 82).

O mesmo Afonso IX procederá, en 1217, a dotar as súas fillas, as infantas Sancha e Dulce, reservándolles

ista castra, scilicet, Cabreiram de Baroncelli, Lobarcanam, Canderei, Portelam de Sanctio Iohannis, Riberam, Celme, Asperelo, Araugio, Sanctam Crucem, Burgum de Ripa Auie, Sanctum Iohannem de la Barra, Alleriz, Milmandam et quantum alium ad me pertinet in tota Limia, exceptis Aguilar da Moa et Aguilar de Pedraio [así como outros bens en territorio galego] (*Ibid.*: doc. nº 342).

Será ratificada esta circunstancia en 1230 polo entón rei, Fernando III, irmán das infantas, manténdose ambas fortalezas de Baronceli, Cabreira e Lobarzán, na nómina daquelas que avalaban o pago que dona Sancha e dona Dulce haberían de recibir anualmente de mans do monarca (González, 1983: doc. nº 270).

Como demostra Francisco Javier Pérez (2015:12-13), o feito de que estas fortalezas se encontrasen nun contexto fronteirizo non implicou que Baronceli se chegase a erixir como unha tenencia real independente. Ratifican as fontes diplomáticas esta circunstancia, confirmando que é da tenencia de Limia que dependeu a terra de Baronceli, cando menos entre 1218 e 1251, datas entre as que se coñece o nome de distintos tenentes *Baroncelle* –ou ben *Lobarzanam*, ou *Caprarie et Luparzana*– que simultaneamente o eran de Limia. Así, Martiño Sánchez consta como tenente de Limia e Lobarzán entre 1218 e 1227, séndoo ao ano seguinte o infante don Pedro. Ao longo do reinado de Fernando III, pola súa parte, os documentos reflicten a tenencia sobre ambas terras de don Fernando Eanes.

Estes tenentes éranos no nome do rei –o que se manifesta documentalmente co recurso á fórmula *de manu regis*–, pero delegaban a presenza efectiva nas fortalezas nos casteleiros. Son poucos os documentos en que se alude a estes, pero permite reconstruír a relación dos mesmos entre 1218 e 1260, ano en que –como veremos– se alterará definitivamente a configuración territorial deste espazo. Con isto, en 1218, e *sub manu* de Martiño Sánchez, era casteleiro de Lobarzán Lopo López, quen continuaba a selo unha década despois –xunto con Roi López– por mandado do infante don Pedro. Entre 1232 e 1234 consta como casteleiro de Lobarzán, en nome do tenente Fernando Eanes, un fillo de don Fernando Méndez; por mandado do mesmo tenente rexerá Lobarzán Pedro Penela, en solitario ou con outros cabaleiros, ao longo da década de 1249 e, xa en 1259, consta como casteleiro desta fortaleza Rodrigo Lourenzo (Lorenzo, 2016: docs. nº 66, 89, 97, 101, 109, 142, 163, 169 e 222).

Desde unha perspectiva territorial, cómpre lembrar que a *Lobarzana* ou terra de Lobarzán comprendía, *grosso modo*, o espazo que se estende entre Lucenza (Cua-

ledro) ao oeste e o Támega ao leste –superándose puntualmente o río, toda vez que Mourazos, na súa marxe oriental, se adscribía a Lobarzán, sen dúbida polo seu vínculo histórico con Oímbra–. Máis significativo é que a súa extensión superaba largamente a fronteira portuguesa como hoxe se coñece, atinxindo o límite co Barroso e as inmediacións de Chaves: no mesmo interrogatorio que informa dos acontecementos da década de 1160 por que se produciu o seu temporal paso a dominio portugués, das diferentes declaracións pódese inferir como localidades como Castelãos, Calvão, Vilela Seca ou Vilarelho –da mesma maneira que unha parte de Vilar de Perdizes– facían parte integrante da *Lobarzana*.

En última instancia, esta porción da terra de Lobarzán en territorio actualmente portugués terminará por constituír o *couto de Ervededo*, cuxa escisión se realizará en prol da sé bracarense. Esta aparece á súa fronte desde a cesión que Fernando III lle efectúa en 1232 (Pérez Rodríguez & Vaquero Díaz, 2010: doc. nº 232), se ben indirectamente: dispónse no diploma que a sanciona que Ervededo, *vila do arcebispo de Braga*, se poña en custodia do episcopado auriense, terminando por se consolidar e constituír ao longo da Idade Media un exclave bracarense en territorio por entón formalmente galego (Diz Domínguez, 2021). Sexa como teña sido, durante a Idade Moderna a sé bracarense continuará a ser señora dese couto –por entón xa portugués a todos os efectos– e posterior *concelho*, ata que coas reformas administrativas do XIX sexa anexionado ao municipio de Chaves.

Tamén neste mesmo couto de Ervededo, e por tanto na terra de Lobarzán, se enmarcaba o mosteiro bieito de San Paio de Ozo (Diz Domínguez, 2021). Practicamente indocumentado, consta a súa existencia por mor dos referidos interrogatorios da década de 1190, e tamén que aínda en 1490 incoou preito ante os Reis Católicos ao respecto do pagamento de rendas que os seus vasalos en territorio galego non lle satisfacían²¹. Abundando no anteriormente referido, afírmase neste último documento como o mosteiro se situaba en territorio entón galego sen que iso fose en menoscabo da súa dependencia do arcebispado de Braga.

Toda vez que os mosteiros altomedievais da Santa Cruz de Vilaza e Santa María de Mixós²², tratados no capítulo correspondente por Nieves Amado, non chegaron ou non sobreviviron á reforma beneditina –que para os reinos occidentais peninsulares abrangue entre as últimas décadas do século XI e as primeiras da centuria seguinte– o de Ozo será ao longo da plena e baixa Idade Media o único mosteiro radicado na terra de Baronceli, xunto coas pequenas abadías segres de San Xoán

21 Archivo General de Simancas, leg. 149009, 152; documento inédito.

22 Trala súa doazón ao mosteiro de Celanova por Afonso VII, Mixós continuará a ter un peso documental significativo ao longo da Idade Media por ser onde o mosteiro celanovense centralice a xestión dos seus bens na comarca, constituíndo unha *ouvenza* ou administración territorial que substituirá neste cometido á *decanía* de Pazos. A este respecto pode lerse Pérez Rodríguez (2015): 16.

de Servoi (na Cabreira, actualmente no termo municipal de Castrelo do Val) e San Salvador de Vilaza (Vilaza, Monterrei), directamente dependentes da catedral ourensense e cuxas comunidades de cregos, en todo caso sempre reducidas, ficarán co paso dos anos restrinxidas ao seu abade como reitor do templo e administrador dos seus bens²³.

No que á distribución demográfica e pautas de asentamento refire, os distintos documentos aludidos no presente artigo –caso dos recollidos no *Tombo* de Celanova ou dos interrogatorios indicados– permiten falar dunha rede de aldeas que non dista en demasía da toponimia poboacional actualmente coñecida. As maiores alteracións derivan da desaparición de determinados enclaves; obxecto de estudo recente por parte de Andrés Diz (Diz Domínguez, 2023), na terra de Lobarzán corresponden con dúas localidades: así, Carpexo (Bousés, Oímbra) é referida a finais do XII como aldea e parroquia, para desaparecer no sucesivo; pola súa parte, Calvellos (Vilarelho da Raia, Chaves; inmediato á raia cos núcleos de San Cibrao e Rabal, Oímbra) terá unha presenza documental sensiblemente maior ao longo de toda a Idade Media, o que permite aventurar que o seu abandono ou destrución terá lugar no mundo moderno, probablemente a consecuencia das accións bélicas da *Guerra da Secesión*.

Da mesma maneira, o tecido eclesiástico irase reestruturando con respecto ao que existise no período de vigor desta terra de Lobarzán. Tomando como exemplo o actual termo municipal de Oímbra, non teñen orixe medieval as parroquias da Granxa e das Chás, que se escindirán en época moderna da de Bousés, mentres a de San Cibrao nacerá como tal a finais do século XV ao instalar o mosteiro de Celanova unha granxa no lugar (Rodríguez Muñiz, 2017: 75-76). Significativo é tamén o caso de Medeiros (concello de Monterrei): a igrexa principal en período medieval –con advocación a San Salvador– perdeu a condición de parroquial sendo na actualidade unha capela –a de Roza, coñecida pola relevante necrópole cuxa escavación é obxecto de estudo nun capítulo do presente volume–; porén, as de Santa María e San Cristovo de Medeiros, aínda no século XV anexas da de San Salvador, promocionarán desde ese momento a parroquias exentas²⁴.

Retomando o discurso histórico da terra de Lobarzán, cómpre lembrar como esta era un espazo de reguengo. Porén, ao longo da centuria do XIII asistírase a un proceso de señorialización parcial da terra, que se abre coa entrega do lugar de Vila maior da Xironda (Cualedro) por Afonso IX, en 1211, á súa amante dona Esteveña

23 Pode lerse un estudo máis amplo ao respecto destas comunidades en (Pérez Rodríguez, 2019: 1031 e 1034), respectivamente para Servoi e Vilaza.

24 AHPOu, *Tombo de Beneficios do Bispado de Ourense*, fols. 103 r-v. O texto refire como xa en 1489 a de San Salvador contaba cunha dotación sensiblemente mais modesta que a súa anexa de Santa María, o que fai pensar que na práctica fose xa esta a de uso litúrxico máis frecuente por parte dos seus fregueses, ao que terá contribuído a súa situación na propia aldea. Agradezo a Beatriz Vaquero a transcripción do documento.

Pérez –quen á súa vez o doará ao mosteiro de Santa María de Melón en 1249– (Pérez Rodríguez, 2015: 27). Tamén por un mecanismo similar se escindiría como señorío exento Oímbra, que en 1259 aparece vinculada a dona Tareixa Gil, quen fora concubina de Afonso X²⁵ e a quen sucedeu na posesión o seu fillo, don Martiño Afonso. En última instancia, esta doazón e conseguinte separación de Oímbra da Lobarzán sentará a base para a fundación da vila de Oímbra, que gozaba desa condición xa en 1287, ano en que se documenta a existencia dun notario da vila, cabeza dunha xurisdición que gozaba igualmente de prerrogativas xudiciais: testemuñase o primeiro xuíz de Oímbra en 1305 (Rodríguez Muñiz, 2017: 64-65). Nese intre a vila está na pose de dona Violante –filla natural do entón monarca Sancho IV–, sucedéndoa no señorío o seu fillo Pedro Fernández de Castro e a súa esposa dona Beatriz, infanta de Portugal.

Entre medias tiñase alterado de forma definitiva a configuración territorial do val do Támega coa fundación en 1260, a instancias de Afonso X, da póboa e fortaleza de Monterrei. Se ben non é o obxecto do presente artigo, convén facer un breve percorrido polos acontecementos que marcan o nacemento do enclave que artellará no sucesivo esta terra.

Xa Afonso IX tiña acometido unha primeira tentativa de establecer un asentamento no outeiro de Baronceli nos primeiros anos do XIII, se ben a negativa frontal que encontrou do mosteiro de Celanova –señor dos coutos e localidades circundantes de Pazos, Mixós e Verín– o forzou a recuar e asinar un privilexio, en 1223, polo que se había de dismantelar o que desa nova *populatio* se tivese edificado. A carta rexía foi ratificada polo seu sucesor, Fernando III, e mesmo polo Vaticano, o que non impediu que Afonso X retomase o proxecto, conducindo á creación definitiva da vila de Monterrei. Por máis que as obras se deban ter iniciado con antelación a esa data, a primeira referencia documental á nova vila chegará en outubro de 1260 (Lorenzo, 2016: doc. nº 233), mostrándose a súa plena organización coa presenza dun notario e a existencia dun *conzello*, sendo no sucesivo cabeza do seu alfoz.

Esta situación levou a un proceso de fortificación da fronteira en terras portuguesas. O monarca Afonso III de Portugal será o promotor de obras defensivas en Chaves pero tamén impulsor da creación de novas vilas e fortalezas en terras escasamente poboadas na fronteira norte, como acontece en Monforte de Rio Livre e Montalegre, nun proceso continuado polo seu sucesor don Dinís.

A instauración de Monterrei conducirá a que Lobarzán –ao igual que Cabreira– entre en declive. A nova vila e fortaleza será no sucesivo tenente dos dous antigos caste-

25 En abril de 1259, na compra polo mosteiro de Montederramo dunhas herdades en Tamaguelos, inclúense na nómina de persoeiros da data tópica o tenente e o casteleiro de Lobarzán, que á sazón o eran Fernando Eans e Rodrigo Lourenzo, respectivamente. Amais –e, polo tanto, incidindo na súa especificidade– consta en *Uimbra, domna Tharasia Gil* (Lorenzo, 2016: doc. nº 222).

los, que non desaparecen pero si perden as prerrogativas señoriais –caso do notario– que viñan desfrutando como cabezas das súas respectivas terras, por canto o eixo do poder se despraza á nova póboa real²⁶. A significación desta nova fundación fará que a terra abandone o antigo nome de Baronceli para identificarse como de Monterrei, referente á vila que pasa a ser o seu lugar central, tanto desde unha perspectiva xeográfica como de poder.

Porén, esta substitución na prioridade territorial, os antigos castelos de Lobarzán e Cabreira ficaban en pé. Consta, en efecto, como en 1292 o concello de Monterrei –lémbrese, tenente daquelas– acometera traballos na fortaleza de Lobarzán, coñecidos por teren sido contestados polo mosteiro de Celanova, por canto tiñan sido os seus vasalos de *Palaçios, de Berin e en la obença de Moxoos* os obrigados a acudir a estas obras e *labrar en el castillo de Lobarçana* (Vaquero Díaz, 2004: doc. nº 84; Sánchez Belda, 1953: doc. nº 885).

O feito demostra que continuaba a recibir coidados que garantisen o seu correcto estado, e Lobarzán continuará en pé aínda por máis dun século e medio: será referida documentalmente por derradeira vez en 1457, no contexto dos conflitos sucesorios do señorío de Monterrei. Pouco despois Xoán de Zúñiga terá ordenado a súa destrución para nunca ser reconstruída (Pérez Rodríguez, 2015: 53-54).

4 O castelo de Lobarzán: unha primeira achega arqueolóxica

Dentro do conxunto arqueolóxico Lobarzán situábase no promontorio, non por acaso, coñecido como O Castelo, o máis setentrional, reducido e escarpado dos dous outeiros que compoñen o recinto.

Os traballos de retirada de mato e intervención arqueolóxica acometidos en 2019 definiron unha plataforma con forma tendente a rectangular –cun perímetro de 137 m., eixo maior, SO-NE, de 47, e eixo menor NO-SE, cun máximo de 25– e unha superficie total duns 1160 m². Este espazo vén delimitado por un circuíto amurallado –complementario á liña defensiva que engloba a totalidade do conxunto arqueolóxico– cuxo trazado se puido definir na súa práctica totalidade, podendo apreciarse como coexisten diversas técnicas construtivas. A disposición maioritaria dos tramos en que se conserva alzado é regular, tendente á isodomía, con fiadas en bloques graníticos de boa cantería dispostas en seco; puntualmente porén –como acontece na fronte NE– pode observarse a presenza dun aparello máis reducido e redondeado, con fiadas menos regulares adaptadas á rocha nai, podendo eventualmente trátarse este treito dunha reminiscencia da fábrica máis antiga, integrada nas reformas

²⁶ En maio dese ano asinaba un diploma Gonzalo Barroso aínda como notario público das terras de Cabreira e Lobarzán [Arquivo Histórico Nacional, Santa María de Melón, carp. 1450, doc. nº 5 (inédito)]. En outubro de 1260, este mesmo Gonzalo Barroso intitulábase como tabelión de Monterrei.

130

do conxunto a que corresponde o traballo en cantería regular. Cabe subliñar que hai amplos tramos en que se carece de alzado de muralla, podendo apreciarse en troca os entalles ou negativos na rocha para o que houbo de ser o seu asent. Esta liña de muralla aparece desdobrada en varios puntos: así acontece para maior protección do entorno da que houbo de ser o acceso ao patio de armas –ao SE, a única ladeira practicable para o seu ascenso– e, da mesma maneira, ao pé da torre.



Fig. 5. Distintas solucións empregadas para a construción da muralla do castelo de Lobarzán.

Tamén esta, aínda que desmontada na súa totalidade –sendo a este proceso ao que han de corresponder os numerosos bloques pétreos de gran tamaño acumulados no patio de armas–, puido ver a súa planta integramente definida. Da mesma maneira que o cinto de muralla, coexisten tramos de alzado co recurso a unha excelente cantería granítica con outros en que se aprecia o traballo na peneda para asent

dos bloques pétreos. Defínese con isto unha planta cadrada, con 6 metros de lado. Pode tomarse como referencia para unha aproximación á volumetría da torre a súa homóloga de Sande (Cartelle). Esta, aínda en pé, presenta unha planta de 6,4 x 5,8 m. e unha altura de 13, o que permite aventurar un alzado eventualmente semellante para esta de Lobarzán.

No patio de armas encóntranse os restos dunha estrutura cuadrangular, duns 4 x 3 metros, da cal se conserva parte do seu piso, consistente nun pavimento illante, así como do alzado NW, cun robusto muro en cachote tomado por un morteiro en base cal; características de que se infire unha función como depósito para a recollida e almacén de augas pluviais –fundamental baixo un criterio funcional da actividade no patio de armas, ante a ausencia de nacentes no promontorio–.



Fig. 6. Visión de conxunto do alxibe.

Trátase asemade dunha construción de elevado interese para a correcta interpretación da secuencia histórica deste conxunto arqueolóxico. Foron tomadas cadansúa mostra no morteiro exterior e no pavimento hidrófugo, de cuxa análise por luminescencia opticamente estimulada (OSL, polas súas siglas en inglés) resultou unha cronoloxía sensiblemente anterior ao castelo medieval: os resultados permiten atribuír dúas fases á construción deste depósito: unha inicial –a correspondente á ar-

132

gamasa do alzado— corresponde a época romana —conforme a datación intermedia dentro da marxe de erro da analítica, nas décadas centrais do I d.C.— e unha fase de reforma en que se terá disposto o pavimento illante, datada nos anos finais do século VII²⁷ —cronoloxía esta que vén apuntalar as posibilidades apuntadas para a interpretación das estruturas da Ceada neste período, como o rexistro material abría a porta a facer—. Desta maneira, esta construción, romana e visigoda terá sido finalmente incorporada á fortaleza medieval.

Mostra	Idade	Rango	Ano
Morteiro de muro	1971±298	250 aC-346 dC	48±298
Pavimento	1323±207	489-904 dC	696±207

O rexistro material derivado da limpeza e definición de estruturas, así como da sondaxe efectuada nun sector da torre —cuxos niveis identificados coinciden cun momento de abandono e derrube desta— son concomitantes co contexto do século XV que apuntan as fontes escritas. Entre estes materiais baixomedievais cómpre indicar unha xerra do tipo ‘Augas Santas’ —característica de contextos aurienses entre os séculos XIII e XV— (Alonso Toucido et al., 2017-8) e unha moeda que, non obstante o seu deterioro, puido identificarse como un *real preto* —sen que o desgaste da peza permita afinar aspectos como a ceca de orixe— acuñado por João I, no trono portugués entre 1385 e 1433.



Fig. 7: Perspectiva da torre do castelo de Lobarzán e composición con materiais exhumados na sondaxe.

27 O resultado das analíticas, conforme ao informe asinado por J. Sanjurjo Sánchez (Instituto Universitario de Xeoloxía Isidro Parga Pondal).

Con excepción do proceso de integración da edificación interpretada como alxibe, así como das dúas posibles fases de construción da muralla a que apunta a distinta técnica de cantería, a realidade material e o coñecemento arqueolóxico de que a día de hoxe se dispón para o castelo —á espera de acometer novas intervencións neste espazo—, supoñen unha foto fixa dun castelo no seu período de madurez, xa plenamente conformado, sen que nada se poida afirmar ao respecto da súa posible evolución ao longo dos séculos en que consta a súa existencia, prolongada ao longo dos cinco séculos que median entre a primeira referencia documental no 982 e a derradeira, por volta de 1460.

Péchase coa demolición da fortaleza a secuencia histórica deste conxunto arqueolóxico, pois non hai evidencias orais, escritas nin materiais que falen de ocupación continuada con posterioridade a este feito.

Capítulo 06

A necrópole medieval de San Salvador das Rozas (Medeiros, Monterrei)

135

Patricia Valle Abad | Fermín Pérez Losada

Universidade de Vigo / pvalle@uvigo.gal - fermin@uvigo.gal

1 Introducción

A capela de San Salvador das Rozas localízase ao noroeste da vila de Medeiros, no Concello de Monterrei (Ourense), nunha planicie comprendida entre os regatos Biduedo e San Cristovo (Fig. 1). Datada de época moderna/contemporánea, alberga no seu recinto os restos dunha necrópole medieval, escavada no ano 2016 por un equipo da Universidade de Vigo e da que xa se tiña constancia dende a década de 1970, momento no que se recuperou un importante conxunto de sartegos e laudas monolíticas en pedra.

No seu entorno próximo atopamos restos asociados a distintas épocas históricas, como o asentamento romano-medieval de Outeiro (GA32050011) –tégulas, ladrillos e cerámica común romana, vestixios de muros, sartego rupestre antropomorfo con tampa–, o asentamento fortificado indeterminado de Montecelo (GA32050012) –recinto defensivo de forma estrelada, tégula e cerámica común romana nas laadeiras–, un posible xacemento no entorno da propia capela (GA32050039) –caracterizado pola aparición diseminada en superficie de “fragmentos de tégulas e outras cerámicas no que predominan as pastas grises”–, a ara romana de Medeiros (ACH32050010) –conservada no pobo, pero procedente do castro da Cidá–, e o sartego antropomorfo de Medeiros (ACH32050011), de procedencia descoñecida. Así como outros elementos patrimoniais como a Igrexa parroquial de Santa María de Medeiros, varias fontes e mananciais, e un nutrido número de cruceiros, entre os que destacan os recuperados no propio recinto da capela de San Salvador.

Ampliando o espectro xeográfico, podemos destacar outros asentamentos próximos, como os castros galaicorromanos da Cidá de Medeiros (GA32050015), Forte da Madanela (GA32050009) e o recinto fortificado de Muro de Búbal (GA32050016); o asentamento romano de A Quinta en Vilaza (GA32050018); os asentamentos medie-

vais de O Tallo en Flariz (GA32050005), Outeiro de San Pedro en Flariz (GA32050006-07) e capela de San Paio en Medeiros (GA32050014); o lagar rupestre de Carreira Blanca en Medeiros (GA32050042); amais dos achados illados do tesouríño altoimperial de Flariz (ACH32050001), o tesouríño baixoimperial das Campás en A Salgueira (ACH32050004) e a estela funeraria da Madanela (ACH32050002)²⁸.




Fig. 1. Localización do xacemento. Fonte: SERGAS, Google satélite e Plan Básico Autonómico (PBA).

2 O achado dos primeiros restos funerarios

As primeiras noticias do achado de restos funerarios no entorno da capela remíten-nos a 1984, ano no que se documenta por primeira vez o conxunto formado por 17 pezas graníticas, repartidas en seis sartegos monolíticos, cinco laudas completas e fragmentos doutras cinco, ademais dunha doela decorada. O investigador Antonio Rodríguez Colmenero foi o encargado de notificar a existencia das pezas á prensa, trala súa inspección *in situ*²⁹. Neste mesmo ano publicouse o primeiro traballo monográfico sobre as laudas e sartegos, da man de Eligio Rivas Quintas (1984) (Fig. 2). O tema foi retomado por Colmenero e López Quiroga (1991), nunha publicación na que os restos funerarios foron asociados ao período tardorromano, datados entre finais do s. IV e inicios do VII, atendendo ao programa iconográfico que presentaban algunhas das pezas.

²⁸ Plan Xeral de Ordenación Municipal de Monterrei. Concello de Monterrei. Catálogo de Xacementos arqueolóxicos: <http://siotuga.xunta.gal/siotuga/documentos/urbanismo/MONTERREI/documents/27884ca011.PDF> [consultado 27/09/2023]

²⁹ La Voz de Galicia, 10-12/05/1984 “La necrópolis altomedieval de Medeiros”



Fig. 2. Debuxos realizados en 1984 dalgunhas das laudas do xacemento. (Fonte: Quintas Rivas, 1984).

O achado do conxunto retrotráese, sen embargo, ata a década dos anos 70 do século pasado, momento no que varios veciños do lugar refiren a realización de traballos

de achairado e nivelación do terreo, no sector sur do recinto. A retirada de terra nesta área, motivo polo que as cimentacións do edificio se atopan actualmente visibles, puxeron ao descuberto un nutrido conxunto de sartegos e laudas monolíticos en pedra. Localizábanse moi próximos ao muro sur da capela e recuperáronse destapados, con signos de espolio (recheos de terra e pedras). Ademais das 17 pezas recuperadas, documentouse a existencia doutro sartego monolítico máis, situado na esquina noroeste da igrexa, baixo as cimentacións da mesma, o que impediu a súa retirada (Valle Abad & Sánchez Sanz, 2017).

Nas xornadas que seguiron ao seu descubrimento, as pezas foron extraídas con forza mecánica e distribuídas polo entorno da capela, onde permaneceron á intemperie ata o ano 1984. Neste ano, procedeuse á construción dun novo peche do adro da igrexa e, asemade, dun galpón ao oeste do recinto, fronte a entrada da igrexa, destinado a albergar as laudas e sartegos. As obras de acondicionamento do lado norte da capela realizadas neste mesmo ano non aportaron novos restos ao conxunto, circunstancia que se repetiría en 1998-1999 durante a construción, sen control arqueolóxico, dunha nova caseta con cuberta baixo o programa europeo LEADER II (actuación B6-060, integrada en la liña "Rehabilitación e mellora do medio ambiente e entorno"), destinada a converterse nun centro de interpretación dos restos funerarios (Fig. 3).



Fig. 3. Á esquerda, a caseta cuberta construída en 1998-1999 para albergar os sartegos e laudas de San Salvador das Rozas; á dereita, a capela de San Salvador.

3 A intervención do ano 2016

3.1 O proxecto

A intervención realizada polo Grupo de Estudos de Estudos de Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio - GEAAT da Universidade de Vigo no ano 2016, tiña como obxectivo principal a posta en valor das laudas e sartegos recuperados na década de 1970. Os restos, albergados aínda no galpón construído en 1984, atopábanse cubertos de musgo, liques e lixo, ademais de follas das árbores circundantes (Fig. 4). Expostos ás inclemencias do tempo e a outras agresión externas, foran obxecto de roubo, coa subtracción dun dos sartegos infantís, denunciado na prensa no ano 2010³⁰.

139



Fig. 4. Estado no que se atopaban as laudas e sartegos con anterioridade á chegada do equipo da Universidade de Vigo á Capela de San Salvador.

O proxecto establecía polo tanto tres fronte de actuación fundamentais:

1. A conservación preventiva –limpeza e consolidación– e restauración –pega-do de fragmentos– dos sartegos e laudas.

³⁰ El País, 08/06/2010 “Cultura se desentiende del robo de un sarcófago medieval”. https://elpais.com/diario/2010/06/08/galicia/1275992304_850215.html [consultado 27/09/2023]; Faro de Vigo 04/06/2010. “El Concello de Monterrei será denunciado por no custodiar su patrimonio arqueológico”, <https://www.farodevigo.es/ourense/2010/06/04/concello-monterrei-sera-denunciado-custodiar-17839256.html> [consultado 27/09/2023].

2. O estudo, rexistro e documentación minuciosa e exhaustiva das pezas, empregando as novas tecnoloxías a disposición (fotogrametría).
3. A protección efectiva das pezas, para evitar novas subtraccións e un maior deterioro das mesmas, así como a adecuada exhibición do conxunto na case-
ta construída con ese fin.

140

O proxecto contemplaba ademais a realización de dúas sondaxes arqueolóxicas na área na que foran recuperados os restos funerarios, co obxectivo de estudar o seu contexto arqueolóxico orixinal, así como recuperar material moble que permitiese datar as pezas. Os traballos en campo, tanto de escavación como de conservación-restauración, rexistro e acondicionamento das pezas graníticas realizáronse no prazo de dez días hábiles, entre o 10 e o 23 de xuño de 2016. Os traballos continuaron no laboratorio, onde os restos recuperados foron inventariados e a información recollida analizada, para a elaboración da memoria da intervención. Promoveuse ademais a difusión do proxecto nas redes sociais e nos distintos medios de comunicación (prensa e radio), como parte da posta en valor dos restos da Necrópole de San Salvador das Rozas³¹.

3.2 Os traballos de limpeza e conservación-restauración das pezas

Como se mencionou con anterioridade, á chegada do equipo da Universidade de Vigo ao recinto da Capela de San Salvador, os sartegos e laudas atopábanse acumulados no pequeno galpón construído en 1984 (Fig. 4). A estrutura favorecera a preservación das pezas, aínda que non as protexía por completo das inclemencias do tempo e outras agresións externas. As pezas estaban cubertas de musgo e liques, ademais de lixo acumulado ao longo do tempo³².

Os traballos comezaron coa súa retirada do galpón, distribuíndo as laudas e sartegos ao longo do adro da capela, mediante medios mecánicos. Todo o proceso foi dirixido e supervisado pola especialista Carolina Sánchez Sanz, encargada dos traballos de conservación-restauración dos restos (Valle Abad & Sánchez Sanz, 2017). As pezas foron colocadas sobre soportes de madeira ou bloques de granito, que as elevaban por encima do nivel do chan, facilitando o acceso e manexo das mesmas.

31 Faro de Vigo, 01/06/2010 “El grupo de arqueología del campus excavará la necrópolis de Medeiros” <https://www.farodevigo.es/ourense/2016/05/31/grupo-arqueologia-campus-excavara-necropolis-16605513.html> [consultado 27/09/2023]; Faro de Vigo, 24/06/2010 “Descubren en Monterrei ocho tumbas en la necrópolis de Medeiros”, <https://www.farodevigo.es/ourense/2016/06/24/descubren-monterrei-ocho-tumbas-necropolis-16584778.html> [consultado 27/09/2023]; La Voz de Galicia 18/06/2010. La Voz de Galicia 18/06/2016 “Hallan sepulturas del siglo VI en la necrópolis de Medeiros en Monterrei” https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/ourense/monterrei/2016/06/18/hallan-sepulturas-siglo-vi-necropolis-medeiros-monterrei/0003_201606O18C7991.htm [consultado 27/09/2023]

32 La Región 16/05/2009 “Una vergüenza arqueológica en Medeiros” <https://www.laregion.es/articulo/historia-en-4-tiempos/vergüenza-arqueologica-medeiros/20090516141152461944.html> [consultado 27/09/2023]

Cada unha das laudas e sartegos foi obxecto dun rexistro e dun diagnóstico detallado, para determinar o seu estado de conservación, antes de proceder a limpeza. A retirada do musgo e liques, así como de algúns restos de morteiro e cemento adherido á superficie dalgúns pezas, realizouse de forma manual, tratando individualmente cada peza (Fig. 5). Cada un dos elementos pétreos foi limpadado dúas veces, unha pola cara interna e outra pola cara externa (Valle Abad & Sánchez Sanz, 2017), sendo necesario recolocar as mesmas coa axuda dun brazo mecánico, antes de proceder coa segunda limpeza. No caso dos elementos máis voluminosos, dous grandes sartegos monolíticos para adultos, a limpeza da parte inferior entrañou certas dificultades, debido ao peso das pezas, polo que se optou por desprazar as mesmas sobre os seus soportes, en vez de voltealas.



Fig. 5. Traslado e distribución das laudas e sartegos para o seu diagnóstico e limpeza (arriba); proceso de limpeza e retirada do musgo e liques das pezas (abaixo).

Unha vez rematados os traballos de limpeza, procedeuse á consolidación dalgúns pezas, que presentaban superficies agretadas e signos de disgregación. Nun reducido número de casos, procedeuse ademais ao pegado ou unión daquelas laudas ou

sartegos que sufriran fracturas, xa fose no período posterior ao seu descubrimento ou con anterioridade ao mesmo. Os casos máis significativos son a lauda [SM10], unha tampa de sartego infantil con forma semi-cilíndrica, que romperá nunha das súas esquinas (Fig. 6); e o sartego infantil [SM14], roto nun dos seus laterais longos (Valle Abad & Sánchez Sanz, 2017). Pola contra, debido ao volume e o peso dos diferentes fragmentos que a compoñían, descartouse a restauración física da lauda [SM15], que sería posteriormente restaurada en formato dixital, ao igual que a lauda [SM7-11] (Valle Abad, 2017).

3.3 Estudo e rexistro das laudas e sartegos

Con anterioridade ao traslado das pezas a súa localización definitiva e en paralelo aos traballos de limpeza e consolidación, realizouse un rexistro pormenorizado das mesmas. Ademais do debuxo e fotografía tradicionais, realizáronse barridos fotográficos de todas as pezas, para a súa posterior reconstrución dixital, a través da fotogrametría. Cada unha das pezas foi fotografada en dúas ocasións, unha polo anverso e outra polo reverso, o que implicou en moitos casos a realización das fotografías en días ou franxas horarias diferentes, ao depender do brazo mecánico da grúa para xirar as pezas. No caso dos dous grandes sartegos monolíticos, ante a imposibilidade de voltealos, por cuestións de seguridade, as fotografías foron tomadas coas pezas suspendidas, facendo dous tomas diferentes da parte inferior para poder posteriormente eliminar das imaxes as cinchas que agarraban os sartegos. Por outra parte, ao facerse ao ar libre, os rexistros tiveron que acondicionarse aos distintos cambios de luz, facendo necesario en moitos casos utilizar sombras artificiais para poder realizar as fotografías. Estas circunstancias derivaron en certas problemáticas no posterior procesado das imaxes, como a coloración diferente das texturas de cada unha das partes que compoñían unha peza ou a necesidade de facer os ensamblados de forma manual, por falta de puntos de referencia válidos (Valle Abad, 2017).

As fotografías foron procesadas posteriormente co software *Agisoft Photoscan*, utilizando *Blender* e *Meshlab* para a restitución das pezas fragmentadas, así como para a aplicación de luces e filtros que permiten unha mellor percepción das decoracións e inscricións (Fig. 7). A realización dos modelos permitiu identificar novos gravados, detectar marcas descoñecidas e ver detalles non visibles ata ese momento (Valle Abad, 2017). Ademais, foi posible reintegrar dúas das laudas de maior tamaño –[SM15] e [SM7-11]– que, debido ao seu peso e volume, non foran restauradas fisicamente durante os traballos en campo.



Fig. 6. Proceso de consolidación e pegado da lauda [SM10]. Arriba: estado no que se atopaba a peza ao inicio do proxecto; abaixo: modelo 3D da tampa trala súa restitución en campo.



Fig. 7. Modelos dixitais xerados por fotogrametría dalgunhas das pezas de San Salvador das Rozas. Na parte de arriba á esquerda, a lauda [SM7-11] restituída dixitalmente.

3.4 Traslado e montaxe das pezas

O traslado das pezas á caseta construída en 1998-1999 comprendeu certas dificultades técnicas, debido ao volume e peso das pezas máis grandes. Foi necesaria unha planificación previa da distribución dos restos na única sala do edificio, posto que as laudas e sartegos de menor tamaño que debían situarse no sector oeste da caseta, debían introducirse antes que os dous grandes sartegos monolíticos e a tampa que cubría un deles (Fig. 8). A isto sumábanse as dimensións dalgunhas pezas, como a lauda [SM15], que tivo que ser introducida na sala en posición vertical, posto que era máis ancha que a abertura da porta.

Todas as pezas foron colocadas sobre soportes de madeira, para evitar o seu contacto directo co chan. As laudas, que nunha primeira instancia ían amarradas con soportes ás paredes e colocadas en posición vertical, finalmente se depositaron

tamén sobre soportes de madeira e en posición horizontal (Fig. 8). Esta medida adoptouse a fin de garantir a seguridade e integridade das pezas, sobre todo no caso das laudas máis grandes, atendendo ao peso e estado de conservación das mesmas.



Fig. 8. Colocación e distribución das laudas e sartegos no interior da caseta cuberta.

3.5 A escavación arqueolóxica

Paralelamente aos traballos de limpeza, rexistro e traslado das pezas graníticas, desenvolveuse unha pequena campaña de escavación arqueolóxica no lado sur do recinto. As dúas sondaxes, moi próximas entre si e ao muro sur da capela, cubrían unha extensión aproximada de 21 m². A Sondaxe 2, situada máis ao oeste, comprendía parte do espazo no que foran atopados os sartegos e laudas nos anos 70; namentres a Sondaxe 1, situada ao leste, próxima da cabeceira da igrexa, tiña como obxectivo determinar a extensión da posible necrópole (Figs. 9 e 10).




Fig. 9. Distribución do adro da igrexa de San Salvador e localización das sondaxes.



Fig. 10. Localización das dúas sondaxes escavadas ao sur do recinto da capela.

Sondaxe 1

A escavación deste sector puxo ao descuberto un total de cinco tumbas e fragmentos de dúas tampas (Fig. 11). A Sepultura 1 (S1) era unha cista con tendencia fusiforme, formada por grandes lousas de pedra nos seus laterais longos, unha delas parte dunha antiga soleira reempregada como material de construción. O defunto situárase directamente sobre a terra e estaba cuberta por unha lauda monolítica lisa, que se recuperou *in situ*, aínda que lixeiramente desprazada. A Sepultura 2 (S2) era tamén una cista con tendencia fusiforme e estaba formada por grandes laxas de pedra, fincadas no terreo. O fondo estaba cuberto de tres lousas do mesmo material e non se recuperou a tampa. A Sepultura 3 (S3) era unha tumba infantil en cista rectangular, construída con perpiaños de tamaño medio. Estaba parcialmente destruída ou carecía de estrutura na parte da cabeceira. Non se recuperou a tampa e o defunto fora enterrado directamente sobre o chan natural. A Sepultura 5 (S5), de factura similar a S3, estaba tamén parcialmente destruída e conservaba parte da tampa no perfil leste da sondaxe. O defunto fora enterrado directamente sobre o sustrato natural. A Sepultura 11 (S11) era una cista fusiforme, construída por perpiaños fincados, tres en cada lateral longo e un na cabeza e pés. Atopouse cuberta por unha gran pedra labrada, con reborde, posiblemente reempregada, partida en dous fragmentos, ademais dunha terceira pedra de menor tamaño. A S11 foi a única tumba recuperada intacta, sen adicións de terra posteriores, atopándose chea de auga, pero sen restos óseos. Finalmente, a Sepultura 6 (S6) componse unicamente dun fragmento de lauda monolítica de dobre estola, sen outra estrutura asociada; ao igual que a Sepultura 10 (S10), identificada como unha posible tampa.

Non se localizaron restos óseos nin elemento de mobiliario funerario ou vestimenta no interior das sepulturas. Tres delas atopábanse parcial ou totalmente descubertas (S2, S3, S5) e soamente dúas conservaban a tampa *in situ* (S1, S11). Nun inicio identificouse outra posible tumba (S4), que finalmente foi descartada, ao determinarse que as pedras que a conformaban servían en realidade como reforzo para a estrutura da S3. Localízanse pedras con esta mesma función entre as tumbas S2-S11 e, aparentemente, no sector norte da S1. Todas as tumbas están orientadas oeste-leste, coa cabeza do defunto cara o oeste.

As tumbas estaban cubertas por un depósito de terra escuro con manchas amarillentas, e pouco material cerámico. Sobre o mesmo, un recheo de pedras que se estendía por toda a sondaxe e servía, ao igual que un conxunto de grandes lousas recuperado na zona norte, para achairar o terreo. Sobre este depósito recuperouse un nivel de terra escuro con abundante material do período moderno. Finalmente, no sector nordeste da sondaxe, baixo este nivel de terra escuro, identificouse unha posible lauda monolítica, situada baixo o esquinal suroeste da capela, formando parte da cimentación da mesma.




Fig. 11. Distribución das sepulturas e restos funerarios recuperados na Sondaxe 1.

Sondaxe 2

A escavación desta área puxo ao descuberto dúas tumbas e parte de outra, destruída durante os traballos de arrastre e extracción dos sartegos atopados na década dos 70 (Figura 12). A Sepultura 7 (S7) era unha tumba en cista fusiforme, formada por perpiños fincados –tres en cada lateral e un na cabeceira e pés–. Recuperáronse sobre a mesma tres lousas, das cales polo menos unha forma parte da tampa, situada na zona da cabeceira. O defunto fora colocado sobre o substrato natural. A Sepultura 8 (S8), localizábase na esquina sueste da sondaxe, sendo visible unicamente a zona da cabeceira, circunstancia pola cal non foi escavada por completo. Estaba formada por una cista de pedra e o defunto sería colocado sobre o substrato natural. Estaba cuberta por pedras de pequeno-medio tamaño, amontoadas. Por úl-

timo, localizáronse tamén os restos da Sepultura 9 (S9), da que se conservaba parte dunha fosa ovalada. Polo seu tamaño sería una tumba infantil, co fondo cuberto por lousas de pedra planas, polo menos na parte central e da cabeceira. Durante a súa escavación non se detectaron indicios de que contase cunha estrutura tipo cista. Atopábase parcialmente destruída.




Fig. 12. Distribución das sepulturas e restos funerarios recuperados na Sondaxe 2. En liña descontinua, o contorno da fosa de espolio da que se extraeron as laudas e sartegos nos anos 70.

No se localizaron restos óseos nin de mobiliario funerario en ningunha das tumbas, que estaban recheas de terra. Recupérase a cuberta das tumbas S7 e S8, aínda que de forma parcial. Todas as sepulturas presentan orientación oeste-leste, coa cabeza cara o oeste, aínda que a S9 presenta unha lixeira inclinación cara o suroeste-nordeste. Ademais do conxunto de tumbas, destaca nesta sondaxe o descubrimento da foxa de espolio da que foran extraídos os sartegos e laudas nos anos 70. Esta ocupa todo o sector norte e noroeste da sondaxe, afectando a sepultura S9. A foxa corta o substrato natural sobre o que se asentan as estruturas funerarias, así como os niveis sucesivos que se acumulan sobre o mesmo. Estaba rechea dun depósito de terra escura, con manchas e fragmentos de tella e pedra.

Os niveis da necrópole, ao igual que no caso da Sondaxe 1 estaban cubertos por un nivel de terra escuro, sobre o que se localizou un depósito de pedras, posiblemente para achairar o terreo. Sobre o mesmo, unha capa de terra marrón escura con material moderno, asimilable á atopada na Sondaxe 1.

Por motivos de conservación e seguridade, tralo seu rexistro, ambas sondaxes foron tapadas mediante o enterramento controlado das estruturas. Naqueles casos nos que se recuperaron as tampas *in situ*, estas foron colocadas de novo sobre as sepulturas, tras enchelas de terra, asegurando a estabilidade das mesmas.

4 A necrópole de San Salvador das Rozas

Os datos recuperados da intervención arqueolóxica, así como o estudo das laudas e sartegos da San Salvador das Rozas, confirman o uso funerario do espazo ocupado a día de hoxe pola capela. Descóñécense os límites da área sepulcral, ao estenderse as estruturas máis aló dos límites das sondaxes realizadas. Atendendo aos datos recuperados durante os traballos realizados no adro nos anos 1984 e 1998-1999, parece que o conxunto se desenvolve principalmente cara o sur do recinto, sen poder descartar que existan máis tumbas baixo o actual edificio da igrexa ou na súa cabeceira.

A ocupación funeraria do espazo parece sen embargo limitada. Trataríase probablemente dun pequeno cemiterio parroquial, asociado a algún tipo de edificación relixiosa quizais localizada baixo a actual capela, e cunha duración temporal relativamente curta. Atendendo á morfoloxía da zona, o lado sur do adro atópase a altura maior que os terreos circundantes, que ademais son áreas que se anegan de forma estacional. Isto podería indicar que o límite horizontal do cemiterio se corresponde co espazo actual do adro da capela. Por outra banda, as sondaxes mostran un único nivel de enterramentos, sen superposicións de tumbas. As sepulturas presenta un nivel de uso homoxéneo, así como un certo ordenamento do espazo, que indica un probable uso coetáneo ou non demasiado dilatado no tempo das estruturas.

A Sondaxe 2 aportou ademais información relativa á emprazamento orixinal do conxunto de sartegos e laudas recuperados nos anos 70, ao localizarse a gabia da que foran extraídos (Figura 13). Isto permite reconstruír, en certa medida, unha imaxe global da necrópole, cun claro predominio dos sartegos monolíticos na zona oeste da área de enterramento, cerca dos pés da capela; namentres a zona máis próxima á cabeceira estaría ocupada por tumbas en cista ou foxas. Debido á falta de información sobre a distribución que tiñan os sartegos no momento do seu descubrimento, non é posible determinar se estes ocupaban un espazo destinado unicamente para este tipo de sepulturas ou se os grandes sartegos se intercalaban con outras tumbas de factura máis sinxela.

Sumando os sartegos e as sepulturas en cista ou foxa recuperadas na década de 1970 e no ano 2016, contamos cun total de 13 estruturas funerarias, das cales cinco pertencían a individuos adultos e seis a infantes ou subadultos; as dúas restantes no puideron ser adscritas a un rango de idade específico, ao non escavarase por completo. Respecto ás laudas, tres cubrían tumbas para individuos adultos e outras tres sartegos infantís, sendo posible nalgúns casos asociar as tampas aos sartegos

correspondentes. Rexístranse fragmentos doutras cinco laudas máis, que non foi posible asociar a un rango de idade específico ao recuperarse incompletas (Fig. 14).



151

Fig. 13. Sondaxe 2 ao remate dos traballos de escavación.




Fig. 14. Proporción de estruturas asociadas a individuos adultos e infantís.

Respecto á tipoloxía de enterramentos, no caso das sepulturas recuperadas nas sondaxes observamos un predominio das estruturas tipo cista en pedra, construídas con perpiaños ou lousas fincadas. A maioría presenta unha tendencia fusiforme (4), coa zona dos pes máis estreita que a zona da cabeceira, e nun número menor de casos forma rectangular (2). Soamente dúas –a S1 e a S11– conservaban a cuberta completa, sendo en ambos casos laxas ou lousas de pedra. No resto dos casos, nos que se conservou de forma parcial, atopamos novamente lousas en pedra (S7) ou acumulacións de pedras de pequeno-medio tamaño (S8). A única excepción a esta tipoloxía sería a tumba S9, identificada coma un enterramento en foxa de forma ovalada e co chan cuberto por lousas de pedra, característica esta última que comparte coa tumba S2 (Fig. 15).

Ningunha das tumbas conservaba restos óseos e todas menos unha (S11) estaban recheas de terra, probablemente por filtracións posteriores ao enterramento das mesmas. A ausencia de ósos dificulta coñecer se as sepulturas foron utilizadas nunha única ocasión ou se, pola contra, contaban con varias deposicións. A necrópole presenta unha distribución regular, con todas as tumbas orientadas oeste-leste, coa cabeza ao oeste, cunha escasa variación suroeste-nordeste no caso da S9.



Fig. 15. Sondaxe 1, ao remate dos traballos de escavación.

Os sartegos recuperados nos anos 70 presentan tamén unha tipoloxía bastante homoxénea, distinguíndose sobre todo no tamaño e decoracións. Do conxunto, dous son sartegos monolíticos para adultos, sen decoracións, a excepción dunha inscrición incompleta ("___\NE") no caso do sartego [SM1]. Os sartegos infantís, tamén monolíticos e antropomorfos, presentan un corpus decorativo máis amplo –cruces, arcadas, liñas, círculos– e nalgúns casos inscricións. O caso máis notable é o do sartego [SM5], tallado nun bloque reempregado, atendendo aos rebaixes da cara posterior, e que presenta unha profusa decoración nas súas catro caras, ademais da inscrición "FOSCI" (Fig. 16).



Fig. 16. Modelo dixital do sartego [SM5], no que se poden apreciar as decoracións en arcadas da cabeceira e a inscrición "Fosci" no lateral.

No caso das laudas atopamos unha ampla variedade de formas e decoracións. En xeral as pezas destinadas a infantís están máis profusamente decoradas que as dos adultos, nas que atopamos figuras de orantes [SM15], decoración en "costelas" [SM7-11] ou unha sinxela espiña central [SM6]. Entre as pezas infantís destacan a [SM10], unha tampa semi-esférica monolítica decorada por bandas paralelas lonxitudinais e ondas; a lauda [SM12], decorada con liñas paralelas lonxitudinais, que rematan nun semicírculo; e a lauda [SM13], decorada con bandas centrais rematadas en círculos concéntricos, con motivos ondulados nos lados longos e a inscrición "ACELINO" (Figura 17). Por último, os fragmentos de lauda recuperados presentan decoracións similares ás anteriormente descritas con figuras de orantes [SM13 e SM16] e bandas paralelas e semi-círculos concéntricos na cabeceira, con decoracións en ondas nos laterais, arcos invertidos e esvásticas [SM4]³³. Esta última peza podería ser a tampa do sartego [SM2], ao presentar un rebaixe similar na cara posterior.

Os distintos motivos decorativos, así como as inscricións, principalmente "FOSCI" e "ACELINO", fixeron que o conxunto se datase, por comparación con pezas similares, do período tardorromano, entre os séculos IV e VII d.C. (Rodríguez Colmenero e López Quiroga, 1991; López Quiroga e Rodríguez Lovelle, 1991). Esta idea, que se

³³ Para un estudo máis detallado das laudas e sartegos: Rivas Quintas (1984); Rodríguez Colmenero e López Quiroga (1991).

mantivo ao longo do tempo (López Quiroga, 2006), presenta sen embargo certas diferencias coa información aportada polo rexistro arqueolóxico (Valle Abad, 2018; Valle Abad & Sánchez Sanz 2017).

154



Fig. 17. Lauda [SM13], na que se poden ver as decoracións xeométricas da parte superior e a inscrición invertida "Acelino".

O material mobile recuperado é bastante escaso, con algúns restos de vidro, líticos e sobre todo fragmentos de cerámica. Trátase principalmente de olas con borde en "s", en pestana ou en aresta, bacíns e xerras (Figura 18). Algunhas das pezas presentaban ademais decoracións con cordóns aplicados ou liñas incisas, así como decoracións con punzóns, peiteados e decoracións excisas. Os bordes en aresta aparecen normalmente en contextos do s. XIII, como no caso do Castelo de San Salvador de Todea (Rodríguez Novoa et al, 2022) e o resto de tipoloxías en contextos dos ss. XIV-XVI, como no Castelo da Lúa (Cesar Villa & Bonilla Rodríguez, 2003). Resulta moi significativa a total ausencia de materiais inequivocamente romanos ou tardorromanos, como por exemplo as omnipresentes tégalas, das que non apareceu nin un fragmento, tanto nas sondaxes do adro como na prospección superficial das leiras colindantes.

A necrópole de San Salvador das Rozas situaríase cronoloxicamente, polo tanto, na Baixa Idade Media, atendendo á morfoloxía das estruturas (Fernández Mier, 2015: 188-190) e aos materiais recuperados (Rodríguez Nóvoa et al, 2022; Cesar Villa & Bonilla Rodríguez, 2003). A súa ocupación desenvolveríase probablemente nalgún momento entre os séculos XIII e XV, sen poder concretar un arco cronolóxico máis específico. Estaría probablemente asociada a algún tipo de edificio relixioso, quizais fosilizado pola actual capela de San Salvador. A súa función, como pequeno cemiterio parroquial, estaría limitada no tempo, atendendo á ausencia de superposicións de enterramentos e o limitado espazo do adro da igrexa.




Fig. 18. Fragmento de bacín, decorado na cara interna e externa.

A cronoloxía aportada polo rexistro arqueolóxico contrasta claramente coa asignada ás laudas e sartegos recuperados neste mesmo espazo. A Sondaxe 2, así como as informacións aportadas polos veciños, sitúan estes restos funerarios no mesmo contexto que os enterramentos en cista e, polo tanto, nun período cronolóxico similar. Esta circunstancia parece demostrar claramente que o conxunto recuperado nos anos 70 non é romano ou tardorromano, senon que ten unha cronoloxía moito mais tardía, da época baixomedieval. Porén sí que resulta razonable a interpretación alternativa de que las laudas e sartegos efectivamente poidan remontar á época tardorromana, sendo posteriormente reutilizadas na necrópole baixomedieval, algo que, de momento, o rexistro arqueolóxico se resiste a demostrar (inexistencia de material romano no xacemento e inmediacións). Xa que logo, a espiñosa cuestión da datación tipolóxico-decorativa das laudas e sartegos aínda debe quedar en aberto e supeditada á realización de novas intervencións nesta e noutras necrópoles coetáneas, así como ao desenvolvemento de estudos xerais, como o efectuado recentemente por Laura Blanco Torrejón (2022), sobre o rexistro funerario da Idade Media en Galicia.

5 Conclusións: a necrópole de Medeiros

A intervención na Necrópole de San Salvador das Rozas aportou interesantes datos sobre o conxunto funerario atopado na década de 1970. As pezas, descontextualiza-

das ata ese momento, foron estudias e rexistradas en detalle, creando copias dixitais que facilitan o acceso ás mesmas. Trasladas ao edificio cuberto construído como centro de interpretación, permanecen custodiadas e protexidas, a espera dun proxecto de musealización que permita, aos visitantes que se acercan ata o lugar, desfrutar das mesmas.

A intervención na Necrópole de San Salvador das Rozas non se limitou aos traballos de escavación, acondicionamento e rexistro do conxunto funerario. O obxectivo principal do proxecto era a posta en valor dos restos e do propio xacemento de San Salvador, acercándoos ao público en xeral, pero sobre todo aos veciños do pobo de Medeiros e da comarca de Monterrei. Os traballos desenvolvéronse baixo unha política de portas abertas, recibindo e atendendo aos distintos visitantes que acudían ata o xacemento para coñecer a evolución dos traballos de escavación e da limpeza das pezas (Fig. 19). Fomentouse ademais a participación dos máis cativos, con vistas da escola local ata o xacemento, así como unha visita por parte do equipo da intervención aos centros escolares. Finalmente nas últimas xornadas da intervención, ofreceuse unha visita guiada para todos os veciños e interesados que decidiron acercarse ata o adro da capela, compartindo cos mesmos os resultados da intervención (Fig. 20).



Fig. 19. Grupo de veciños de Medeiros reunidos para presenciar o levantamento da tampa dunha das tumbas.

Este achegamento aos veciños foi especialmente importante, non só pola valiosa información que aportaron ao proxecto, respecto a localización das laudas sartegos nos anos 70 e as circunstancias que rodearon o seu descubrimento; senón tamén polo deber que recae sobre eles como custodios do patrimonio arqueolóxico e histórico do lugar.



Fig. 20. Visita guiada ao xacemento, na que se compartiron cos veciños os resultados da intervención e se respondeu as súas preguntas.

Agradecementos

A realización deste proxecto no tería sido posible sen o apoio do Excmo. Concello de Monterrei, que aportou medios económicos e humanos para a súa realización. Queremos expresar ademais o noso agradecemento aos arqueólogos e arqueólogas que participaron no proxecto –Martíño Xosé Vázquez Mato, Begoña Garrido Labrador, María de los Ángeles Coello Fernández, Martín Rivas Vázquez e Héctor Espino Alvarado–, así como a técnica en conservación-restauración Carolina Sánchez Sanz pola súa implicación. Por último, agradecer aos veciños de Medeiros a súa disposición e interese durante a execución dos traballos e trala finalización do proxecto.

Referencias Bibliográficas

159

Alonso Toucido, F., Prieto Martínez, M. P., Rodríguez Paz, A. (2018): Las jarritas de Santa Mariña de Augas Santas (Allariz), una aproximación a su morfología, *Estudios Humanísticos. Historia* (16), 177–198 / <https://doi.org/10.18002/ehh.v0i16.6131>

Amado Rolán, N. (2010): *Ruta cultural entre tres castros: o Castelo de Santigoso, o Carballerego de A Mezquita e o Cabezo de Caguazoso*. Concello de A Mezquita, A Mezquita, Ourense.

Andrade Cernadas, J. M. (1995): *O Tombo de Celanova*, 2 tomos. Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela.

Arezes, A. C. (2010): *Elementos de adorno altomedievicos em Portugal (séculos V a VIII)*. Trabalho de fin de mestrado inédito, Universidade de Porto.

Ayán Vila, X. (2012): *Casa, familia y comunidad en la edad del hierro del NW*. Tese Doutoral inédita, Universidade de Santiago de Compostela.

Ayán Vila, X., Fábrega Álvarez, P.; Parcero Oubiña, C., Teira Brión, A. (2007): Arqueología, Paisaje y Sociedad, en F. J. González García, (coord.): *Los pueblos de la Galicia Céltica*. Ed. Akal, Madrid, 131-258.

Azevedo, R. (1958-1962): *Documentos medievais portugueses. Documentos régios. Vol. I: Documentos dos condes portugueses e de D. Afonso Henriques. A.D. 1095-1185*. Academia Portuguesa da História, Lisboa.

Babarro, D. (2017): *Estudio tipológico de las fíbulas en el tramo medio del río Miño*. Trabalho de fin de mestrado inédito, Universidade de Vigo.

Balil Illana, A. (1987): *Forum y Fora* en el No peninsular, en: *Los foros romanos de las provincias occidentales*, Ministerio de Cultura, Madrid, 143-146.

Baliñas Pérez, C. (1995): La Casa de Odoario: una familia nobiliar gallega en los siglos IX y X, *Sociedad Española de Estudios Medievales*, 35-51.

Barroca, M. J. (2018): Fortificações e Povoamento no Norte de Portugal (Séc. IX a XI), *Portugalia*, 25, 181–204.

Barroca, M. J., (2004): Fortificações e povoamento no Norte de Portugal (Séc. IX a XI), *Portugalia*, 25, 181-203.

Blanco Torrejón, L. (2022): *Arqueología de la muerte en la Galicia Tardoantigua y Altomedieval. Necrópolis y cambio social entre los siglos IV y X d.C.* Tese doutoral inédita, Universidade de Santiago de Compostela.

Blázquez Martínez, J. M. (1976): Rechazo y asimilación de la cultura romana en Hispania (siglos IV-V), en D. M. Pippidi (ed.): *Assimilation et résistance à la culture gréco-romaine dans le monde ancien. Travaux du VIe Congrès International d'Études Classiques. Madrid, Septembre 1974*, Bucarest-Paris, 63-94.

Blázquez Martínez, J. M. (1977): La Romanización del Noroeste de la Península Ibérica, en: *Actas del Coloquio Internacional sobre el Bimilenario de Lugo. Lugo 1976*, 67-81.

Bolado del Castillo, R. (2018): El castro de Argüeso-Fontibre (Cantabria) a la luz de las campañas inéditas de 1990-1991, *Sautuola* XXIII, 131-149.

Calo F. (1993): *A Cultura Castrexa*. Ed. A Nosa Terra, Vigo.

Camino Mayor, J., Estrada García, R., Viniegra Pacheco, Y. (2009): El castro inacabado de La Forca (Grado, Asturias): un dominio territorial frustrado, *Trabajos de Prehistoria* 66(1), 145-159.

Cañada González, T. (1999): Mentalidad indígena y proceso de urbanización en el noroeste hispánico entre el cambio de era y la primera centuria, en A. Rodríguez Colmenero (coord.): *Los orígenes de la ciudad en el noroeste hispánico. Actas del Congreso Internacional, Lugo 15-18 de Mayo de 1996*, Lugo, 653-674.

Carballo, L. X. (1998): O marco histórico da Cultura Castrexa, en X. E. Acuña (coord.): *Historia da Arte Galega I*. Ed. A Nosa Terra, Vigo, 114-128.

Carballo, L. X. (2000): *Os castros galegos*. Ed. A Nosa Terra, Vigo.

Carballo, L. X. (2005): *Guía de los Castros de Galicia*. Ed. Nigratrea, Vigo.

Carballo, L. X., Fábregas, R. (2006): Variacións rexionais nas sociedades pre e protohistóricas galai-cas, en R. Álvarez, F. Dubert, X. C. Sousa (eds.), *Língua e Território*. Santiago de Compostela, 67-91.

Cardozo, M. (1942): Uma estação visigótica (?) no concelho de Chaves. S. Caetano- freguesia de Couto de Ervededo, *Revista de Guimarães*, 52 (3-4), 237-256.

Carreño, M^a. C. (1985): *Castro de Saceda, Cualedro (Orense). Campaña de 1985*. Memoria inédita depositada no Servizo de Arqueoloxía da Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

Carreño, M^a. C. (1986): *Castro de Saceda, Cualedro (Orense). Campaña de 1986*. Memoria inédita depositada no Servizo de Arqueoloxía da Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

Carreño, M^a. C. (1991): Castro de Saceda, *Arqueoloxía/ Informes 2. Campaña de 1988*. Xunta de Galicia, 59-61.

Carreño, M^a. C., Rodríguez Colmenero, A. (1984): *Excavaciones arqueológicas en el castro de Saceda (Cualedro, Ourense). Campaña de 1984*. Memoria inédita depositada no Servizo de Arqueoloxía da Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

Carriedo Tejedo, M. (2002): Un obispo desconocido de León: Sisnando II Baruncélliz (año 982), en M. A. Morán Suárez, M^a del C. Rodríguez López, J. A. Martín Fuertes (coords.): *La documentación para la investigación: homenaje a José Antonio Martín Fuertes* Vol. 1, 129-156.

Carriedo Tejedo, M. (2014): La carta auriense de 900, *Diversarum Rerum (Revista de los Archivos Catedralicio y Diocesano de Ourense y de los Amigos de la Catedral de Ourense)* 9, Ourense, 11-76.

Castillo López, A. del (1928): Dos nuevas iglesias pre-románicas. *BCMO T 8 n° 182*, 263-279.

Cesar Vila, M., Bonilla Rodríguez, A. (2003): Estudio de los materiales cerámicos del Castelo da Lúa (Rianxo, A Coruña), *Gallaecia* 22, 297-367.

Comendador Rey, B., Rodríguez Muñiz, V. (2021): O proxecto Lobarzán: novas páxinas para a historia do Tâmega, *Raigame* 45, 102-115.

Comendador Rey, B., Vilas Estévez, B., Mouriño Schick, A., Uña Álvarez, E. de (2021): Creación dunha contorna virtual para a interpretación patrimonial de sitios con pintura rupestre esquemática

da comarca de Monterrei, en E. de Blas Varela (coord): *Proxectos INOU 2020. Investigación aplicada na provincia de Ourense*, Ed. Universidade de Vigo, 9-34.

Concheiro, T. (2011): *Valdamio: un asentamento atípico da Idade do Ferro na montaña oriental ourensá*. Mediateca da UVigo TV.

Cuchin, L. A. (2008): Los topónimos de la Galicia romana: nuevo estudio, *Cuadernos de Estudios Gallegos* 55(121), 109-136.

López Cuevillas, F. (1958): La hoz de hierro de la Cidá do Castro, *Cuadernos de Estudios Gallegos* 13, 329-339.

López Cuevillas, F. (1989): *La civilización céltica de Galicia [1953]*. Madrid.

López Cuevillas, F., Taboada Chivite, X. (1955): Un oppidum de la tribu de los Bibalos, *Archivo Español de Arqueología* 1º semestre, 68-89.

Dorribo J., Boluda, F., Reboredo, M. (2000): *Guía de los castros de Galicia*. Guías Cumio, Vigo.

Da Costa, A. (1959): *O bispo D. Pedro e a organização da diocese de Braga*. Universidade de Coimbra, Faculdade de Letras, 2 vols.

Da Costa, A. (ed.) (1978): *Liber Fidei Sanctae Bracarensis Ecclesiae*. Braga, Junta Distrital, 2 vols.

De la Cueva, F. B. (2007): *Celanova ilustrada y anales de san Rosendo* (Edición, notas e índices M. A. González García, J. R. Hernández Figueiredo, M. Á. Pereira Soto). Ed. Duen de Bux, Ourense.

Diz Domínguez, A. (2021): *Unha delimitación baixomedieval entre as terras de Monterrei e Chaves*. Traballo de Fin de Grao inédito, Universidade de Vigo.

Diz Domínguez, A. (2023): *Aldeas despobladas medievais da comarca de Monterrei e a súa fosilización nos actuais lindes parroquiais*. Traballo de Fin de Mestrado inédito, Universidade de Santiago de Compostela.

Duro Peña, E. (1964): *Las Antiguas Dignidades de la Catedral de Orense*. Anuario de Estudios Medievales 1, Barcelona.

Esparza, A. (1983): Sobre el límite oriental de la Cultura Castreña, en: *II Seminario de Arqueología del Noroeste*, Madrid, 103-121.

Fábrega P., Parceró, C. (2006): Diseño metodológico para el análisis locacional de asentamientos a través de un SIG de base raster, en I. Grau Mira (ed.): *La aplicación de los SIG en la Arqueología del Paisaje*, Alicante, 69-89.

Fernández Fernández, A. (2008): Cerámicas del mundo castrexo del NO Peninsular. Problemática y principales producciones, en D. Bernal y A. Ribera (eds.): *Cerámicas Hispanorromanas: un estado de la cuestión*, Cádiz, 107-129.

Fernández Mier, M. (2015): La articulación social de la Alta Edad Media asturiana, *Documentos de Arqueología Medieval* 8, 188-190.

Fernández-Posse, M. D. (2001): La arqueología de los pueblos del Norte, *Edades. Revista de Historia* 8, 11-29.

Fonte, J. (2009): *Lesenho e Aquae Flaviae: dois modelos de assentamento central e dúas lógicas locais da época pré-romana e romana*. Traballo de Investigación Tutelado para a obtención do Diploma de Estudos Avanzados, Universidade de Santiago de Compostela.

Fonte, J., Rodrigues, A. L., Dias, M. I., Russo, D., do Pereiro, T., Carvalho, J., Amorim, S., Jorge, C., Monteiro, P., Ferro-Vázquez, C., Costa-García, J. M., Gago, M., Oltean, I. (2023): Reassessing Roman military activity through an interdisciplinary approach: Myth and archaeology in Laboreiro Mountain (Northwestern Iberia), *Journal of Archaeological Science: Reports* 49, 103993. <https://doi.org/10.1016/j.jasrep.2023.103993>

- Gándara, F. de la (1677): *Nobiliario, armas, y triunfos de Galicia: hechos heroicos de sus hijos, y elogios de su nobleza, y de la mayor de España, y Europa*. Iulian de Paredes, Impresor de Libros, Madrid.
- García Porral, X. C. (2010): *Lendas castrexas. Antropoloxía da tradición oral no concello de Lalín*. Ed. Lóstrego, Santiago de Compostela.
- Gómez Fernández, A., Fábregas, R., Méndez Vázquez, D., Paz Rodríguez M. S. (2004): Nuevos datos sobre cerámica 'Penha' en el Sur de Galicia, *Sautuola* 10, 17-34.
- Gómez Gandullo, J. A. (2006): Avance sobre las excavaciones arqueológicas en el yacimiento de época visigoda de La Legoriza, San Martín del Castañar (Salamanca), *Zona Arqueológica* 6, 216-235.
- González, J. (1944): *Alfonso IX: colección diplomática*. Instituto Jerónimo Zurita, Madrid.
- González Álvarez, D. (2011): Movilidad ganadera de las comunidades castreñas del occidente cantábrico: La cuenca del Pigüena (Asturias) como caso de estudio, en: *II Jornadas de Jóvenes en Investigación Arqueológica (JIA)*, Madrid 6, 7 y 8 de mayo de 2009, Zaragoza, 147-156.
- González Ruibal, A. (2005): El castro de Saceda y la jerarquización territorial de la segunda Edad de Hierro en el noroeste ibérico, *Zephyrus* 58, 267-284.
- Grande, M. (2008): Los castros de la Galicia interior: arqueología, poblamiento y sociedad, *Herakleion* 1, 85-119.
- Guedes, C. (2009): Um triente de Égica em Aquae Flaviae, *Portugalia* 29-30, 169-177.
- Iglesias Diéguez, A., Naveiro López, J. (1994): *Intervención arqueológica em Verín (Ourense). Informe valorativo de fin de obra*. Informe inédito DXPC Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.
- Lemos, F. Sande (1988): Sondagens na Capela da Granjinha, Chaves (1986/1987), *Cadernos de Arqueologia, série II*, 155-181.
- Lemos, F. Sande (1987): A necrópole medieval de S. Caetano, Chaves, *Cadernos de Arqueologia, série II* 4, 149-17.
- López Quiroga, J. (2006). Después del final de las villae entre el Miño y el Duero (ss. VII-X): comunidades fructuosianas, hábitat rupestre y aldeas, *CuPAUAM* 31-32, 225.
- López Quiroga, J., Martínez Tejera, A. M., coords. (2017): *In Tempore Sueborum. El tiempo de los suevos en la Gallaecia (411-585)*. Deputación Provincial de Ourense.
- López Quiroga, J.; Lovelle, M. (1991): As sepulturas antropomorfas en rocha e a súa problemática histórica: unha proposta para o seu estudio, *Larouco* 1, 61-78.
- López Quiroga, J., Rodríguez Lovelle, M. (1997): Un modelo de análisis del poblamiento rural en el valle del Duero (siglos VIII-X) a partir de un espacio macro-regional: las tierras galaico-portuguesas. CSIC, *Anuario de Estudios Medievales*, 27.
- Lorenzo Fernández, J. (1972): La iglesia prerrománica de Santa María de Mixós, *Boletín Auriense* T. 2, 75-110.
- Lorenzo, R. (2016): *Colección documental do mosteiro de Montederramo*, 3 tomos. Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela.
- Martín Viso, I., Rubio Díez, R., López Sáez, J. A., Ruiz Alonso, M., Pérez Díaz, S. (2017): La formación de un nuevo paisaje en el centro de la Península Ibérica en el período posromano: el yacimiento de La Genestosa (Casillas de Flores, Salamanca), *Archivo Español de Arqueología* 90, 7-28 / [10.3989/aespa.090.017.001](https://doi.org/10.3989/aespa.090.017.001)
- Martínez Lema P. (2018): Ad populandum: toponimia e repovoamento no sul da Galiza alto-medieval, *Revista de Filología Románica* 35, 141-165.

- Martins, M. (1990): *O povoamento Proto-histórico e a Romanização da bacia do curso medio do Cávado*. Col. Cadernos de Arqueologia, Monografias 5, Braga.
- Naveiro López, J., Pérez Losada F. (1997): Verín antigo: excavación arqueolóxica na rúa Maior, *Minus VI*, 9-28.
- Nieto Muñiz, E. B. (2014): Achádegos cerámicos na necrópole rupestre de San Vitor de Barxacova (Parada de Sil, Ourense), en A. de Man, C. Tente (coords.): *Estudos de cerâmica medieval. O Norte e Centro de Portugal, séculos IX a XII*. Instituto de Estudos Medievais, Lisboa, 239-245.
- Niñ-Álvarez, S. (2023): Una aproximación al talón de Aquiles de la Edad del Hierro galaica (s. IX-I a.C.): el registro funerario, *Complutum* 34 (1), 103-127.
- Orejas A. (1995): *Del marco geográfico a la arqueología del paisaje: la aportación de la fotografía aérea*. Ed. Consejo Superior de Investigaciones Científicas, Madrid.
- Orejas, A.; Fernández Manzano, J.; Sánchez-Palencia, F. J., Fernández-Posse, M. D. (1994): Estructura social y territorio en la cultura castreña prerromana. En V.M. Oliveira Jorge (coord.), en: *Actas do 1º Congresso e Arqueologia Peninsular (Porto 1993)*, 191-208.
- Parcero Oubiña, C. (2000): Tres para dos. Las formas del poblamiento en la Edad del Hierro del Noroeste Ibérico, en *Trabajos de Prehistoria*, 57-1. Madrid, 75-95.
- Parcero Oubiña, C. (2002): *La construcción del paisaje social en la Edad del Hierro del Noroeste Ibérico*. Ortegalia: Monografías de Arqueología, Historia e Patrimonio. Ortieira.
- Parcero Oubiña, C. (2005): Variaciones en la función y el sentido de la fortificación a lo largo de la Edad del Hierro en el NO de la Península Ibérica, en Á. Esparza (ed.): *Actas del Encuentro de Jóvenes Investigadores (Salamanca, 20 - 22 de octubre de 2003)*, Colección Aquilafuente, Salamanca, 11-33.
- Parcero Oubiña, C. (2006): Los paisajes agrarios castreños. Modelos de construcción del espacio agrario a lo largo de la Edad del Hierro del noroeste, *Arqueología Espacial* 26, 57-85.
- Parga, A., Prieto Martínez, M. P., Sánchez Blanco, F. (2016): Datación de un yacimiento no fortificado de la Edad del Hierro en Galicia: el caso de O Cepo (San Cibrao das Viñas, Ourense), en J. A. Barceló, I. Bogdanovich, B. Morell Rovira (coords.): *Iber-Crono Actas del Congreso de Cronometría para la Prehistoria de la Península Ibérica*, Barcelona, 260-271.
- Pérez Losada, F. (2002): *Entre a cidade e a aldea. Estudo arqueohistórico dos aglomerados secundarios romanos en Galicia*, Brigantium 13, A Coruña.
- Pérez Rodríguez, F. J. (2015): *La villa de Monterrey y su tierra (siglos X-XIX)*. Ed. Universidade de Vigo.
- Pérez Rodríguez, F. J., Vaquero Díaz, Mª B. (2010): *Colección documental del Archivo de la Catedral de Ourense, I (888-1230)*. Centro de Estudios e Investigación «San Isidoro»-Caja España de Inversiones-Archivo Histórico Diocesano, León.
- Rey, P. (1998): Cerámica castrexa decorada, en X. E. Acuña (coord.): *Historia da Arte Galega I*, Ed. A Nosa Terra, Vigo, 225-240.
- Rivas Quintas, E. (1984). *Necrópolis de San Salvador da Roza (Medeiros)*. Editado polo autor, Ourense.
- Rúa Martínez, B. (2007). *Guía arqueolóxica do Alto Támega*. Editado polo autor, Ourense.
- Rodamilans Ramos, F. (2018): *Los legados pontificios en la Península Ibérica hasta Inocencio III: génesis y evolución de una institución*. Tesis doctoral inédita, Universidad Complutense de Madrid.
- Rodríguez Álvarez, L., Comendador Rey, B., (2022). Modelos de ocupación en el valle del río Támega transfronterizo en la prehistoria reciente: el caso de A Ceada das Chás/Castelo de Lobarzán (Oimbra/Monterrei), en: M. de J. Sanches, M. H. Barbosa, J. de Castro Teixeira (coords): *Romper Fronteiras, Atravessar Territórios. Breaking Borders, Crossing Territories*, CITCEM, Centro de Investigação Transdisciplinar Cultura, Espaço e Memória, Porto281-306.

Rodríguez Álvarez, L., Comendador Rey, B., Cubas Morera, M. (2021): Materiales prehistóricos de A Ceadas das Chas/ Castelo de Lobarzán: una aproximación desde el conjunto cerámico y sus patrones decorativos, *Sautuola* 26, 41-64.

Rodríguez Colmenero, A. (1971): *Del Bronce Inicial a la romanización en la Comarca de Alto Búbal*. Memoria de Licenciatura, Universidade de Valladolid.

Rodríguez Colmenero, A. (1977): *Galicia Meridional Romana*. Universidade de Deusto.

Rodríguez Colmenero, A. (1983): *Castro de Saceda. Memoria de excavación 1983*. Memoria inédita depositada no Servizo de Arqueoloxía da Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

Rodríguez Colmenero, A., López Quiroga, J. (1991): A necrópole de Medeiros, Monterrei, Ourense, *Larouco* 1, 179-191.

Rodríguez González, X. (2000): Phalera de San Millao, *Peza do Mes do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense (Outubro)*, Ourense.

Rodríguez González, X., Fariña Busto, F. (1986): A Cidá do Castro de San Millán. Memorias de las excavaciones arqueológicas, *Boletín Auriense* XVI, 39-89.

Rodríguez Muñiz, V. (2017): *Investigación arqueolóxica e histórica sobre as orixes do Concello de Oímbra*. Informe da excavación, DXPC da Xunta de Galicia. [www.oimbra.gal/orixe]

Rodríguez Muñiz, V., Comendador Rey, B. (2021): Una fortificación en el alto valle del río Támega (Ourense): a Ceadas das Chás/ Castelo de Lobarzán, *Cuadiernu* 9, 35-68.

Rodríguez Nóvoa, A. A. (2020): *Yacimientos castrexos de la cuenca del Miño: análisis de la cerámica indígena*. Tese Doutoral inédita. Universidade de Santiago de Compostela.

Rodríguez Nóvoa, A. A., Valle Abad, P., Fernández Fernández, A. (2022). Contextos estratigráficos y materiales medievales del castillo de San Salvador de Todea (Allariz, Ourense), *Nailos* 8, 154-181.

Rodríguez Nóvoa, A. A., Fernández Fernández, A., Valle Abad, P., Pérez Rodríguez, F. J. (2022): Origen, evolución y desarrollo de un castillo medieval del interior de Galicia. El caso del castillo roquero de San Salvador de Todea (Allariz, Ourense), *Munibe* 73, 205-228 / <https://doi.org/10.21630/maa.2022.73.06>

Ruibal, A. (2005): El Castro de Saceda y la jerarquización territorial de la Segunda Edad del Hierro, *Zephyrus* 58, 267-284.

Ruibal, A. (2006-2007): *Galaicos. Poder y Comunidad en el Noroeste de la Península Ibérica (1200 a.C.-50 d.C.)*. Brigantium, Boletín do Museo Arqueolóxico e Histórico de A Coruña. A Coruña.

Ruibal, A. (2008): A cultura castrexa: o estado da investigación en Galicia, en F. Infante, P. Varela (coords.): *A cultura castrexa: accións e estratexias para o seu aproveitamento: actas do seminario final, Mondariz Balneario, 22 e 23 de xuño de 2006*, Santiago de Compostela, 13-29.

Sánchez Belda, L. (1953): *Documentos reales de la Edad Media referentes a Galicia*. Dirección General de Archivos y Bibliotecas, Madrid.


Sánchez Pardo, J. C. (2010): Poblamiento rural tardorromano y altomedieval en Galicia (ss. V-X). Una revisión arqueológica, *Archeologia Medievale* XXXVII, 285-306.

Sánchez Pardo, J. C.; Blanco-Rotea, R.; Sanjurjo-Sánchez, J.; González-García, A.C. (2018): Cronotipología y datación absoluta de iglesias altomedievales en Galicia. Primeros resultados del proyecto emchahe, *Hortus Artium Mediaevalium* 24, 90-105.

Souto Cabo, J. A. (2009): A propósito da «charte presque célèbre» de Quiza Gonteríquiz, *Verba: Anuario galego de filoloxia* 36, 215-254.

Taboada Chivite, X. (1951): Verín y otros pueblos al señorío de Monterrey, *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Ourense*, T. XIX, Fasc. I-IV nº 17, 45-51.

- Taboada Chivite, X. (1955): La ubicación del Forum Bibalorum, en: *Actas del III Congreso Nacional de Arqueología de Galicia*, Zaragoza, 476-480.
- Taboada Chivite, X. (1956): A Alta Idade Media na Região superior do Tâmega, *Revista de Guimaraes* vol. LX, 75-89.
- Taboada Chivite, X. (1968): Excavaciones en la Muradella (Murazos, Verín), *Noticiario de Arqueología Hispánica* T. X-XII, 190-207.
- Taboada Chivite, X. (1970): Los Tamagani y su romanización, en: *XI Congreso Nacional de Arqueología de Mérida de 1968*, Zaragoza, 677-684.
- Taboada Chivite, X. (1976): Algúns numismas da terra Tamagá e Límica, *BAur* VI, 17-24.
- Taboada Sanz, A. (2020): *Iglesias y Ermitas de la Villa de Verín*. Edición do autor, Verín.
- Teira, A. (2010): Tierra, metal y semillas. Consideraciones de la agricultura de la Edad del Hierro en Galicia, en A.M.S., Bettencourt, M. I. Caetano, S. Monteiro-Rodrigues (eds.): *Variações paleoambientais e evolução antrópica no quaternário do ocidente peninsular*, Braga, 133-148.
- Tranoy, A. (1981): *La Galice Romaine, Recherches sur le nord-ouest de la péninsule ibérique dans l'Antiquité*. Difussion Brossard, Paris.
- Valle Abad, P. (2017): Levantamiento fotogramétrico de los sepulcros medievales de la necrópolis de Medeiros (Monterrei, Ourense), en: *Los tiempos cambian, de la piedra al teclado. X Jornadas de jóvenes en investigación arqueológica JIA 2017 (Burgos, 7-10 de junio de 2017)*, Asociación de Historia y Arqueología de Burgos, 533-539.
- Valle Abad, P. (2018): La necrópolis medieval de la capilla de San Salvador das Rozas, en J. López Quiroga (coord.): *In tempore sueborum: el tiempo de los suevos en la Gallaecia (411-585), el primer reino medieval de Occidente*, Ourense, Deputación Provincial de Ourense, 443-446.
- Valle Abad, P., Sánchez Sanz, C. (2017): *Intervención arqueolóxica, documentación fotogramétrica e dinamización cultural da Necrópole de Medeiros (Monterrei, Ourense). Memoria interpretativa*. Memoria depositada na DXPC, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.
- Vaquero Díaz, M^a, B. (2004): *Colección diplomática do mosteiro de San Salvador de Celanova (ss. XIII- XV)*, 4 tomos. Ed. Concello de Celanova-Universidade de Vigo.
- Vaquero Díaz, M^a. B., Pérez Rodríguez, F. J., (2010): *Colección documental del Archivo de la Catedral de Ourense (800-1300)*. Centro de Estudios e Investigación San Isidoro, Archivo Histórico Diocesano, 2 vols., León.
- Vázquez Mato, M.X. (2015): O castro de A Cidá da Saceda, un proxecto reactivado, *Larouco* 6, 15-24.
- Vázquez Mato, M.X. (2017): Tenaces do Castro da Saceda, *Peza do Mes do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense (Abril)*, MAPOu, Ourense.
- Vázquez Mato, M.X. (2019): *Castro de San Millao, Cualedro (Ourense). Campaña de 2018*. Memoria depositada na DXPC, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.
- Vázquez Mato, M.X. (2021): O castro de Saceda. Historiografía, caracterización e cronoloxía, *Rai-game* 45, 93-101.
- Xusto Rodríguez, M. (1992): La concepción territorial en la cultura castreña de Galicia, *Revista de Arqueología* 137, 28-37.
- Xusto Rodríguez, M. (1993): *Informe Valorativo sobre as sondaxes arqueolóxicas nos solares nº 21, 23 e 25 da rúa Maior de Verín (Ourense)*, Informe inédito depositado na DXPC, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.



Monografías

Serie humanidades e
ciencias xurídico-sociais

Últimas publicacións na colección

Ferramentas da análise económica.

Unha introducción (2024)

Raquel Fernández González, Marcos I. Pérez Pérez
e María Dolores Garza Gil

*Nápoles en la literatura española de los siglos XVI y
XVII. Textos literarios, ambiente cultural e intercambios
intelectuales en el virreinato partenopeo* (2024)

Manuel A. Candelas Colodrón

*A arte contemporánea e o traballo por proxectos. Propostas
dende a docencia* (2023)

Silvia García González

*Da indireccionalidade á retrans. Análise das
características lingüísticas asociadas
á imaxe estereotipada do falante galego* (2023)

Mercedes González Vázquez

Análisis de políticas públicas: Enfoques y metodologías
(2023)

Xosé M.^a Mahou Lago & Victoria Canoura Leira



Arqueoloxía, Prehistoria e Historia nas terras de Monterrei, Ourense

Avance de resultados dos traballos de investigación, 2013-2022

Esta publicación, homenaxe ó profesor Antonio Rodríguez Colmenero, nace ao abeiro das Xornadas de Prehistoria, Arqueoloxía e Historia nas Terras de Monterrei, celebradas entre o 23 e o 25 de setembro de 2021. O traballo feito por este e outros investigadores durante boa parte do século XX foi o xerme que fixo que a comarca de Monterrei sexa nos últimos anos un dos focos principais das actividades arqueolóxicas na provincia de Ourense. A interese dos concellos de Monterrei polo seu patrimonio arqueolóxico é facilmente medible se botamos unha simple ollada ás cifras de proxectos arqueolóxicos desenvolvidos nos últimos anos dando así continuidade os traballos dos pioneiros no século XX.

Este libro aglutina unha boa parte da investigación arqueohistórica levada a cabo na comarca de Monterrei durante a última década. Son seis capítulos con datos novidosos e inéditos que van dende a Prehistoria recente ata a Baixa Idade Media. O longo desta obra colectiva o lector/a darase conta rapidamente que a investigación histórica e arqueolóxica é a única maneira de romper co silencio do pasado. Os xacementos arqueolóxicos que aparecen neste traballo como A Saceda, Muro de Búbal, San Millao, Medeiros, Lobarzán, Mixós, Verín e moitos outros, cobran agora vida funcionando como transmisores do pasado da comarca grazas á investigacións que os rescatan do seu ostracismo histórico.

Servizo de Publicacións

Universidade de Vigo

